

**TRIBUNAL GALEGO DE
DEFENSA DA COMPETENCIA**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES
2007**

Santiago de Compostela

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	5
2. INTRODUCCIÓN.....	9
3. OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA.....	13
4. O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA (TGDC).....	15
4.1. Membros do TGDC	15
4.2. Presuposto do TGDC	17
4.3. Reunións do Pleno do TGDC	17
5. FUNCIONES DO TGDC	19
5.1. Funcións resolutoria e sancionadora	19
5.2. Funcións consultivas e de arbitraje	21
5.3. Funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia	23
6. PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC	25
7. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO TGDC NO ANO 2007	27
7.1. Resolver expedientes	28
7.2. Realizar informes e funcións consultivas.....	34
7.3. Estimular a actuación de oficio do SGDC	43

7.4. Elaborar unha guía que clarifique o enfoque seguido polo TGDC na selección dos mercados galegos a analizar dende a perspectiva da competencia	44
7.5. Afondar no coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia	45
7.6. Promover o coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia...	51
7.7. Manter e fortalecer as relacións institucionais do TGDC	55
8. OBXECTIVOS DO TGDC PARA O ANO 2008	63
ANEXO I: Resolucións adoptadas polo TGDC en 2007	65
ANEXO II: Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia	153

1. PRESENTACIÓN

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que creou as institucións galegas de defensa da competencia, introduciu no seu artigo 3.3.j), a obriga, para o Tribunal Galego de Defensa da Competencias (TGDC), de elaborar unha memoria anual, así como que o seu presidente comparecera anualmente ante a Comisión 3ª do Parlamento Galego, encargada dos asuntos de Economía, Facenda e Orzamentos, para presentala antes do 30 de xuño de cada ano, coa finalidade de que puidera dar “conta das actividades do tribunal no exercicio anterior e dos seus obxectivos para o seguinte” [artigo 6.1.f)].

Esta práctica, que neste ano ten lugar por terceira vez, ten un valor fundamental: visualiza o compromiso do Parlamento Galego cos valores que representa a competencia, e destaca a súa importancia para o desenvolvemento económico de Galicia, estreitamente unido ao mantemento de niveis axeitados de competencia efectiva nos seus mercados.

É de interese sinalar neste momento que a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en adiante LDC ou Lei 15/2007), recentemente aprobada polas Cortes Xerais, prevé como novidade un trámite semellante para a nova institución que crea, a *Comisión Nacional de la Competencia* (CNC) ¹, que é o órgano que no ámbito da Administración Xeral do Estado ten como finalidade velar polos mesmos obxectivos que o TGDC.

A aprobación polas Cortes Xerais da nova lei reguladora da defensa da competencia en España constitúe, sen dúbida, un dos importantes cambios producidos no ano 2007, que ten notable transcendencia no contido e funcionamentos dos órganos autonómicos de defensa da competencia, que son mencionados explicitamente nela e

¹ Artigo 28. Control parlamentario da Comisión Nacional da Competencia.

aos que se atribúen novas funcións, algunha das cales xa estaban recollidas, cando menos en parte, pola norma galega, que co paso do tempo pon en evidencia a súa visión de futuro.

A presente Memoria, aprobada polo Pleno do TGDC na súa sesión do 30 de maio de 2007, trata de responder, un ano máis, ao pretendido polo Lexislador galego, expoñendo as actividades desenvolvidas polo TGDC no 2007 e os obxectivos para o ano 2008, amosando as fortalezas e debilidades do modelo institucional vixente para afrontar os retos do futuro.

Membros do Pleno do TGDC.

Presidente:

D. José Antonio Varela González.
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Vogais:

D. Fernando Varela Carid (Vogal).
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

D. Alfonso Vez Pazos (Vogal).
(Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Actúa como Secretario:

D. José Antonio Rodríguez Miguez.
(Con data de 7 de abril de 2005, o Pleno do Tribunal Galego de
Defensa da Competencia acordou nomear secretario do Pleno ao
secretario xeral do TGDC).

2. INTRODUCCIÓN

Galicia foi unha das Comunidades Autónomas pioneiras na creación de órganos autonómicos de defensa da competencia, tras ditar o Tribunal Constitucional a súa Sentenza 208/1999, do 11 de novembro, que lles recoñecía a posibilidade de asumir funcións executivas na materia de defensa da competencia, e crear, nos seus respectivos ámbitos territoriais, órganos especializados para garantir a existencia neles dunha competencia efectiva no mercado.

Foi a Lei 6/2004, de 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a que, seguindo o modelo institucional da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, procedeu á creación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), como órgano fundamentalmente resolutorio, e o Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), como órgano encargado de tarefas de instrución e apoio ao TGDC no exercicio das súas funcións.

Ao abeiro desta norma, e tras o nomeamento e toma de posesión dos seus membros, o presidente e os dous vogais, o TGDC comezou as súas actividades o 1 de xaneiro de 2005. Desde entón, o TGDC dedica todos os seus esforzos a tratar de conseguir o obxectivo básico de garantir un nivel alto de competencia efectiva nos mercados galegos, o que redundará nun maior desenvolvemento económico de Galicia.

No ano 2007 aconteceu un importante cambio normativo a nivel do Estado, xa que as Cortes Xerais aprobaron a nova norma marco da defensa da competencia en España, a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. A elaboración desta lei contou coa participación activa do TGDC, que remitiu diversas observacións aos documentos preparatorios do texto finalmente aprobado. Neste punto

cómpre sinalar que a nova LDC, de aplicación xeral en todo o Estado polo seu carácter de norma básica, incorpora algunhas cuestións que xa aparecían recoñecidas na Lei galega do 2004².

A nova LDC, que entrou en vigor o 1 de setembro de 2007, realiza un recoñecemento expreso da realidade autonómica española e da existencia de autoridades autonómicas de defensa da competencia, cuxo número incrementouse ao longo do 2007; tamén dota de novas competencias aos órganos autonómicos de defensa da competencia, tal e como se expón na presente memoria.

De acordo coa normativa vixente, as funcións do TGDC son as tres seguintes:

- a. Represión e sanción das condutas prohibidas polas normas de defensa da competencia.
- b. Elaboración de informes sobre materias relacionadas coa defensa da competencia.
- c. Promoción e difusión dos méritos da competencia na sociedade galega.

Durante o ano 2007, o TGDC non só avanzou no cumprimento desas funcións, senón que continuou e mesmo intensificou o enfoque proactivo da súa actuación, tal e como recomendan as institucións comunitarias, tanto no campo dos estudos sobre a situación da competencia en Galicia, a promoción na sociedade dos méritos e vantaxes da competencia, e a detección e sanción daquelas condutas que poñan en perigo a competencia efectiva nos mercados galegos.

² Presentación da Memoria de Actividades en sede parlamentaria e elaboración dun informe similar ao que prevé a normativa galega sobre a situación da competencia.

Neste sentido, cómpre salientar a Resolución sancionadora S1/2007 (Autoescolas de Vigo), ditada polo Tribunal o 27 de decembro de 2007, primeira que contén unha sanción efectiva. Esa Resolución ditouse, como é preceptivo, unha vez concluída a instrución por parte do SGDC e elaborado o seu correspondente informe–proposta.

No eido da emisión de informes débese destacar o notable incremento do número de proxectos normativos remitidos a informe ao TGDC, de expedientes elevados ao TGDC polo SGDC (derivado da reforma normativa que traslada a decisión de arquivo ao TGDC), así como de solicitudes de informes sobre grandes establecementos comerciais.

Como xa se ten dito, coa nova norma, os órganos propios de defensa da competencia das Comunidades Autónomas poderán asumir un maior papel para garantir o funcionamento competitivo dos mercados. A asunción das novas tarefas contribuirá, sen dúbida, a trasladar á sociedade galega a importancia do labor que estes órganos desenvolven.

Na mesma liña, o TGDC continuou o seu esforzo 2007 por involucrar a Administración na tarefa de amparar a competencia. Non debemos deixar de destacar a incoherencia que suporía que, as propias Administracións Públicas permitiran, ou mesmo favoreceran, condutas ou prácticas anticompetitivas ao mesmo tempo que se dedica esforzos e recursos á promoción pública dos valores da competencia

O Tribunal tamén prestou especial atención ás relacións institucionais, especialmente coas autoridades de defensa da competencia da Administración Xeral do Estado e das demais

Comunidades Autónomas, coas que colaborou dun xeito claro e franco.

Para o 2008, o TGDC ten diante de si importantes retos vinculados á adaptación da súa estrutura e funcionamento ao novo marco normativo, e o incremento da súa actividade para promover as vantaxes da competencia na sociedade galega.

A presente memoria describe en primeiro lugar os órganos galegos de defensa da competencia, con particular atención ao propio TGDC, ás súas funcións e aos principios que guían a súa actuación, destacando as novidades que derivan do novo marco normativo. A continuación, indícanse os obxectivos que guiaron a súa actividade no 2007, así como as actividades desenvolvidas para acadalos. A memoria conclúe cun apartado onde se describen os obxectivos do Tribunal para o ano 2008.

3. OS ÓRGANOS GALEGOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Galicia presenta a singularidade de ter sido a primeira Comunidade Autónoma que desenvolveu por lei tanto a creación dos órganos de defensa da competencia como a súa regulación básica. Seguindo o modelo institucional que se recollía na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, estableceu un esquema institucional formado por dous organismos: o Tribunal Galego de Defensa da Competencia e o Servizo Galego de Defensa da Competencia. Este esquema dual foi asumido por varias Comunidades Autónomas que, de maneira sucesiva, se incorporaron ao sistema español de defensa da competencia, mediante a creación de órganos propios: Cataluña, País Vasco, Extremadura, Aragón, Castela e León. Outras Comunidades optaron por un esquema con un único organismo: Comunidade Autónoma de Madrid e Andalucía; mentres que, finalmente, outras estableceron unicamente o órgano instructor: Valencia e Murcia. Nalgunhas das Comunidades Autónomas que aínda non dispoñen destes órganos estanse a desenvolver traballos para a súa posible implantación.

O TGDC foi creado en 2004, como un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias³. Pola súa banda, o Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC) foi integrado na estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda, con rango de subdirección xeral, dependente da Secretaría Xeral e do Patrimonio.

³ Artigo 1.1. da Lei 6/2004, do 12 de xullo.

Fronte ao modelo dual do esquema estatal anterior, e tamén galego, a Lei 15/2007, do 3 de xullo, optou pola creación dunha única institución, a *Comisión Nacional de la Competencia* (CNC), configurada como organismo público dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (LOFAXE)⁴, que integra dous órganos, o Consello e a Dirección de Investigación, que verían a se corresponder cos antigos *Tribunal de Defensa de la Competencia* (TDC) e o *Servicio de Defensa de la Competencia* (SDC).

Constitúe unha cuestión que deberá ser obxecto de reflexión a oportunidade de homoxeneizar o sistema dos diferentes órganos de defensa da competencia autonómicos para aproximarse ao modelo da Administración Xeral do Estado. Na actualidade este proceso xa se iniciou en algunha Comunidade Autónoma.

⁴ Deste xeito, a CNC dótase da mesma autonomía funcional que a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), o Consello de Seguridade Nuclear (CSN) ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).

4. O TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

A Lei 6/2004, do 12 de xullo, configura ao TGDC como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propios, con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias. O TGDC está integrado organicamente polo Pleno, formado por tres membros: o presidente e dous vogais, coa condición de altos cargos. Trátase dun órgano colexiado ao que asiste un secretario.

A xestión básica do Tribunal corresponde ao presidente, asistido polo secretario xeral e o resto do persoal administrativo do mesmo. O secretario xeral do TGDC desenvolve tamén, por acordo do Pleno, a función de secretario do Pleno.

O presidente e os vogais do TGDC foron nomeados polo Consello da Xunta de Galicia. O seu nomeamento ten unha duración de cinco anos, renovable unha soa vez. O presidente e os vogais exercen as súas funcións con dedicación absoluta.

Trala aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para a elección do presidente, o Consello da Xunta de Galicia porá en coñecemento do Parlamento de Galicia, con carácter previo, o nome da persoa proposta, co fin de que poida dispor a súa comparecencia ante a comisión correspondente da Cámara⁵.

4.1. Membros do TGDC

O cadro de persoal do TGDC durante o ano 2007 non experimentou cambio algún respecto do que dispoñía no 2006. O

⁵ Artigo 16, da Lei 4/2006.

TGDC está integrado por 8 persoas: tres membros do Pleno, coa consideración de altos cargos; un secretario xeral (Grupo A), que actúa tamén como secretario do Pleno; dúas secretarías (Grupo C), para o presidente e os vogais; un habilitado (Grupo C); e unha ordenanza (Grupo E). En relación a outros organismos semellantes bótase en falta a existencia de técnicos especializados en defensa da competencia, tanto na área xurídica como na económica.

Na actualidade as persoas que desenvolven as súas tarefas no TGDC son as seguintes:

José Antonio Varela González.

Presidente. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Fernando Varela Carid.

Vogal. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

Alfonso Vez Pazos.

Vogal. (Decreto 277/2004, do 25 de novembro).

José Antonio Rodríguez Miguez.

Secretario Xeral e Secretario do Pleno

(Comisión de servizos dende o 1 de abril de 2005. Foi nomeado polo procedemento de libre designación o día 25 de xaneiro de 2006).

(Con data de 7 de abril de 2005, o Pleno do TGDC acordou nomear secretario do Pleno ao secretario xeral do TGDC).

M^a Tareixa de Dios González.

Secretaria.

(Incorporación ao TGDC o día 16 de decembro de 2005)

Ana Isabel Canabal Lázara.

Secretaria.

(Incorporación ao TGDC o día 29 de decembro de 2005).

José Juan Lorenzo Salgado.

Habilitado.

(Incorporación ao TGDC o día 16 de decembro de 2005).

Josefa Fernández Martínez.

Ordenanza.

(Incorporación ao TGDC o día 27 de xuño de 2005).

4.2. Presuposto do TGDC

Para o desenvolvemento do conxunto de actividades realizadas, o TGDC dispuxo no ano 2007 dun orzamento de 907.695 €. O capítulo 1 (gastos de persoal) ascendeu a 446.447 €; o capítulo 2 (gastos en bens correntes e servizos), a 341.248 €; o capítulo IV (transferencias correntes), a 30.000 €, e o capítulo 6 (investimentos reais), a 90.000 €. O TGDC executou o 79'2 % do orzamento total.

4.3. Reunións do Pleno do TGDC

Durante o ano 2007, o TGDC tivo 24 reunións de Pleno, nas que os seus membros trataron as cuestións relativas as súas competencias. As datas destas sesións foron as seguintes:

- Número 41: 16 de xaneiro de 2007.
- Número 42: 18 de xaneiro de 2007.
- Número 43: 25 de xaneiro de 2007.
- Número 44: 12 de febreiro de 2007.
- Número 45: 15 de febreiro de 2007.
- Número 46: 22 de febreiro de 2007.

- Número 47: 2 de marzo de 2007.
- Número 48: 12 de marzo de 2007.
- Número 49: 14 de marzo de 2007.
- Número 50: 22 de marzo de 2007.
- Número 51: 11 de abril de 2007.
- Número 52: 13 de abril de 2007:
- Número 53: 26 de abril de 2007.
- Número 54: 2 de maio de 2007.
- Número 55: 15 de maio de 2007.
- Número 56: 28 de maio de 2007.
- Número 57: 11 de xuño de 2007:
- Número 58: 28 de maio de 2007.
- Número 59: 30 de xullo de 2007.
- Número 60: 19 de setembro de 2007.
- Número 61: 4 de outubro de 2007.
- Número 62: 18 de outubro de 2007.
- Número 63: 8 de novembro de 2007.
- Número 64: 14 de novembro de 2007.
- Número 65: 18 e 20 de decembro de 2007.

5. FUNCIONES DO TGDC

As funcións do TGDC aparecen descritas no artigo 3 da Lei 6/2004, e complementáanse coas que se recollen no artigo 1 do Decreto 20/2005, de 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004. De acordo ao disposto en ambas normas, as funcións do TGDC poden dividirse en tres grandes grupos:

- Función resolutoria e sancionadora.
- Función consultivas e de arbitraje
- Función de promoción e difusión dos méritos da competencia (*Advocacy*)

Asemade, e en virtude do disposto no parágrafo final do artigo 3.4 da Lei 6/2004, correspóndelle, “asumir todas aquelas competencias que lle atribúa a lexislación aplicable en materia de defensa da competencia.”

No ano 2007, o TGDC elaborou un informe sobre as repercusións legais e financeiras da nova Lei 15/2007, de defensa da Competencia, ao que se remite ó lector para unha análise detida deses aspectos. O seu título é: “Informe sobre repercusións legais, funcionais e organizativas da nova lei de defensa da competencia sobre os órganos de defensa da competencia de Galicia, con especial referencia ao TGDC” e está dispoñible na páxina web do Tribunal.

5.1. Función resolutoria e sancionadora

O TGDC ten como primeira función resolver os procedementos sancionadores que afecten ás condutas contrarias á competencia que se contemplan na Lei 16/1989, de defensa da competencia (LDC) nos seus artigos 1, 6 e 7, sempre que teñan efectos soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Tras a aprobación da nova Lei

15/2007, os citados preceptos, con algunha modificación no seu contido, correspóndense cos artigos 1, 2 e 3 do novo corpo legal.

As condutas contrarias á competencia consideradas son: (a) acordos colusorios; (b) abuso de posición dominante; e (c) falseamento da libre competencia por actos desleais.

A nova LDC, ademais de aclarar e simplificar os diferentes tipos de infraccións, introduce diversas modificacións, das cales as máis salientables son as seguintes:

1. Desaparición do sistema de autorizacións singulares, ó instaurarse o de exención legal (artigo 1.3 LDC), implantado na Unión Europea

A desaparición destas autorizacións singulares constitúe unha das novidades máis importantes que incorpora o novo texto da Lei de Defensa da Competencia. Con esta supresión o modelo español asimílase ao comunitario, substituíndo o control previo por un control *a posteriori*, de xeito que dende a entrada en vigor da Lei 15/2007 son os propios operadores económicos os que teñen que axuizar se a súa conduta pode limitar, ou non, a competencia.

2. Eliminación da referencia ao abuso de dependencia económica na regulación do abuso de posición dominante.

3. Simplificación da regulación dos supostos de competencia desleal con relevancia na defensa da competencia (artigo 3 LDC).

4. Aclaración dos efectos da exención legal, por condutas derivadas da aplicación dunha norma con rango de lei (artigo 4 LDC).

5. Por último, a nova Lei sinala que as prohibicións recollidas nos artigos 1 a 3 non se aplicarán ás condutas que pola súa escasa importancia non sexan capaces de afectar significativamente á competencia.

5.2. Funcións consultivas e de arbitraje

Segundo se recolle no punto 3 do artigo 3 da Lei 6/2004, de 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais da elaboración da memoria anual e do informe sobre a situación da competencia en Galicia, o TGDC ten as seguintes competencias consultivas, de emisión de informes e de arbitraje:

a. Emitir informe, preceptivamente, sobre os proxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, este texto legal, así como os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.

b. Emitir informe nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando así o solicite o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado.

c. Enviarlle ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado a información que lle poida solicitar no marco do procedemento de control de concentracións regulado na Lei de defensa da competencia.

d. Solicitar comparecer como parte interesada nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando o

proxecto ou a operación afecte empresas radicadas ou con establecementos abertos no territorio da Comunidade galega.

e. Emitir, por requirimento do Servizo de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado, o informe preceptivo, non vinculante, en relación con aquelas condutas que, afectando un ámbito supraautonómico ou ó conxunto do mercado español incidan, de forma significativa, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

f. Emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

g. Realizar as funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, que lle encomenden as leis.

h. Elaborar o informe que, por pedimento do órgano xudicial competente, prevé o artigo 13 da Lei de defensa da competencia sobre as eventuais indemnizacións de danos e perdas derivadas das condutas previstas nos artigos 1, 6 e 7 da mencionada lei, cando os procedementos que teñan por obxecto tales condutas prohibidas lle correspondesen á Comunidade Autónoma de Galicia.

i. Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia, sen prexuízo das competencias que nesta materia lle corresponden ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado e á Comisión Europea. Para estes efectos, o concepto de axuda pública será o que define o artigo 19.2 da Lei de defensa da competencia.

Nesta materia aprécianse tamén interesantes cambios na nova LDC, que de xeito resumido se expoñen máis adiante, e que esixirán unha interpretación a luz do previsto na Lei galega 6/2004.

5.3. Funcións de promoción e difusión na sociedade dos méritos da competencia

Para potenciar a actividade do TGDC, o Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia⁶ incorpora no seu artigo 1 a posibilidade de que o TGDC:

- a. lle comunique ao SGDC aquelas actividades das que teña coñecemento que poidan dar lugar á instrución dun expediente por condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004,
- b. promova a realización de estudos en materia de competencia,
- c. difunda na sociedade os beneficios que comporta a libre competencia.

Estas tres funcións responden claramente ao impulso proactivo que este organismo quere imprimir a súas actuacións, xa que responden ás suxestións efectuadas polo mesmo.

⁶ DOG nº. 32, do 16 de febreiro de 2005, p. 2.639.

6. PRINCIPIOS GUÍA DO TGDC

Os membros do TGDC comparten e asumen un conxunto de principios guía, que orientan a súa actividade. A experiencia do TGDC reafirma a importancia deses principios e da necesidade de afianzar o seu cumprimento. Son os seguintes:

- a. Actuación independente.
- b. Excelencia profesional.
- c. Transparencia.
- d. Respecto dos principios éticos que deben guiar a actuación dos servidores públicos.
- e. Atención ao público coa máxima cortesía e rapidez.
- f. Traballo en equipo.
- g. Cooperación con outros organismos da Administración.

Como xa se indicou en memorias anteriores, no punto relativo á transparencia débense salientar as particularidades do TGDC, que fan que teña o deber de garantir a confidencialidade da información que se pode conter nos expedientes. Neste sentido o artigo 21 da Lei 6/2004, de 12 de xullo, sinala que todas as persoas que tomen parte na tramitación dos expedientes previstos nesta lei están obrigadas a gardaren segredo. Este aspecto singular do TGDC debe ser destacado dun xeito especial.

7. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO TGDC NO ANO 2007

Para o ano 2007 o TGDC fixara como obxectivos os sete seguintes:

a. Dar resolución axeitada e rápida aos expedientes relativos a condutas anticompetitivas que teñan entrada no Tribunal.

b. Realizar puntualmente os informes e funcións consultivas que lle corresponden ou lle sexan solicitados.

c. Estimular a actuación de oficio do SGDC, dándolle conta da información recollida sobre condutas potencialmente anticompetitivas ou limitadoras da competencia, xa que se pode supor que moitas das prácticas ilícitas que ocorren nos mercados non son denunciadas, sexa por interese, por temor ou por outros motivos. Por iso, na procura de mercados máis competitivos, é importante que o SGDC asuma un enfoque proactivo, con actuacións de oficio.

d. Elaborar unha guía que clarifique o enfoque seguido polo TGDC na selección dos mercados galegos a analizar dende a perspectiva da competencia.

e. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de sete estudos e avaliacións.

f. Promover o coñecemento dos axentes económicos, e da cidadanía en xeral, dos beneficios da libre competencia mantendo actualizada a súa páxina web e realizando un *mail* informativo e detallado sobre os acordos entre empresas, práctica que constitúe un dos ilícitos competitivos máis graves.

g. Manter e mesmo fortalecer as relacións institucionais do TGDC tanto no ámbito galego como en outras áreas que podan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e cos demais tribunais autonómicos.

As actividades do TGDC no ano 2007 estiveron orientadas a lograr os obxectivos fixados para ese ano. No desenvolvemento das mesmas o TGDC asumiu, cando era posible, unha actitude proactiva.

7.1. Resolver expedientes

O primeiro obxectivo do TGDC era resolver dun xeito adecuado e rápido os expedientes relativos a condutas anticompetitivas que tiveran entrada no mesmo.

O modelo de dúas autoridades –Tribunal e Servizo– que se recolle na Lei 6/2004, do 12 de xullo, encomenda a instrución dos expedientes ao SGDC e a resolución ao TGDC. Este esquema implica, necesariamente, que ao TGDC só cheguen os expedientes tras ser instruídos polo SGDC. Por isto é relevante coñecer o número de expedientes instruídos polo SGDC.

No ano 2007 no SGDC tiveron entrada 11 expedientes, 9 máis que no ano 2005, no que iniciou a súa actividade, aínda que este número é inferior ao de 2006, no que tiveron entrada 20 expedientes, se ben destes 9 corresponderon a autorizacións singulares, que xa non requiren dunha autorización.

Táboa 1. Expedientes instruídos polo SGDC

	2005	2006	2007
Denuncias	2	11	11
Autorizacións singulares de rexistros de morosos	0	8	- ^a
Autorizacións singulares non de rexistros de morosos	0	1	- ^b

^a Dende 2006 réxense pola súa propia exención de categorías en virtude do Real Decreto 602/2006, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de exención de determinadas categorías de acordos de intercambio de información sobre morosidade.

^b A nova LDC eliminou a necesidade de solicitar autorizacións singulares.

Para a resolución dos expedientes, a Lei 6/2004, do 12 de xullo, non contempla regras de procedemento, polo que son de aplicación as recollidas na lexislación estatal. Porén, o cambio de normativa estatal obriga a atender, en primeiro lugar, ao dereito transitorio, para determinar cales normas resultan aplicables aos expedientes: as contidas na Lei 16/1989 ou as recollidas na nova Lei 15/2007.

A este respecto cómpre acudir a Disposición transitoria primeira da Lei 15/2007, na que se establecen as seguintes regras:

- “1. Os procedementos sancionadores en materia de condutas prohibidas incoados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse segundo as disposicións vixentes no momento do seu inicio. En todo caso entenderanse caducadas as solicitudes presentadas en aplicación do artigo 4 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*
- 2. Os procedementos de control de concentracións iniciados antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse segundo as disposicións vixentes no momento do seu inicio.*
- 3. Na tramitación dos procedementos indicados nos puntos anteriores, as referencias ao Tribunal de Defensa da*

Competencia e ao Servizo de Defensa da Competencia entenderanse realizadas, respectivamente, ao Consello da Comisión Nacional da Competencia e á Dirección de Investigación.”

A Táboa 2 recolle a evolución do número das resolucións correspondentes a Galicia, tanto as feitas polo TDC anteriores á creación do TGDC como polo propio TGDC.

Táboa 2. Resolucións dos Tribunais de defensa da competencia con impacto específico en Galicia

	2003	2004	2005	2006	2007
Sancionadoras	2	1	1	2	2*
Recursos sobre actos do SGDC (ou do SDC)	1	4	1	4	4

* Un expediente é do TDC.

7.1.1. Expedientes resoltos ao abeiro da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

No modelo da Lei 16/1989, o TGDC ten a competencia de resolver respecto das propostas de sanción efectuadas polo SGDC ou, en vía de recurso, sobre os actos e acordos adoptados por este Servizo. No novo reparto de tarefas efectuado pola LDC, os arquivos pasan a ser competencia do propio TGDC, limitándose o contido dos recursos para dar máis axilidade aos procedementos.

A. Expedientes sancionadores

No 2007, e trala correspondente instrución no SGDC, o TGDC ditou a súa primeira resolución sancionadora.

- S 1/2007 (Autoescolas de Vigo). Resolución do 27 de decembro de 2007

Nesta resolución, o Pleno considerou acreditadas a comisión de dúas infraccións do artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. A primeira consistía nunha recomendación colectiva de prezos, da que foi declarada responsable a Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra, sendo sancionada cunha multa de 75.000 euros. A segunda trataba da fixación común de prezos por diversas autoescolas do sur da provincia de Pontevedra que examinan aos seus alumnos en Vigo, da que foron declarados responsables os seus titulares, aos que se lles impuxeron multas por un importe global de 518.000 euros.

B. Recursos contra actos do SGDC

Segundo o procedemento de recurso contra actos do SGDC, recollido nos artigos 47 e 48 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, os actos do SGDC que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar un procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, serán recorribles ante o TGDC no prazo de dez días.

O recurso presentarase ante o TGDC, que solicitará ao SGDC a remisión do correspondente expediente administrativo, co seu informe, no prazo de cinco días hábiles. No caso de que o TGDC aprecie que o recurso ten sido interposto fora de prazo, o rexeitará sen máis trámites.

No ano 2007, o TGDC examinou tres recursos contra actos do SGDC, concretamente contra acordos de arquivo, dos que un atópase pendente de resolución. Trátase dos expedientes:

– R 4/2006. (Perfumarías de Ourense). Resolto do 9 de marzo de 2007.

Neste primeiro expediente examinouse en vía de recurso o arquivo efectuado polo SGDC da denuncia presentada polo titular dun establecemento de perfumaría, ante a presunta negativa dun subministrador a proporcionarlle os seus produtos.

O Pleno estimou o recurso considerando que se debería afondar na instrución para verificar e analizar, no seu caso, o seu alcance.

– R 5/2007 (Venda Ambulante 2). Resolución do 14 de xuño de 2007.

Neste expediente analizábase tamén un recurso interposto contra o arquivo efectuado polo SGDC. O expediente centrábase na posible existencia dunha conduta contraria á competencia por actos de competencia desleal, derivada da presenza de vendedores ambulantes que non respectaban a normativa vixente para desenvolver tal tipo de venda en determinados concellos.

O Pleno estimou o recurso considerando que se debería afondar na instrución para verificar o alcance dos feitos denunciados.

C. Autorizacións singulares

Segundo a Lei 16/1989, o TGDC asumía tamén a competencia de conceder, ou denegar, as solicitudes de autorización singular que se presentaran no SGDC, respecto de condutas que pese a infrinxir a prohibición xeral do artigo 1.1 LDC, aportaran elementos positivos que xustifiquen a súa autorización.

Tras a entrada en vigor da lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, desaparecen estas autorizacións singulares, que xa desapareceran no ámbito europeo en virtude do Regulamento (CE) 1/2003, do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 y 82 CE⁷.

No ano 2007 o TGDC non examinou ningunha solicitude de autorización singular.

7.1.2. Expedientes resoltos ao abeiro da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Unha das novidades máis importantes da nova LDC é a de que a decisión de non iniciar un expediente e archivar as actuacións correspóndelle ao Consello da CNC (o Pleno do TGDC, no caso galego), reservando unicamente á Dirección de Investigación (o SGDC, no caso galego) a decisión de incoar o expediente.

A. Resolucións sobre propostas de non iniciar expediente dirixidas polo SGDC.

- RA 1/2007 (Transporte porto de Vigo): Resolución do 3 de decembro de 2007.

Neste expediente o TGDC examinou a proposta de arquivo do SGDC da denuncia presentada por unha Agrupación de Interese Económico contra unha empresa de transportes por presunta infracción da normativa de defensa da competencia, proposta que foi aceptada polo TGDC, xa que dos datos existentes no expediente non

⁷ DOUE L, 1, do 4.1.2003, p. 1.

era posible apreciar a existencia de indicios de práctica algunha contraria as normas da competencia. O asunto relacionábase cunha cuestión de natureza administrativa, susceptible de ser reconducida, no seu caso, á potestade sancionadora desenvolvida polos órganos da administración competentes en materia de transportes, razón pola que procedía acordar o arquivo solicitado.

- RA 2/2007 (Feiras de oportunidades). Resolución do 27 de decembro de 2007.

Neste expediente o TGDC examinou a proposta de arquivo de plano efectuada polo SGDC da denuncia presentada por un representante da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos de Galicia (ACAPAG) en relación a presuntas prácticas de competencia desleal na organización de mercadillos chamados “feiras de oportunidades” en varios concellos de Galicia (Boiro, Ribeira, A Estrada, Pontevedra, O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Cangas, Padrón, Tui e Negreira).

O TGDC decidiu non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas, ao non apreciar indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, e acordar o arquivo das actuacións iniciadas polo Servizo Galego de Defensa da Competencia.

7.2. Realizar informes e funcións consultivas

O segundo dos obxectivos fixados polo TGDC para 2007 ten que ver co cumprimento, dun xeito adecuado, das funcións que lle foron asignadas en materia consultiva e de emisión de informes.

Na medida en que o seu labor nesta materia está condicionado pola necesidade da previa petición polos órganos competentes para solicitalos, o TGDC tentou trasladar a ditos órganos a importancia das

cuestións relativas á competencia e a oportunidade que representa poder dispor dun asesoramento específico nesta materia. Trala entrada en vigor da nova LDC, esta función ten un valor engadido, ao recoñecerse ás autoridades de defensa da competencia autonómicas lexitimación, polo artigo 13.2 LDC, “para impugnar ante a xurisdición competente actos das administracións públicas autonómicas ou locais do seu territorio suxeitos ao dereito administrativo e disposicións xerais de rango inferior á lei dos cales deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.”

Durante o ano 2007, o TGDC realizou informes en dúas áreas principais: sobre proxectos normativos e sobre instalación de grandes establecementos comerciais.

Na Táboa 3 recóllese a evolución dos informes de ámbolos dous tipos realizados polo TGDC.

Táboa 3. Informes realizados polo TGDC

	2005	2006	2007
Informes sobre proxectos normativos	3	3	15
Informes sobre instalación de grandes establecementos comerciais	8 ⁸	3 ⁹	10

7.2.1. Emisión de informes sobre proxectos normativos

Nesta materia o labor do TGDC veuse notablemente incrementada, respecto da desenvolvida no 2005 e no 2006, o que permite a este organismo contribuír a que nos procesos de elaboración de disposicións xerais se teñan en conta os criterios de competencia. Aínda que, en principio, a realización destes informes está condicionada á previa solicitude, pode ser oportuno precisar que órganos da Administración, ou mesmo do eido económico e social,

⁸ No 2005 tiveron entrada 9 expedientes, dos que se resolveron no mesmo ano 8.

⁹ En 2006 resolveuse o expediente GEC 9/2006, que tivo a súa entrada en 2005.

poderían solicitar o concurso do TGDC, tal e como se prevé expresamente noutras normas autonómicas¹⁰.

Durante o 2007, ao TGDC foille requirido informe, pola Secretaría Xeral e do Patrimonio, da Consellería de Economía e Facenda, en 15 ocasións, respecto dos seguintes proxectos normativos.

a. Borrador do Proxecto de Lei de ordenación da minería de Galicia. Data de entrada: 22 de xaneiro de 2007. Informe 1/2007.

b. Proxecto de Decreto sobre regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia. Informe 2/2007.

c. Anteprojecto de Lei do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia. Informe 3/2007.

d. Anteprojecto de Lei galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero. Informe 4/2007.

e. Proxecto de Decreto polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia. Informe 5/2007.

f. Proxecto de Decreto polo que se regula a cualificación das empresas de inserción laboral, se establece o procedemento de acceso ás mesmas e se crea o seu rexistro administrativo. Informe 6/2007.

¹⁰ O artigo 5 da Lei 6/2004, do 28 de decembro, de Creación do Tribunal de Defensa da Competencia da Comunidade de Madrid, quen o seu apartado 1 establece que:

"1. El Tribunal de Defensa de la Competencia de la Comunidad de Madrid podrá ser consultado en materia de competencia por la Asamblea de Madrid, el Consejo de Gobierno de la Comunidad de Madrid, las distintas Consejerías, las Corporaciones Locales y las organizaciones empresariales, sindicales o de consumidores y usuarios".

g. Anteproxecto de Lei de creación da Axencia galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial. Informe 7/2007.

h. Anteproxecto de Lei de reutilización da información do sector público. Informe 8/2007.

i. Proxecto de Decreto polo que se establece un programa de apoio as iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT). Informe 9/2007.

j. Proxecto de Decreto polo que se crea o Observatorio do sector lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento. Informe 10/2007.

k. Proxecto de Decreto polo que se regula o réxime xurídico da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. Informe 11/2007.

l. Proxecto de Decreto polo que se crea o rexistro galego de instrucións previas. Informe 12/2007.

m. Proxecto de Decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de entidade colaboradora do Servizo público de Emprego de Galicia en captación de ofertas e creación do rexistro administrativo. Informe 13/2007.

n. Proxecto de Decreto polo que se regulan os termos da xestión do treito do Alto de Santo Domingo –Enlace de Cea, da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo–A 52. Informe 14/2007.

o. Proxecto de Decreto polo que se regulan as entidades que presten servizos de aconsellamento as explotacións agrícolas e forestais ou xestión ás explotacións agrícolas. Informe 15/2007.

7.2.2. Emisión de informes sobre a implantación de grandes establecementos comerciais

No que atinxe á emisión de informes sobre a implantación de grandes establecementos comerciais, o artigo 3 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, no seu punto terceiro, letra f), establece entre as competencias consultivas e de emisión de informes que corresponden ao TGDC a de “emitir informe con carácter non vinculante sobre a apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia”.

A orixe dos citados informes atópase no Decreto 341/1996, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais e se regula a implantación de grandes establecementos comerciais na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma introduciu un sistema de autorización en virtude do cal a apertura dun grande establecemento comercial¹¹ require da obtención dunha licenza comercial específica que outorgará a Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 7 do Decreto).

Nesta materia a actuación non só do TGDC, senón das autoridades competentes en materia de comercio (Consellería de Innovación e Industria), é reactiva, xa que os expedientes se inician a solicitude dos interesados, sendo o informe do TGDC, preceptivo pero non vinculante, como se recolle no artigo 3.3 f), da Lei 6/2004, do 12 de xullo.

¹¹ O Decreto 341/1996, do 13 de setembro, no seu artigo 6, sinala que “terán a consideración de grandes establecementos comerciais, para os efectos do disposto neste decreto, os locais e as construcións ou instalacións de carácter fixo e permanente destinados ó exercicio regular de actividades comerciais, da que a superficie útil para a exposición e venda ó público sexa superior a 2.500 metros cadrados”.

Nestes informes identifícase ao solicitante e examínase o proxecto presentado tomando en consideración as súas características físicas, a súa oferta e o importe do investimento previsto. Así mesmo, analízanse as características da zona de influencia do establecemento comercial, os competidores e a cota de mercado posible da nova gran superficie. Finalmente, identifícanse os efectos sobre a competencia que podería ocasionar a apertura do novo establecemento comercial.

Neste eido, a competencia dos órganos da Administración Xeral do Estado (CNC) e das Comunidades Autónomas recóllese no artigo 25.b) LDC (“Competencias consultivas.”) da Lei 15/2007 nos seguintes termos:

“A Comisión Nacional da Competencia actuará como órgano consultivo sobre cuestións relativas á defensa da competencia. En particular, poderá ser consultada en materia de competencia polas cámaras lexislativas, o Goberno, os distintos departamentos ministeriais, as Comunidades Autónomas, as corporacións locais, os colexios profesionais, as cámaras de comercio e as organizacións empresariais ou de consumidores e usuarios. En todo caso, a Comisión Nacional da Competencia ditaminará sobre:

a) ...

b) proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais, segundo establece a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, cando a súa instalación na zona de que se trate poida alterar a libre competencia nun ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, poñendo de manifesto a repercusión dos proxectos de apertura para a defensa da competencia”.

Neste ámbito, na actualidade, tamén se debe ter en conta o contido da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do

Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (coñecida como “Directiva de servizos”)¹².

No ano 2007, o TGDC informou sobre dez expedientes relativos á instalación de grandes superficies comerciais, que foron os seguintes:

- a. *GEC 12/2006. BRICOKING, S.L. Concello de Oleiros (A Coruña)*. Data de emisión do informe: 16 de xaneiro de 2007.
- b. *GEC 13/2007 EROSMER IBÉRICA, S. A. Concello de Noia (A Coruña)*. Data de emisión do informe: 12 de marzo de 2007.
- c. *GEC 14/2007. EROSMER IBÉRICA, S.A. Concello de Ponteareas (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 12 de marzo de 2007.
- d. *GEC 15/2007. DECATHLÓN ESPAÑA, S.A.U. , no Concello de Ferrol (A Coruña)*. Data de emisión do informe: 2 de maio de 2007. Existe voto particular de D. Fernando Varela Carid.
- e. *GEC 16/2007. EROSMER IBÉRICA, S.A. no Concello de Sanxenxo (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 14 de marzo de 2007.
- f. *GEC 17/2007. EROSMER IBÉRICA, S.A.-LALIN, no Concello de Lalín (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 11 de xuño de 2007.
- g. *GEC 18/2007. SOCIEDAD ALCAMPO, S.A. Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 22 de marzo de 2007.

¹² DOUE L 376, do 27.12.2006, p. 36.

- h. *GEC 19/2007. DECATHLÓN ESPAÑA, S.A.U. Concello de Oleiros (A Coruña)*. Data de emisión do informe: 15 de maio de 2007.
- i. *GEC 20/2007. DECATHLÓN ESPAÑA, S.A.U., no Concello de Vigo (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 15 de maio de 2007.
- j. *GEC 21/2007. ASAGA TUY, S.A., no Concello de Tui (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 10 de xullo de 2007.
- k. *GEC 22/2007. BOULANGER ESPAÑA, S.L., no Concello de Vigo (Pontevedra)*. Data de emisión do informe: 15 de maio de 2007.

7.2.3. Emisión de informes e solicitude de comparecencia en concentracións económicas

En materia de concentracións económicas, ao abeiro da Lei 16/1989, do 17 de xullo de defensa da competencia, eran os órganos da Administración xeral do Estado¹³ os que tiñan en exclusiva a competencia para examinar as notificacións dos expedientes (SDC) e, no seu caso, emitir o informe (TDC) sobre se a operación podería obstaculizar o mantemento dunha competencia efectiva no mercado de referencia. A competencia resolutiva, agás nos casos de terminación convencional, correspóndelle ao Ministro de Economía e Facenda ou ao Consello de Ministros.

¹³ Artigo 1.5 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia.

Na cuestión básica relativa á participación das Comunidades Autónomas, a situación non varía substancialmente coa nova LDC. Así, nesta materia, a nova Lei 15/2007 mantén a competencia exclusiva para o exame das concentracións económicas en mans dos órganos da Administración Xeral do Estado, concretamente, na CNC e, no seu caso, no Consello de Ministros. A novidade, polo que se refire ás Comunidades Autónomas, e o artigo 58 LDC, segundo o cal a Dirección e Investigación solicitará informe preceptivo, non vinculante á Comunidade Autónoma (sic) que resulte afectada por unha concentración que incida de forma significativa no seu territorio. Para iso, a Dirección de Investigación remitirá xunto coa nota sucinta, copia da notificación presentada.

O Regulamento da LDC, non obstante, amplía a documentación de que poden dispor os órganos autonómicos, o TGDC no caso de Galicia, aínda que mantén a interpretación restritiva que limita o informe a unha soa Comunidade Autónoma, pese a que o TGDC ten manifestado que se debería considerar a remisión de dito informe a máis dunha Comunidade Autónoma no caso de que a operación incidira de “maneira significativa”, como esixe a lei, en máis dunha delas.

O prazo para emitir informe é de vinte días. Este informe só se solicitará cando o expediente de concentración se atope na segunda fase, é dicir, si se considera que a concentración pode obstaculizar o mantemento da competencia efectiva en todo ou en parte do mercado nacional.

Malia o anterior, o artigo 3.3 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, atribúe ao TGDC as seguintes funcións:

“b) Emitir informe nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia cando así o solicite o Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado.

c) Enviarlle ao Tribunal de Defensa da Competencia da Administración xeral do Estado a información que lle poida solicitar no marco do procedemento de control de concentración regulado na Lei de defensa da competencia.

d) Solicitar comparecer como parte interesada nos procedementos de control das operacións de concentración económica regulados na Lei de defensa da competencia, cando o proxecto ou a operación afecte empresas radicadas ou con establecementos abertos no territorio da Comunidade galega.”

No ano 2007 ao TGDC non lle foi requirido a emisión de informe algún, nin efectuouse por parte do mesmo ningunha solicitude de comparecencia como parte interesada, aínda que se mantivo o seguimento dos procesos de concentración a través da páxina web do SDC, e agora da CNC.

7.3. Estimular a actuación de oficio do SGDC

Ao abeiro da previsión contida no artigo 1 do Decreto 20/2005, do 3 de febreiro, de desenvolvemento da Lei 6/2004, do 12 de xullo, e para dar axeitado cumprimento ao cuarto dos seus obxectivos fixados para o 2007, o TGDC tratou de estimular a actuación de oficio do SGDC, dentro do escrupuloso respecto á división de funcións establecida legalmente, dando conta ao SGDC de diversas noticias de prensa relativas a condutas potencialmente relacionadas coas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 6/2004.

Neste ámbito, ademais, a nova Lei 15/2007, no seu artigo 34, punto 3, recolle entre as funcións do Consello da CNC, a de “Promover a instrución de expedientes por parte da Dirección de Investigación.”, o que *mutatis mutandis*, atribúe ao Pleno do TGDC idéntica facultade, respecto do SGDC, en aplicación da Disposición adicional oitava da citada norma.

De este xeito, o TGDC recibe como competencia a posibilidade de instar a incoacións dos expedientes ao órgano instructor.

Asemade, segundo o disposto no artigo 49.3, “O Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta da Dirección de Investigación, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 desta lei e o arquivo das actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da lei.”

En consecuencia, o órgano instructor xa non decide de maneira autónoma a non incoación dos expedientes e o arquivo das actuacións, senón que tal decisión elevarase como proposta ao Consello, no noso caso, o Pleno do TGDC, que resolverá ao respecto, mediante a oportuna resolución.

7.4. Elaborar unha guía que clarifique o enfoque seguido polo TGDC na selección dos mercados galegos a analizar dende a perspectiva da competencia

Dende a súa creación no 2005, o TGDC cre firmemente na necesidade de coñecer os mercados galegos dende a perspectiva da competencia, para poder desenvolver a súa actividade dunha maneira máis eficaz. Neste marco, o TGDC aprobou en febreiro de 2007 un

documento, tal e como tiña previsto nos seus obxectivos para 2007¹⁴, titulado “Procedemento seguido polo TGDC na selección dos estudos a realizar sobre a competencia en Galicia” (Estudo 8/2007 EI¹⁵), onde se expoñen os criterios empregados polo TGDC para seleccionar, anualmente, os temas de estudo. A este documento pódese acceder na páxina web do propio TGDC, (<http://www.tgdcompetencia.org/>), no apartado de Informes/ Estudos.

Ademais, no documento expónse que, con carácter xeral, os estudos abordados polo propio TGDC ou os encargados a especialistas externos se poden clasificar en dous tipos: (a) estudos que pretenden contribuír ó mellor coñecemento da normativa de defensa da competencia –a elaboración e difusión destes estudos pretenden evitar decisións dos operadores que, por un coñecemento insuficiente da mesma, poidan ser obxecto de sanción– e (b) estudos que pretenden contribuír a coñecer as características estruturais dos sectores económicos, co obxecto de identificar barreiras á competencia e outras restricións inxustificadas que limiten ou dificulten a asignación eficiente dos recursos da nosa Comunidade – estes estudos teñen como obxectivo recomendar medidas axeitadas para a eliminación, ou diminución, de tales barreiras ou condutas. O citado estudo remata cun anexo, no que se expoñen diversos xeitos de suxerir mercados (sectores económicos) a estudar polo TGDC.

7.5. Afondar no coñecemento da realidade dos mercados galegos dende unha perspectiva de competencia

A crenza do TGDC na necesidade de coñecer os mercados galegos dende a perspectiva da competencia, levouno a fixar, como

¹⁴ e. Elaborar unha guía que clarifique o enfoque seguido polo TGDC na selección dos mercados galegos a analizar dende a perspectiva da competencia.

¹⁵ Para diferenciar a orixe dos estudos, o Pleno decidiu identificalos coas siglas “EI”, para os elaborados internamente no seno do TGDC. e “EE” para os de orixe externa.

obxectivo para o ano 2007 o de: “f. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de sete estudos e avaliacións.”

Os estudos realizados clasifícanse coas referencia “EI”, cando son elaborados directamente polo TGDC, e “EE”, cando son elaborados por investigadores ou consultores externos ao propio TGDC. O recurso a estes especialistas deriva do feito de que o Tribunal non dispón dos medios técnicos e persoais necesarios para abordar a totalidade dos temas de interese.

Os estudos externos recollen os resultados da investigación e as opinións dos seus autores, e non vinculan, nin recollen necesariamente, a opinión do TGDC.

A difusión dos estudos do TGDC realízase por medio da súa páxina web. O acceso á mesma permite coñecer a situación dos sectores analizados aos operadores económicos e ao público en xeral, contribuíndo a difundir os valores da competencia. O TGDC tamén remite os estudos realizados a persoas e institucións potencialmente interesadas dentro e fora das Administracións públicas.

7.5.1. Estudos realizados ou encargados polo TGDC

Nos diversos debates que se mantiveron no TGDC para seleccionar os temas de estudo, tomouse como punto de partida o aludido Estudo 8/2007 EI: *Procedemento seguido polo TGDC na selección dos estudos a realizar sobre a competencia en Galicia*. Por outra banda, para a realización dos estudos externos, e malia tratarse de “contratos menores” pola súa contía, o TGDC convocou procedementos de licitación pública a través da súa páxina web, de comunicacións individualizadas e mesmo da publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia.

a. Estudo 9/2007 EI: Avaliación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia sobre o sector da distribución/exhibición cinematográfica en Galicia desde o punto de vista da competencia. Aprobado polo Pleno do TGDC na súa reunión do 11 de abril de 2007.

Este estudo foi realizado directamente polo TGDC, sobre a base do realizado no 2006 para o propio TGDC¹⁶ por investigadores da Universidade da Coruña.

b. Estudo 10/2007 EI: As percepcións da competencia nas empresas galegas.

Este estudo foi elaborado internamente polo TGDC a partir dos datos da enquisa efectuada en 2006, destinada a coñecer as percepcións da competencia nas empresas galegas. O estudo foi aprobado polo Pleno do TGDC na súa reunión do 30 de xullo de 2007.

c. Estudo 11/2007 EE: O sector da distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia dende o punto de vista da competencia.

Este estudo foi realizado polo Grupo Jean Monet – Fundación Universidade da Coruña, dirixido polo profesor doutor don Andrés Faiña Medín, e nel afóndase nos problemas da distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia dende o punto de vista da competencia.

¹⁶ Estudo 6/2006 EE: O sector da distribución/exhibición cinematográfica en Galicia desde o punto de vista da competencia. Elaborado por José Manuel Sánchez Santos (coordinador), Jesús Ángel Dopico Castro, José Atilano Pena López e Amparo Seijas Díaz (Universidade da Coruña), Novembro 2006. Dispoñible na páxina web do TGDC (<http://www.tgdcompetencia.org/>).

d. Estudo 12/2007 EE: O sector da instalación e mantemento de ascensores e montacargas en Galicia dende o punto de vista da competencia

Este estudo foi elaborado polo equipo dirixido por don Fernando Blanco Silva, que forma parte do corpo de persoal técnico da Universidade de Santiago. De Compostela. Nel abórdase un sector complexo no que existen poucos operadores no mercado e sobre o que a propia Comisión ten detectado, e mesmo sancionado, problemas de competencia¹⁷.

e. Estudo 13/2007 EE: O sector do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia dende o punto de vista da competencia.

O obxecto deste estudo é completar a visión do transporte en Galicia desde o punto de vista da competencia. Así, tras analizar o ano pasado o caso do transporte de mercadorías, no 2007, acometeuse o estudo do transporte de viaxeiros. O estudo foi desenvolvido polo equipo de investigación do profesor don Fidel Castro, da Universidade de Vigo.

f. Estudo 14/2007 EE: O sector hoteleiro en Galicia dende o punto de vista da competencia.

O presente estudo tiña por obxecto analizar os niveis de competencia e coñecer desde esa perspectiva un sector fundamental en Galicia, dada a importancia do turismo na nosa economía. O estudo foi desenvolvido polo equipo de investigación do profesor don José Manuel Sánchez Santos e outros (Departamento de Economía Aplicada I-Universidade da Coruña),

¹⁷ IP/07/209 . Bruxelas, 21 de febreiro de 2007: "Competition: Commission fines members of lifts and escalators cartels over €990 million"

g. Estudo 15/2007 EE: O sector dos cámpings en Galicia dende o punto de vista da competencia.

O presente estudo atópase vinculado ao anterior e responde á mesma lóxica de estudar os sectores máis significativos da economía galega. A súa realización foi encomendada, tras o proceso de selección dos concorrentes, á empresa de consultaría FBA Consulting.

h. Estudo 16/2007 EE: As características do sector e a evolución do prezo da pataca en Galicia dende o punto de vista da competencia.

Este estudo tivo a súa orixe no estudo 1/2006 EE “Panorama Competitivo de Galicia” no que se identificaba un crecemento do prezo dese produto moi por riba do resto. O estudo, cun importante traballo de campo, foi desenvolvido polo equipo de investigación do profesor don Alfonso Ribas Álvarez e outros (IDEGA–Universidade de Santiago de Compostela).

i. Estudo 17/2007 EE: As características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos concellos de Galicia dende o punto de vista da competencia

O presente traballo deriva das cuestións suscitadas tras o exame, polo TGDC, dunha solicitude de autorización singular vinculada a estas inspección. O estudo foi realizado pola empresa de consultaría IDEARA.

j. Estudo 18/2007 El: Percepción da competencia polo comercio galego

Como continuación do estudo efectuado no 2006, o TGDC tentou afondar nas percepcións sobre a competencia do comercio galego. Como no caso do estudo do ano anterior, o traballo de campo foi contratado a unha empresa especializada (neste caso , a empresa Sondaxe), que a levou a cabo as enquisas a partir dun cuestionario elaborado polo propio TGDC. O labor de análise dos datos foi desenvolvida polo propio TGDC.

k. Estudo 19/2007 El: Repercusións legais, funcionais e organizativas da nova Lei de defensa da competencia sobre os órganos de defensa da competencia de Galicia, con especial referencia ao TGDC

Este foi elaborado internamente polo TGDC. O seu obxecto consistiu en avaliar os efectos para os órganos galegos de defensa da competencia e, por extensión, para os órganos con competencia nesta materia de outras Comunidades Autónomas da nova Lei 15/2007 de defensa da competencia.

Sobre a base deste estudo, efectuouse unha reunión de traballo da Comisión Nacional de Competencia e dos órganos de defensa da competencia de diversas Comunidades Autónomas en febreiro do 2008, que serviu para aclarar cuestións referentes á interpretación e aplicación da nova Lei de Defensa da Competencia.

Así mesmo, o Tribunal decidiu encargar externamente outros estudos complementarios para ampliar as conclusións as que chegara. Eses estudos son os que figuran a continuación:

l. Estudo 20/2007 EE: As novas funcións asignadas aos órganos autonómicos de defensa da competencia pola nova Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia: aspectos substantivos

Este estudo foi encargado ao Instituto de Dereito Industrial da Universidade de Santiago de Compostela. O traballo foi realizado polo profesor doutor don Francisco Hernández Rodríguez, da Universidade de Santiago de Compostela.

m. Estudo 21/2007: As novas funcións asignadas aos órganos autonómicos de defensa da competencia pola nova Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia: aspectos procedimentais

Como no caso anterior foi encargado ao Instituto de Dereito Industrial da Universidade de Santiago de Compostela. Neste caso as autoras foron a profesora doutora dona Ana Tobío Rivas, da Universidade de Vigo, e a profesora doutora dona Rocío Quintáns Eiras, da Universidade da Coruña.

7.6. Promover o coñecemento dos beneficios da libre competencia e do funcionamento dos órganos de defensa da competencia

Unha das evidencias máis claras que puido detectar o TGDC na súa aínda breve andaina é a necesidade de transmitir á sociedade galega os valores da competencia e os beneficios que dende o punto de vista dos operadores económicos, e mesmo dos consumidores, se poden derivar do funcionamento competitivo dos mercados.

Por iso, o TGDC asumiu como compromiso esencial o de promover o coñecemento dos beneficios da libre competencia e do

funcionamento dos órganos de defensa da competencia na sociedade galega, que se traduciu no establecemento deste obxectivo.

Para acadalo, o TGDC desenvolveu en 2006 diversas actividades, que se traduciron na organización e, mesmo, o financiamento de cursos e xornadas destinados a diferentes públicos; a distribución de información directa as empresas; e contactos con representantes de asociacións de consumidores e de produtores.

7.6.1. Cursos, xornadas e conferencias organizadas ou patrocinadas polo TGDC

O TGDC tentou acadar o obxectivo de dar a coñecer á sociedade galega os méritos da competencia a través de un amplo abano de iniciativas, que trataron de abarcar ao maior número de colectivos posibles.

Dende esta perspectiva, en 2007, o TGDC organizou directamente cursos, xornadas ou conferencias, para transmitir tanto estudantes, empresarios e profesionais a importancia de estimular a competencia para lograr un maior desenvolvemento económico.

a. Xornada sobre “Aspectos económicos de la política de competencia y su aplicación práctica”

O TGDC organizou, en colaboración coa Universidade de Vigo, unha Xornada sobre “Aspectos económicos de la política de competencia y su aplicación práctica”, que tivo lugar o 12 de novembro de 2007, no Salón de Graos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, da Universidade de Vigo.

A citada xornada foi organizada polo *Research Group in Economic Analysis (RGEA)* e *Group of Research in Empirical Economics*

(*GRiEE*), Universidade de Vigo, baixo a dirección do profesor doutor don Fidel Castro Rodríguez.

b. Xornada “Entertainment e Competencia: O Cinema e a Televisión ante o reto da Defensa da Competencia”.

O 15 de novembro de 2007, o TGDC organizou coa Universidade da Coruña, unha Xornada sobre “Entertainment e Competencia: O Cinema e a Televisión ante o reto da Defensa da Competencia”, que tivo lugar na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade da Coruña (campus de Elviña), baixo a dirección do Profesor Dr. Don José Manuel Sánchez Santos,

7.6.2. Elaboración e difusión dun tríptico informativo sobre condutas colusorias: unha violación grave das normas de competencia

En cumprimento do obxectivo fixado polo TGDC de “Promover o coñecemento dos axentes económicos, e da cidadanía en xeral, dos beneficios da libre competencia mantendo actualizada a súa páxina web e realizando un mail informativo e detallado sobre as prácticas relativas aos ilícitos competitivos máis graves”, o TGDC elaborou en 2007 un novo tríptico informativo sobre a defensa da competencia.

O tríptico analiza baixo o título “Condutas colusorias: unha violación grave das normas de competencia”, unha das prácticas prohibidas pola lexislación de competencia, tanto nacional como comunitaria. O seu obxectivo é o de informar aos operadores económicos e aos consumidores en xeral do carácter ilícito desas prácticas e dos seus efectos desfavorables para o desenvolvemento económico. Tamén se explican as diversas modalidades dese ilícito, as formas de denunciálo e as posibles sancións aos participantes nesas prácticas.

Para garantir a súa máxima difusión, o tríptico foi remitido polo TGDC a 6.500 empresas, asociacións empresariais e colexios profesionais de Galicia.

Débase destacar que como consecuencia do envío, algunhas asociacións puxéronse en contacto directo co TGDC solicitando o envío de máis exemplares para distribuílos entre os seus asociados.

7.6.3. Colaboración cos medios

No 2007, o TGDC iniciou unha colaboración quincenal estable cun dos suplementos económicos da prensa galega, concretamente co suplemento “Mercados” de “*La Voz de Galicia*”.

Con esta colaboración, que ten un carácter marcadamente divulgativo, o TGDC trata de aproximarse aos empresarios e operadores económicos en xeral, potenciais lectores deste tipo de publicacións, comentando novas de actualidade e informando dos efectos desfavorables de determinadas prácticas.

7.6.4. Constitución dunha biblioteca especializada no dominio da defensa da competencia no TGDC

Entre as apostas do TGDC para difundir a cultura e os valores da competencia atópase tamén a creación dunha biblioteca especializada en Dereito e Economía da Competencia, que pretende ser non só unha ferramenta de traballo para o propio Tribunal, senón tamén unha referencia para os investigadores que tenten afondar no coñecemento desta disciplina, tanto dende o punto de vista xurídico coma económico.

A páxina web institucional do TGDC [<http://www.tgdcompetencia.org>] incorpora un enlace onde se pode

atopar o contido da biblioteca do TGDC, que asemade está integrada no proxecto MEIGA de bibliotecas, rede virtual deseñada dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

7.7. Ampliar e fortalecer as relacións institucionais do TGDC

Desde o comezo da súa actividade, os membros do TGDC consideraron que é necesario manter unha relación intracomunitaria o máis intensa posible. Por este motivo, fixéronse como obxectivo estar presentes nos foros máis destacados que, en materia de competencia, se desenvolven tanto a nivel nacional como internacional.

Esta dimensión da actividade institucional permite reforzar os lazos con outras institucións, tanto a nivel nacional como internacional, co obxectivo dunha posible colaboración futura na consecución de obxectivos de interese común. Nesta liña oriéntase especialmente a nova LDC que prevé la creación de mecanismos de colaboración e coordinación entre autoridades de competencia e órganos xurisdicionais.

7.7.1. Actividade institucional no ámbito galego

Durante o ano 2007 o TGDC realizou un amplo esforzo institucional, na Comunidade Autónoma de Galicia, convocando ou concertando entrevistas con organizacións empresariais, de ámbito sectorial ou xeral, institucións públicas ou privadas e asociacións de consumidores.

7.7.1.1. Presentación da Memoria de Actividades 2006 e do Informe sobre a situación da Competencia en Galicia 2006, no Parlamento Galego

O 25 de xuño de 2007 tivo lugar a comparecencia do presidente do TGDC na Comisión 3ª (Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos) do Parlamento de Galicia, presentando a Memoria de Actividades do TGDC 2006, en cumprimento do establecido no artigo 6.1. letra f) da Lei 6/2004, do 12 de xullo, na que se deu conta das actividades do Tribunal no citado exercicio e dos obxectivos da Institución para o 2007.

A citada Memoria de Actividades do TGDC 2006 fora remitida ao parlamento Galego, xunto co Informe sobre a Situación da Competencia en Galicia 2006, ao abeiro do disposto no artigo 3.3. letra k) da Lei 6/2004, do 12 de xullo.

7.7.1.2. Asistencia ou participación de membros do TGDC en actos relacionados coa competencia celebrados na Comunidade Autónoma de Galicia

A necesidade de dar a coñecer na sociedade galega os valores da competencia levou á presenza dos membros do TGDC nos máis importantes eventos relacionados coa materia que se desenvolveron na Comunidade Autónoma de Galicia no 2007.

A este respecto, pódense destacar os relatorios de diversos membros do TGDC no marco do Curso de Economía da Competencia II: "Liberalización e Política Industrial en Sectores Regulados", organizado pola Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, da Universidade da Coruña; do Máster en Estudos da Unión Europea, organizado polo Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade da Coruña; e do Curso de

especialización en patentes, marcas, dereito de autor e competencia“ organizado polo Instituto de Dereito Industrial, da Universidade de Santiago de Compostela.

7.7.2. Actividade institucional no ámbito español e internacional

Os membros do TGDC desenvolveron tamén un importante labor institucional participando en diversos actos relacionados coa competencia a nivel do Estado e tamén a nivel internacional, colaborando coas autoridades da Administración Central especializadas na defensa da competencia e as demais Comunidades Autónomas.

Neste eido destaca a participación do presidente do TGDC no Consello de Defensa da Competencia, creado pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia¹⁸.

7.7.2.1. Consello de Defensa da Competencia

O artigo 6, letra c), da Lei 6/2004, do 12 de xullo, establece que, entre as funcións asignadas ao presidente do TGDC, se atopa a de representar á Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Defensa da Competencia.

O Consello de Defensa da Competencia, creado pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, constitúe un dos mecanismos de colaboración, coordinación e información recíproca entre o Estado e as Comunidades Autónomas para promover a aplicación uniforme da

¹⁸ BOE nº 46, do 22 de febreiro de 2002.

lexislación de competencia. A aprobación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, modificou algunha das súas funcións¹⁹.

Así, conforme á Disposición adicional décima, Un, da nova LDC, modifícase o artigo 5.Un.3 da referida Lei 1/2002, do 21 de febreiro, nos termos seguintes:

«3. O Consello de Defensa da Competencia, como órgano de participación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, asumirá as seguintes funcións:

a) Realizar o seguimento periódico da política de defensa da competencia por parte das distintas administracións públicas.

b) Promover o intercambio de información e a realización e publicación de estudos en que se poñan de manifesto os criterios seguidos polas distintas administracións en aplicación da normativa de defensa da competencia e, se é o caso, a necesidade de facer que estes sexan uniformes.

c) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten as materias da defensa da competencia nas cales as Comunidades Autónomas teñen competencias de execución.

d) Elaborar directrices sobre a interpretación do punto 2 do artigo 1 desta lei.»

O presidente e mailo secretario xeral do TGDC asistiron á 6ª reunión do Consello de Defensa da Competencia, que tivo lugar o 19 de xullo de 2007.

¹⁹ As competencias do Consello de Defensa da Competencia foron modificadas pola Disposición adicional décima, Uno, da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

7.7.2.2. Reunións dos presidentes das autoridades españolas de defensa da competencia

Xunto á participación dos presidentes e representantes dos órganos centrais e autonómicos de defensa da competencia no Consello de Defensa da Competencia, constitúe xa unha práctica consolidada a celebración de reunións de traballo entre os presidentes e membros dos diferentes órganos de defensa da competencia españois.

No ano 2007 tivo lugar unha reunión de traballo desta natureza o 15 de novembro de 2007, na cidade de Barcelona, organizada polo Tribunal Catalán de Defensa da Competencia.

7.7.2.3. A Rede de órganos españois competentes en materia de defensa da competencia

No marco da colaboración institucional entre autoridades españolas de defensa da competencia é importante destacar que durante 2007 púxose en actividade unha rede informática entre as mesmas, ao que na memoria do 2006 se facía referencia como simple proxecto. Esta rede informática está destinada a incrementar a eficacia do intercambio de información e da mutua colaboración. Esta rede inspírase, aínda que con distinto contido e alcance, na Rede Europea de Competencia (REC)²⁰, que se desenvolve no ámbito da Unión Europea²¹, e na da *International Competition Network* (ICN)²².

²⁰ European Competition Network (ECN). Respecto a esta rede pode verse a súa páxina web: http://ec.europa.eu/comm/competition/ecn/index_en.html

²¹ Vid. Comunicación da Comisión sobre a cooperación na Rede de Autoridades de Competencia (DO C 101, do 27.42004, p. 43).

²² <http://www.internationalcompetitionnetwork.org/>

7.7.2.4. Asistencia ou participación de membros do TGDC en actos relacionados coa competencia

A este respecto, pódense destacar os relatorios e asistencia de diversos membros do TGDC:

- Máster en Dereito dos Negocios da Fundación Carolina, celebrado en Madrid;
- Iª Xornada da Competencia en Euskadi, organizada en Bilbao polo Tribunal Vasco de Defensa da Competencia (TVDC), conmemorativa do primeiro aniversario da súa creación;
- X Curso de Dereito da competencia comunitario e español, organizado pola Universidade Complutense de Madrid e o Instituto de Estudios Bursátiles;
- Xornada “15 anos da Lei de Competencia Desleal”, organizada pola Asociación Española para a Defensa da Competencia, celebrada en Madrid;
- Curso de verán titulado “A reforma da defensa da competencia: claves e retos de futuro”, celebrado en San Sebastián e organizado polo Tribunal Vasco de Defensa da Competencia (TVDC) coa colaboración dos tribunais españois de defensa da Competencia;
- “*Conference Fifty Years of the Treaty: Assessment and Perspectives of Competition Policy in Europe*”, en Barcelona, organizada polo IESE, conmemorando do 50 aniversario do Tratado CE;

- I^a Xornada anual da CNC, en Madrid, baixo o título “A Competencia en España: unha visión internacional sobre a nova Lei”.

No ámbito internacional, o TGDC formou parte da representación española –representantes da Administración Xeral do Estado (TDC e SDC), representantes das Comunidades Autónomas que tiñan xa en funcionamento os seus órganos de competencia, como Madrid, Cataluña, País Vasco e Galicia– asistiu, o 22 e 23 de maio de 2007 á reunión anual da *International Competition Network* (ICN).

8. OBXECTIVOS DO TGDC PARA O ANO 2008

Como en anos anteriores, os obxectivos do TGDC derivan dos fins para os que foi creado, que van en paralelo ás funcións que lles encomenda a súa normativa reguladora.

De cara ao 2008, o TGDC pretende continuar como principal impulsor de prácticas a prol da libre competencia en Galicia e reforzar aquelas áreas da súa actividade que permitan avanzar máis no fin xeral de amparar e promover a competencia na nosa Comunidade Autónoma. Tamén ten que adaptar o seu funcionamento ao cambio normativo derivado da aprobación da nova LDC.

Consecuentemente, o TGDC estableceu os seguintes oito obxectivos para o ano 2008:

- a. Dar resolución axeitada e rápida aos expedientes relativos a condutas dos operadores económicos que teñan entrada no Tribunal.
- b. Realizar puntualmente os informes e funcións consultivas que lle corresponden ou lle sexan solicitados, de acordo coa normativa.
- c. Asumir as novas funcións da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia e adaptalo o funcionamento do TGDC ás mesmas.
- d. Estimular a actuación de oficio do SGDC, dándolle conta da información recollida sobre condutas potencialmente anticompetitivas ou limitadoras da competencia, xa que se pode supor que moitas das prácticas ilícitas que ocorren nos mercados non son denunciadas.
- e. Afondar no coñecemento dos mercados galegos dende a perspectiva da competencia, realizando un mínimo de cinco estudos e avaliacións.

- f. Promover o coñecemento dos axentes económicos, e da cidadanía en xeral, dos beneficios da libre competencia mantendo actualizada a súa páxina web e realizando un mail informativo e detallado sobre algún dos ilícitos competitivos máis graves.
- g. Manter e mesmo fortalecer as relacións institucionais do TGDC, tanto no ámbito galego como en outras áreas que poidan ter repercusión sobre a actividade do Tribunal, en especial cos órganos da Administración xeral do Estado e cos demais tribunais autonómicos.

ANEXO I. Resolucións adoptadas polo TGDC en 2007

RESOLUCIÓN (Expte. S 1/2007. Autoescolas de Vigo).

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2007.

O Pleno do TGDC, coa composición expresada no encabezamento, e sendo relator o vogal don Alfonso Vez Pazos, ditou a seguinte Resolución no expediente S 1/2007. Autoescolas de Vigo (1/2005, do SGDC), iniciado en virtude da denuncia do Subdelegado do Goberno en Pontevedra do 5 de outubro de 2004, pola posible existencia dun acordo de prezos entre as autoescolas que realizan os seus exames en Vigo que podería ser contrario á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia (en diante LDC).

ANTECEDENTES

EXPEDIENTE TRAMITADO ANTE O SGDC:

- 1º.- O 5 de febreiro de 2004, o subdelegado do Goberno en Pontevedra remitiu un escrito á Dirección Xeral de Defensa da Competencia, do Ministerio de Economía, comunicando un posible acordo de prezos entre as autoescolas que realizan os seus exames na cidade de Vigo, xa que tal conduta podería estar prohibida polo artigo 1 da Lei 16/1989, de 17 de xullo, de defensa da competencia. Xunto ao escrito, acompañaba copia dunha información publicada o 4 de febreiro de 2004 no diario La Voz de Galicia titulada "*Las sesenta autoescuelas de Vigo eluden la competencia fijando precios idénticos*".
- 2º.- Ante tal información, a Dirección Xeral de Defensa da Competencia acordou levar a cabo unha información reservada, ao abeiro do disposto no artigo 36.3 LDC.

3º.- O 4 de marzo de 2004, a Dirección Provincial de Tráfico remitiu a relación de escolas particulares de condutores que realizan probas de aptitude no centro de exame de Vigo.

4º.- O 8 de xuño de 2004, a Dirección Xeral de Defensa da Competencia solicitou ó Instituto Galego de Consumo que realizara unha inspección das autoescolas denunciadas, levantando as actas correspondentes, nas que debería consta-la seguinte información (f. 12 e 13):

1. Información referente á posible pertenza das autoescolas a calquera asociación ou federación de autoescolas.

2. Tarifas aplicadas nos anos 2003 e 2004, con indicación da data de revisión, de se-lo caso, detalladas polos seguintes conceptos:

- *Gastos de inscrición: matrícula.*
- *Prezo de cada clase teórica ou do curso e as clases que este inclúe.*
- *Prezo de cada clase práctica e a súa duración.*
- *Prezo das taxas de dereitos de exame.*
- *Prezo da renovación da documentación anteriormente citada.*
- *Cursos completos: contido e prezos, así como a inclusión ou non do correspondente Imposto sobre o Valor Engadido nos citados prezos, con achega da fotocopia do cadro de tarifas exposto ó público actualmente.*

3. Número de vehículos, en réxime de propiedade, aluguer ou calquera outra modalidade, cos que conta cada autoescola para a impartición das clases prácticas durante o ano 2003.

4. Número de profesores da autoescola para a impartición das clases teóricas e prácticas no ano 2003.

5. Datas nas que se modificaron as tarifas dende o ano 2003 ata hoxe.

6. Estructura de custos e sistema de fixación das últimas tarifas aplicadas e vixentes actualmente.

7. Indicar se o local onde se encontra o domicilio social da autoescola o é a título de propiedade, aluguer, usufruto ou calquera outra modalidade.

8. *Volume de negocio durante o ano 2003.*

- 5º.- O 19 de novembro de 2004, o Instituto Galego de Consumo remitiu á Dirección Xeral de Defensa da Competencia copia das actas e documentación solicitada.
- 6º.- O 10 de outubro de 2005, a Dirección Xeral de Defensa da Competencia remitiu ó Servizo Galego de Defensa da Competencia (en diante SGDC) unha nota sucinta en relación con esta denuncia, por entender que non existía afectación a un ámbito superior ó da Comunidade Autónoma de Galicia nin ó conxunto do mercado nacional.
- 7º.- O 20 de outubro de 2005, o SGDC comunicou á Dirección Xeral de Defensa da Competencia que consideraba ós órganos galegos de defensa da competencia competentes para a instrución e resolución do expediente.
- 8º.- En escrito do 3 de novembro de 2005 (registro de entrada no SGDC o 10 de novembro), a Dirección Xeral da traslado da comunicación inicial e actuacións posteriores o que, segundo informa, comunica á Subdelegación do Goberno en Pontevedra.
- 9º.- O SGDC, tras decidir continuar coa fase de información reservada iniciada polo órgano estatal, compilou diversas novas de prensa sobre o presunto acordo de prezos entre as autoescolas de Vigo, sendo especialmente significativa unha entrevista publicada en *La Voz de Galicia* o 5 de febreiro de 2004 con D. A. A. B., presidente da Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra, que afirmaba, entre outras cousas: "*Hacemos un estudio anual de costes y luego cada autoescuela lo acata o lo asume si quiere. (...) hacemos el estudio cada año, lo presentamos y luego el que quiere lo acepta o no.*" (f. 780 e 781).
- 10º.- Á vista da información obtida, de acordo co disposto polo artigo 37.1 da LDC, o 20 de marzo de 2006, por providencia da subdirectora xeral de Defensa da Competencia, foi incoado expediente sancionador ás seguintes entidades:
- Autoescolas:
- A) A Cañiza: CAÑIZA.
 - B) A Guarda: ELI'S, MIÑO, S. TELMO.
 - C) As Neves: AS NEVES.

- D) Baiona: MONTE REAL (2 centros).
- E) Gondomar: S. BENITO, TURBO.
- F) Mondariz: MONDARIZ.
- G) Mos: LUSANT.
- H) Nigrán: COYA, FARO (2 centros), VAL MIÑOR.
- I) O Covelo: COVELO
- J) O Porriño: ANDURIÑA, LA GUÍA, PASO.
- K) O Rosal: O ROSAL.
- L) Oia: OYA.
- M) Pontearreas: PEÑA, QUEIMADELOS.
- N) Redondela: CESANTES, FARO, REDONDELA, RODA (2 centros).
- O) Salceda de Caselas: CASELAS, S. GREGORIO.
- P) Tomiño: S. TELMO, TOMIÑO.
- Q) Tui: ALOYA, S. TELMO, TUY.
- R) Vigo: A52, A PONTE, ALONSO, ANXO, ARENAL, BALAÍDOS, BOSCO, CALVARIO, CARACAS, CASABLANCA, CASELAS, CASTELAO (2 centros), COYA, DE LUIS, D L, DOBLADA (3 centros), ESPAÑA, FARO (4 centros), FONTÁN, FRAGOSO, GARFIELD, HISPANIDAD, JARAMA, LA GUÍA, LUSANT, MONTE REAL, OLÍVICA, O'SE ALQUILA, QUYARO, RALLY, RANDE, RODA, S. BENITO, (2 centros), S. JOSÉ, SALABERRI, SALMAR, SISO (2 centros), STOP, TOURAL, TRAVESÍA, VIAL, VIGO.

- Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra (Asociación, de seguido).

- 11º. - Con data 15 de xuño de 2006 a xefa do SGDC ditou Providencia ampliando a imputación a catro novas autoescolas: COCA, de Redondela; AVENIDA, GTI e S. JOSÉ (Travesía de Vigo), de Vigo.

12º.- Das autoescolas imputadas no expediente, a autoescola RODA, de Paseo da Xunqueira, 39, baixo, en Redondela, cesou na súa actividade en 2003, pasando a denominarse autoescola COCA, que iniciou a súa actividade o 3 de novembro de 2003, segundo comunicou a Xefatura Provincial de Tráfico.

A autoescola ZAS comunicou que cesou na súa actividade o 5 de maio de 2003. Ó longo da instrución, compróbase que nesa data ZAS foi absorbida pola autoescola DOBLADA.

13º.- O 28 de abril de 2006, o Servizo solicitou información á Asociación e ás autoescolas imputadas. A solicitude de información tivo que ser reiterada a algunhas autoescolas, sendo as autoescolas ESPAÑA e SISO as que amosaron unha actitude máis reiterada de falta de colaboración co SGDC ó longo da instrución do expediente.

14º.- Tras executar as dilixencias de instrución, con data 11 de xaneiro de 2007 a subdirectora xeral de Defensa da Competencia acordou mediante providencia o sobresemento parcial do expediente 1/2005 respecto de algunhas das autoescolas inicialmente imputadas.

15º.- O 15 de xaneiro de 2007, finalizada a instrución pertinente, o SGDC elaborou o informe-proposta, no que foron fixados os feitos considerados acreditados e se cualificaron de acordo co establecido na LDC. O informe-proposta, xunto co expediente, foi remitido ao TGDC.

16º.- Sobre a base da súa avaliación dos feitos, o SGDC propón ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia:

“Primeiro: Declare acreditada a existencia dunha práctica prohibida polo art. 1.1.a) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia (LDC), consistente na recomendación colectiva de prezos por parte da Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra ós seus asociados.

Segundo: Declare acreditada a existencia dunha práctica concertada, prohibida polo art. 1.1.a) da LDC, consistente na fixación de prezos para a obtención do carné de conducir tipo B entre as autoescolas seguintes:

A Guarda: ELI'S, MIÑO, S. TELMO.
Baiona: MONTE REAL (2 centros).
Gondomar: S. BENITO.
Mondariz: MONDARIZ.

Mos: LUSANT.
Nigrán: COYA, FARO (2 centros), VAL MIÑOR.
O Covelo: COVELO.
O Porriño: ANDURIÑA, LA GUÍA, PASO.
O Rosal: O ROSAL.
Oia: OYA.
Ponteareas: PEÑA, QUEIMADELOS.
Redondela: CESANTES, COCA, FARO, REDONDELA, RODA.
Salceda de Caselas: CASELAS, S. GREGORIO.
Tomiño: S. TELMO, TOMIÑO.
Tui: ALOYA, S. TELMO, TUY.
Vigo: A52, A PONTE, ANXO, ARENAL, BALÁIDOS, BOSCO, CALVARIO, CARACAS, CASABLANCA, CASELAS, CASTELAO (2 centros), COYA, DE LUIS, D L, DOBLADA (3 centros), ESPAÑA, FARO (4 centros), FONTÁN, FRAGOSO, GARFIELD, GTI, HISPANIDAD, JARAMA, LA GUÍA, LUSANT, MONTE REAL, OLÍVICA, O'SE ALQUILA, QUYARO, RALLY, RODA, S. BENITO, (2 centros), S. JOSÉ (2 centros), SALABERRI, SALMAR, SISO (2 centros), STOP, TOURAL, TRAVESÍA, VIAL, VIGO.

Terceiro: Declare responsables destas condutas á Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra e ós titulares das autoescolas mencionadas no punto anterior.

Cuarto: Intime ós responsables para que cesen nesas prácticas e no sucesivo se absteñan de realizalas, segundo prevé o art. 9º da LDC, restablecendo a efectiva competencia no sector.

Quinto: Imponha á Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra, e de se-lo caso ós seus representantes legais, así como ós titulares das autoescolas citadas no punto segundo, multas acordes coa gravidade da conduta.

Sexto: Ordene a publicación, a costa dos responsables, da parte dispositiva da resolución que se adopte no Diario Oficial de Galicia.

Sétimo: Adopte calquera outro pronunciamento previsto no artigo 46 da LDC”.

17º.- O listado de autoescolas recollido no punto anterior, supón que, segundo a instrucción, non participaron na concertación de prezos, as seguintes 6 autoescolas inicialmente imputadas: AS NEVES, ALONSO, AVENIDA, CAÑIZA, RANDE e TURBO.

EXPEDIENTE TRAMITADO ANTE O TGDC:

18º.- Con data 15 de xaneiro de 2007 tivo entrada no TGDC o expediente do SGDC identificado por este co número 1/2005, xunto co correspondente informe-proposta, tal e como esta previsto no artigo 37.3 da LDC.

19º.- Con data 18 de xaneiro de 2007, o Pleno do TGDC admitiu a trámite o expediente, que foi identificado co número S 1/2007. “Autoescolas de Vigo”, designando como relator do mesmo, segundo a correspondente quenda, ao vogal don Alfonso Vez Pazos. Así mesmo concedeuse prazo de 15 días aos interesados para a vista do expediente, a solicitude de celebración de Vista Oral e para que propuxeran cantos medios de proba xulgaran oportunos aos seus intereses.

Neste trámite, con data 30 de xaneiro de 2007, compareceu para examinar o expediente dona L. D. L., en representación da Asociación.

O 9 de febreiro de 2007 presentaron proposición de proba os interesados que de seguido se relacionan, que ademais especificaron o domicilio onde querían recibir as notificacións:

- D. M. P. M., titular da autoescola PEÑA de Pontearreas.
- D. A. B. F., representante das sociedades mercantís Porriño, S.L., Automovilística Faro, S.L., e Autoescuela Venezuela, S.L., titulares das autoescolas PASO do Porriño, FARO, as dúas seccións de Nigrán, a sección de Redondela e as 4 seccións de Vigo, e SALABERRI de Vigo.
- D.^a H. G. F., titular da autoescola O’SE ALQUILA de Vigo.
- D.^a M. J. M. M. S., representante da sociedade mercantil Autoescuela Oteva Olívica, S.L., titular da autoescola OLÍVICA de Vigo.
- D. J. M. S. T., xunto con D. J. M. R. A., representantes da sociedade mercantil Autoescuela Montereal, S.L., titular das autoescolas MONTE REAL, as dúas seccións de Baiona e a sección de Vigo.
- D. C. G. V. e J. R. S. S.: A Guarda Miño Autoescuela, S. L., titular da autoescola MIÑO da Guarda.

- D. L. S. H., titular da autoescola LUSANT, seccións de Mos e Vigo.
- D. J. F. B., representante da sociedade mercantil Academia La Guía, S.L., titular da autoescola LA GUÍA, seccións do Porriño e Vigo.
- D^a M. D. Q. A., representante da sociedade mercantil Autoescuela Jarama 2000, S.L., titular da autoescola JARAMA de Vigo.
- D^a F. V. C., representante da sociedade mercantil Centro de Formación Vial Hispanidad. S.L., titular da autoescola HISPANIDAD de Vigo.
- D^a J. M. A. P., representante da sociedade mercantil Centro de Formación Vial GTI, S.L., titular da autoescola GTI de Vigo.
- D. F. G. M., titular da autoescola FRAGOSO de Vigo.
- D^a E. P. V. e D. J. M. P. V., representantes da Comunidade de Bens Autoescuela Fontán C.B., titular da autoescola FONTÁN de Vigo.
- D. C. O. P., representante da sociedade mercantil M. C. M. Á., S.L., titular da autoescola ESPAÑA, de Vigo.
- D. E. M. R., titular da autoescola ELI'S da Guarda.
- D. A. R. B., representante da sociedade mercantil Autoescuela Doblada, S.L., titular da autoescola DOBLADA, as tres seccións de Vigo.
- D. J. L. H. C., representante da sociedade mercantil Escuelas de Conductores de Luis, S.L., titular da autoescola D L de Vigo e DE LUIS de Vigo.
- D. J. F. R. C., representante da sociedade mercantil Autoescuela Coya, S.L., titular da autoescola COYA, seccións de Nigrán e Vigo.
- D. F. R. L., representante da sociedade mercantil Autoescuela Coca, S.L., titular da autoescola COCA de Redondela.
- D. V. A. D. S., titular da autoescola CESANTES, de Redondela.
- D. J. C. G. S., representante da sociedade mercantil Autoescuela

- Castelao, S.L., titular da autoescola CASTELAO, as dúas seccións de Vigo.
- D. E. A. P., titular da autoescola CASELAS, seccións de Salceda de Caselas e Vigo.
 - D. C. F. M., representante da sociedade mercantil Garauto Fernández, S.L., titular da autoescola CASABLANCA de Vigo.
 - D. M. A. P., representante da sociedade mercantil Autoescuela M. A. P., S.L., titular da autoescola CARACAS de Vigo.
 - D. U. C. P., titular da autoescola CALVARIO de Vigo.
 - D. A. R. G., representante da sociedade mercantil Autoescuela Balaídos, S.L., titular da autoescola BALAÍDOS de Vigo.
 - D. Á. A. B.. Presidente da Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra.
 - D. J. V. L., titular da autoescola COVELO, do Covelo.
 - D. F. R. P., titular da autoescola O ROSAL, do Rosal.
 - D. G. P. A., representante da sociedade mercantil Breogán Vigo, S.L., titular da autoescola VIGO de Vigo.
 - D. I. E. V. Á., representante da sociedade mercantil Enseñanzas Automovilísticas, S.L., titular da autoescola VIAL de Vigo.
 - D^a M.^a D. C. C., representante da sociedade mercantil Autoescuela Valmiñor, S.L., titular da autoescola VAL MIÑOR de Nigrán.
 - D. C. Á. G., representante da sociedade mercantil Autoescuela Travesía, S.L., titular da autoescola TRAVESÍA de Vigo.
 - D. Á. G. F. e F. C. S., Autoescuela Toural, CB, titular da Autoescuela Toural, de Vigo.
 - D. J. A. E. M., representante da sociedade mercantil Autoescuela Tomiño, S.L., titular das autoescolas TOMIÑO de Tomiño e TUY de Tui.

- D. J. R. Q.M.e D. F.J.D. J., representantes da sociedade mercantil I. y Á., S.L., titular da autoescola ARENAL de Vigo e STOP de Vigo.
- D. M. G. G.C. representante da sociedade mercantil Autoescuela San Telmo, S.L., titular da autoescola S. TELMO, seccións da Guarda, Tomiño e Tui.
- D. C. Y. R., representante da sociedade mercantil Y. R., S.A.L., titular da autoescola S. JOSÉ, dúas seccións de Vigo.
- D. J. B. R. B., representante da sociedade mercantil Autoescuela y Técnicos Contables San Gregorio, S.L., titular da autoescola S. GREGORIO de Salceda de Caselas.
- D. J. A. G. R., representante da sociedade mercantil Formavial, S.L., titular da autoescola S. BENITO, a sección de Gondomar e as dúas seccións de Vigo.
- D. R. O. S. M., titular da autoescola SALMAR de Vigo.
- D. M. B. F., titular da autoescola RODA, seccións de Redondela e Vigo.
- D. M. G. E., titular da autoescola REDONDELA, de Redondela.
- D. L. M. F. L., titular da autoescola RALLY de Vigo.
- D. V. R. G., representante da sociedade mercantil Quyaró, S.L., titular da autoescola QUYARO, seccións de Vigo.
- D. J. C. Á. T., Queimadelos Portu, S. L., titular da Autoescola QUEIMADELOS, de Pontearreas.
- D. Á. A. B., titular da autoescola ANXO, de Vigo.
- D. A. A. S., titular da autoescola ANDURIÑA do Porriño.
- D. V. G. P. e D.^a M.^a E. G. G., representantes da Comunidade de Bens Autoescola Aloya, titular da autoescola ALOYA de Tui.
- D. R. G. S., representante da sociedade mercantil Formación Vial A-52, S.L., titular da autoescola A52 de Vigo.
- D. J. Á. O. R., representante da sociedade mercantil Enseñanzas

Automovilísticas Cabral, S.L., titular da autoescola A PONTE de Vigo.

20º.- Non presentaron proposición de proba os titulares das autoescolas MONDARIZ, do Concello de Mondariz, BOSCO, OYA e SISO (2 seccións) de Vigo, se ben o titular da autoescola OYA, D. J. M. S. T., presentounas como representante da sociedade mercantil Autoescuela Montereal, S.L., titular das autoescolas MONTE REAL, con dúas seccións en Baiona e unha en Vigo.

21º.- As solicitudes presentadas, idénticas no seu contido e forma, solicitaban os seguintes medios de proba documental:

1º.- Que se dirixa oficio á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra a fin de que:

a.- Remita ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia listado dos titulares das escolas de condutores da provincia de Pontevedra.

b.- Informe sobre se o listado enviado en data 4 de maio de 2005 ao *Ministerio de Economía y Hacienda, Subdirección General de Conductas Restrictivas de la Competencia*, referíase unicamente ao nome comercial das autoescolas.

2º.- Que se requira á Confederación Nacional de Autoescolas a fin de que certifique se por dita entidade se elaborou unha análise do mercado do sector de autoescolas correspondente ao 2005.

Asemade, os escritos presentados por D. J. V. L., titular da autoescola COVELO, do Covelo, e D. F. R. P., titular da autoescola O ROSAL, do Rosal, idénticos tanto en forma como en contido aos demais, engaden que a Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra certifique que as súas correspondentes autoescolas son as únicas existentes nos respectivos concellos de Covelo e O Rosal.

En ningún dos escritos presentados efectúase solicitude de vista oral.

22º.- O Pleno acordou, mediante Auto de data 26 de marzo de 2007, incorporar ao expediente os documentos aportados co escrito de denuncia inicial e os documentos incorporados ao expediente tramitado polo SGDC co número 1/2005, requirir á Asociación a remisión ao TGDC dos seus orzamentos correspondentes ao período 2003-2007 e a Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra para que lle informe sobre os seguintes extremos:

- 1º.- Titularidade das autoescolas imputadas e posibles cambios na mesma desde o 2003 ata a actualidade.
- 2º.- Localidades onde se celebran exames para a obtención do permiso de circulación de tipo B na provincia de Pontevedra correspondentes aos anos 2003, 2004, 2005 e 2006.
- 3º.- Número de matrículas para a obtención do permiso de circulación tipo B tramitadas nos anos 2003, 2004, 2005 e 2006 correspondentes á provincia de Pontevedra.
- 4º.- Información desagregada, para cada unha das autoescolas que realizan o exame na cidade de Vigo, do número de matrículas tramitadas para a obtención dos permisos de circulación do tipo B na provincia de Pontevedra nos anos 2003, 2004, 2005 e 2006.

O Pleno acordou rexeitar todos os demais medios de proba propostos polos interesados por considerar que as informacións a obter non incidirían na cualificación xurídica dos feitos nin gardarían relación coas presuntas infraccións imputadas, así como rematar o expediente mediante o trámite de conclusións escritas, sen celebración de Vista pública.

- 23º.- Con data 3 de abril de 2007, e entrada no TGDC o 10 de abril de 2007, a Asociación remitiu a información solicitada.
- 24º.- Con datas 14 de maio de 2007 (entrada no TGDC o 15 de maio de 2007) e 23 de maio de 2007 (entrada 28 de maio de 2007), a Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra remitiu a información solicitada.
- 25º.- Con data 14 de xuño de 2007 adoptouse polo Vogal Relator a Providencia de resumo de proba que foi notificada aos interesados.
- 26º.- Con data 29 de xuño de 2007 tivo lugar a vista do expediente por unha representante da Asociación.
- 27º.- O 2 de xullo de 2007 presentou valoración de proba D. A. B. F. como presidente da Asociación. Ao non constar no expediente o cambio de presidente da Asociación solicitouse, mediante oficio de data 9 de xullo de 2007, que se acreditase a citada modificación na representación da entidade. En data 13 de xullo de 2007, que tivo entrada no TGDC o 30 de xullo de 2007, recibíuse comunicación da Asociación na que constaba a certificación do secretario do nomeamento como presidente

de D. A. B. F., así como copia da correspondente acta da Asemblea na que se produciu o seu nomeamento.

28º.- Con data 3 de xullo de 2007 presentaron as súas valoracións de proba os titulares ou representantes das autoescolas anteditas no punto 15º, agás D. M. A. P., titular da autoescola CARACAS, de Vigo.

29º.- O 10 de setembro de 2007 adoptouse polo Vogal Relator a Providencia para conclusións, que foi notificada aos interesados.

30º.- Con data 27 de setembro de 2007 presentaron as súas conclusións a Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra e os titulares ou representantes das anteditas autoescolas, agás D. M. A. P., titular da autoescola CARACAS, de Vigo, e D. J. Á. O. R., titular da autoescola A PONTE de Vigo.

Nos seus escritos reitéranse as alegacións realizadas no seu momento ao Prego de concreción dos feitos que se deron por reproducidas na fase de proba perante este Tribunal.

31º.- O Tribunal Galego de Defensa da Competencia deliberou e pronunciose sobre o presente expediente na súa sesión de Pleno celebrada o día 17 de decembro de 2007.

32º.- Son interesados:

- As persoas físicas e xurídicas que de seguido se citan, titulares das autoescolas imputadas:

01. A52:	Formación Vial A-52, S.L.
02. A PONTE:	Enseñanzas Automovilísticas Cabral, S.L.
03. ALOYA:	Comunidade de Bens Autoescola Aloya.
04. ANDURIÑA:	D. A. A. S.
05. ANXO:	D. Á. A. B.
06. ARENAL:	I. y Á., S.L.
07. BALAÍDOS:	Autoescola Balaídos, S.L.
08. BOSCO:	D. J. C. V..
09. CALVARIO:	D. U. C. P.
10. CARACAS:	D. M. A. P.
11. CASABLANCA:	Garauto Fernández, S.L.
12. CASELAS:	D. E. A. P..
13. CASTELAO:	Autoescola Castelao, S.L.
14. CESANTES:	D. V. A. D. S.

15. COCA:	Autoescuela Coca, S.L.
16. COVELO:	D. J. V. L.
17. COYA:	Autoescuela Coya, S.L.
18. DE LUIS:	Escuelas de Conductores de Luis, S.L.
19. D L:	Escuelas de Conductores de Luis, S.L.
20. DOBLADA:	Autoescuela Doblada, S.L.
21. ELI´S:	D. E. M. R.
22. ESPAÑA:	M. C. M. Á., S.L.
23. FARO:	Automobilística Faro, S.L.
24. FONTÁN:	Comunidade de Bens Autoescuela Fontán C.B.
25. FRAGOSO:	D. F. G. M.
26. GARFIELD:	GARFIELD, S.L.
27. GTI:	Centro de Formación Vial GTI, S.L.
28. HISPANIDAD:	Centro de Formación Vial Hispanidad. S.L.
29. JARAMA:	Autoescuela Jarama 2000, S.L.
30. LA GUÍA:	Academia La Guía, S.L.
31. LUSANT:	D. L. S. H.
32. MIÑO:	A Guarda Miño Autoescuela, S. L.
33. MONDARIZ:	MONDARIZ XESTIÓN, S.L.
34. MONTE REAL:	Autoescuela Monterreal, S. L.
35. O ROSAL:	D. F. R. P.
36. OLÍVICA:	Autoescuela Oteva Olívica, S.L.
37. O´SE ALQUILA:	D.ª H. G. F.
38. OYA:	D. J. M. S. T.
39. PASO:	Porriño, S.L.
40. PEÑA:	D. M. P. M.
41. QUEIMADELOS:	Queimadelos Portu, S. L.
42. QUYARO:	Quyaro, S.L.
43. RALLY:	D. L. M. F. L.
44. REDONDELA:	D. M. G. E.
45. RODA:	D. M. B. F.
46. SALABERRI:	Autoescuela Venezuela, S.L.
47. SALMAR:	D. R. O. S. M..
48. S. BENITO:	Formavial, S.L.
49. S. GREGORIO:	Autoescuela y Técnicos Contables San Gregorio, S.L.
50. S. JOSÉ:	Y. R., S.A.L.
51. S. TELMO:	Autoescuela San Telmo, S.L.
52. SISO:	D. E. V. Á..
53. STOP:	I. y Á., S.L.
54. TOMIÑO:	Autoescuela Tomiño, S.L.
55. TOURAL:	Autoescuela Toural, CB
56. TRAVESÍA:	D. C. Á. G.

57. TUY:	Autoescuela Tomiño, S.L.
58. VAL MIÑOR:	Autoescuela Valmiñor, S.L.
59. VIAL:	Enseñanzas Automovilísticas, S.L.
60. VIGO:	Breogán Vigo, S.L.

- Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra.

FEITOS ACREDITADOS

O Tribunal considera probados os seguintes feitos:

- 1º.- Na provincia de Pontevedra existen dous centros de exames para a obtención do permiso de circulación, un deles na cidade de Vigo (e outro na cidade de Pontevedra). As 60 autoescolas radicadas nos concellos do sur da provincia de Pontevedra que de seguido se indican, realizan as probas de aptitude para a obtención do permiso de conducir tipo B no centro de exames de Vigo:

A Guarda: ELI'S, MIÑO, S. TELMO.

Baiona: MONTE REAL (2 centros).

Gondomar: S. BENITO.

Mondariz: MONDARIZ.

Mos: LUSANT.

Nigrán: COYA, FARO (2 centros), VAL MIÑOR.

O Covelo: COVELO.

O Porriño: ANDURIÑA, LA GUÍA, PASO.

O Rosal: O ROSAL.

Oia: OYA.

Ponteareas: PEÑA, QUEIMADELOS.

Redondela: CESANTES, COCA, FARO, REDONDELA, RODA.

Salceda de Caselas: CASELAS, S. GREGORIO.

Tomiño: S. TELMO, TOMIÑO.

Tui: ALOYA, S. TELMO, TUY.

Vigo: A52, A PONTE, ANXO, ARENAL, BALAÍDOS, BOSCO, CALVARIO, CARACAS, CASABLANCA, CASELAS, CASTELAO (2 centros), COYA, DE LUIS, D L, DOBLADA (3 centros), ESPAÑA, FARO (4 centros), FONTÁN, FRAGOSO, GARFIELD, GTI, HISPANIDAD, JARAMA, LA GUÍA, LUSANT, MONTE REAL, OLÍVICA, O'SE ALQUILA, QUYARO, RALLY, RODA, S. BENITO, (2 centros), S. JOSÉ (2 centros), SALABERRI, SALMAR, SISO (2 centros), STOP, TOURAL, TRAVESÍA, VIAL, VIGO.

2º.- As autoescolas recollidas no punto 1º estiveron activas durante os anos 2003, 2004 e 2005, ofertando os seus servizos de ensinanza para a obtención do permiso de conducir tipo B, agás:

- A autoescola RODA, nas seccións de Chapela (Redondela) e Vigo, que informa que iniciou a súa actividade en xaneiro de 2004,
- A autoescola A52 que informa que iniciou as súas actividades en marzo do 2003.

Ademais, DOBLADA informa de que dende xaneiro de 2005, a sección da Av. da Florida xa non pertence á DOBLADA S.L.

RELATIVOS Á COINCIDENCIA DAS TARIFAS

3º.- O diario *La Voz de Galicia* publicou, con datas 01/08/2003, 04/02/2004 e 05/02/2004, que o custo da obtención do permiso de conducir da clase B en Vigo se estimaba sensiblemente maior, e moito menos variado, que na Coruña, a pesar de que se podería supor unha estrutura de oferta de servizos semellante en ámbalas dúas cidades. Segundo o mesmo xornal: “A media provincial de prezos revela que sacarse o carné nas Rías Baixas é tres veces máis caro que na Coruña”.

Os prezos aos que fai referencia *La Voz de Galicia* se di que corresponden a unha consulta propia, no caso das autoescolas de Vigo, e a un informe elaborado pola Federación de Consumidores en Acción (Facua), para os prezos da Coruña.

4º.- Durante os anos 2003, 2004 e 2005, e segundo os datos que obran no anexo do expediente instruído polo SGDC, existiu unha notable coincidencia nas tarifas correspondentes aos servizos de ensinanza para a obtención do permiso de conducir tipo B entre autoescolas que examinan na cidade de Vigo. Estas coincidencias danse nos prezos de matrícula, clases teóricas/mes, clases prácticas e curso completo.

5º.- As tarifas para a obtención do permiso de conducir tipo B, con IVE, aplicadas maioritariamente polas autoescolas nos anos 2003, 2004 e 2005 son as que se recollen a continuación:

Cadro 1. Tarifas aplicadas maioritariamente polas autoescolas imputadas para a obtención do permiso tipo B durante o ano 2003

Matrícula	145,00 €
Clase teórica / mes	87,00 €
Clase práctica	26,10 €
Curso completo	355,28 €

Cadro 2. Tarifas aplicadas maioritariamente polas autoescolas imputadas para a obtención do permiso tipo B durante o ano 2004

	Tarifas	Incremento sobre o ano anterior (%)
Matrícula	149,37 €	3,01
Clase teórica / mes	89,62 €	3,01
Clase práctica	26,89 €	3,02
Curso completo	365,95 €	3,00

Cadro 3. Tarifas aplicadas maioritariamente polas autoescolas imputadas para a obtención do permiso tipo B durante o ano 2005

	Tarifas	Incremento sobre o ano anterior (%)
Matrícula	155,00 €	3,76
Clase teórica / mes	93,00 €	3,77
Clase práctica	27,97 €	4,01
Curso completo	380,57 €	3,99

- 6º.- Os conceptos “matrícula”, “clase teórica/mes”, “clase práctica” e “curso completo” son habitualmente empregados polas autoescolas. Na súa análise, o TGDCo non considerou relevantes outros conceptos, xa que non se aplican de maneira xeral nin supoñen unha diferenza substancial no prezo global que aboan os clientes, como é o caso dos gastos de xestión, normalmente incluídos dentro do concepto “matrícula” ou do “curso completo”.

- 7º.- O concepto de “curso completo”, que habitualmente utilizan as autoescolas investigadas, inclúe matrícula máis catro meses de clases teóricas. A pesar de que existen algunhas diferenzas no número de clases teóricas ofertadas dentro do concepto “curso completo”, estas diferenzas resultan escasamente relevantes. Na súa Resolución do expediente 391/96, Autoescolas Linares, o Tribunal de Defensa da Competencia (TDC) sinala: *“la prestación de clases teóricas se realiza colectivamente, y no de forma individualizada para cada uno de los usuarios, por lo que los costes en que incurren las autoescuelas al realizar tal actividad no sufren modificaciones significativamente relevantes. Por ello, aunque las autoescuelas ofrezcan un número diferenciado de clases teóricas a sus clientes, esta circunstancia no puede ser considerada como justificación suficiente de que, existiendo la identidad de precios en términos monetarios, las tarifas son diferentes entre unas y otras autoescuelas.”*

Non procede, polo tanto, considerar como diferentes tarifas de “curso completo” iguais porque inclúan un número algo distinto de clases teóricas.

- 8º.- A opción “curso completo” mellora a alternativa de coller por separado a matrícula e as clases teóricas durante catro meses e, mesmo, a opción de matrícula e tres meses de clases teóricas. O Tribunal entende axeitado, para examinar a posible concertación de tarifas dos operadores, considerar como suposto típico a opción curso completo máis clases prácticas.
- 9º.- Sobre a base das tarifas máis frecuentes cada ano, recollidas nos cadros anteriores, o custo total de obtención do permiso de conducir tipo B, nos anos considerados no expediente, para un suposto alumno que se examinara en Vigo, tomara a opción de curso completo e realizara 20 clases prácticas sería o que se recolle no cadro que segue.

Cadro 4. Custo do curso completo, de 20 clases prácticas e custo total, nos diversos anos

	Ano 2003		Ano 2004		Ano 2005	
	Contía	%	Contía	%	Contía	%
Curso completo	355,28	40,49	365,95	40,49	380,57	40,49
Clases prácticas (20)	522,00	59,51	537,80	59,51	559,40	59,51
TOTAL	877,28	100,00	903,75	100,00	939,97	100,00

No suposto alternativo de que o mesmo alumno realizara 25 clases prácticas en lugar de 20, as cantidades a pagar serían as que se recollen no cadro 5.

Cadro 5. Custo do curso completo, de 25 clases prácticas e custo total, nos diversos anos

	Ano 2003		Ano 2004		Ano 2005	
	Contía	%	Contía	%	Contía	%
Curso completo	355,28	35,25	365,95	35,25	380,57	35,24
Clases prácticas (25)	652,50	64,75	672,25	64,75	699,25	64,76
TOTAL	1.007,78	100,00	1.038,20	100,00	1.079,82	100,00

Un aspecto chamativo dos cadros anteriores é o mantemento ao longo do tempo das porcentaxes correspondentes a ámbolos dous conceptos de custo considerados no prezo total. Parece que na formación do prezo total da obtención de permiso de conducir tipo B existe unha vontade no sector de que os dous conceptos de custo manteñan a mesma “ratio” nos sucesivos períodos.

- 10º.- Se nos situamos no cadro correspondente a 25 clases prácticas –o suposto considerado no recente expediente 8/04, *Autoescoles de l’Hospitalet de Llobregat*, resolto polo Tribunal Catalán de Defensa da Competencia -, pódese ver que o custo do concepto “clases prácticas” é case o dobre que o do concepto “curso completo”. Entón, dada a relevancia do custo das clases prácticas no prezo total da obtención do permiso de conducir tipo B, a análise da concertación no mesmo ten especial relevancia.

11º.- Para cada centro ou sección de autoescola, as tarifas con IVE correspondentes aos conceptos “clase práctica” e “curso completo” nos anos 2003, 2004 e 2005, segundo os datos que obran no expediente, amósanse no seguinte cadro. Para ordenar as filas do cadro tomouse como referente: (1) o prezo da clase práctica – principal concepto de custo- en 2003 de maior a menor, (2) cando existía coincidencia no prezo da clase práctica do ano 2003 entre varias autoescolas, considerábase o prezo do curso completo, tamén de maior a menor, do ano 2003, e (3) cando coincidían os dous prezos anteriores, seguíase a orde alfabética.

Cadro 6. Custo do curso completo e da clase práctica nas diversas autoescolas nos anos considerados no expediente

	Ano 2003		Ano 2004		Ano 2005	
	Clase práctica	Curso completo	Clase práctica	Curso completo	Clase práctica	Curso completo
REFERENCIA	26,10	355,28	26,89 (3,02%)	365,95	27,97 (4,01%)	380,57
NOME						
Faro (PO-78/4)	29,00	355,28	31,19	365,95	27,96	
Queimadelos (PO-34/1)	29,00		26,88	365,40	27,00	350,00
Caracas (PO-166/1)	26,89	352,01	29,94	368,58	29,72	380,16
Jarama (PO-148/1)	26,22	357,02	26,88	365,95	27,70	375,77
Aloya (PO-164/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,97	380,57
Anxo (PO-59/1)	26,10		27,02	359,60	28,18	377,00
Cesantes (PO-153/1)	26,10	355,28	26,89	365,94	27,97	380,58
De Luís (PO-213/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,97	380,58
DL PO-205/2)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,97	380,58
Faro (PO-78/1)	26,10	355,28	27,26	365,95	27,96	
Faro (PO-78/2)	26,10	355,28	26,98	365,95	27,96	
Faro (PO-78/3)	26,10		26,68	365,40	27,96	
Faro (PO-78/5)	26,10	355,28	26,88	365,95	27,96	
Faro (PO-78/6)	26,10		26,98	365,40	27,96	

Faro (PO-78/7)	26,10	355,28	26,88	365,94	27,80	
Miño (PO-217/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,97	380,58
Mondariz (PO-66/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	28,00	380,58
Redondela (PO-83/1)	26,10	355,28	26,88	365,90	27,96	380,00
S. Telmo (PO-13/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,95	380,57
S. Telmo (PO-13/2)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,95	380,57
S. Telmo (PO-13/3)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,95	380,57
Tomíño (PO-197/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,95	380,57
Toural (PO-137/1)	26,10	355,28	26,88	366,00	27,97	380,55
Tuy (PO-55/1)	26,10	355,28	26,89	365,95	27,95	380,57
Vigo (PO-150/1)	26,10	355,28	26,69	360,20	27,60	378,80
Coca (PO-0203/1)	26,10	355,00	26,89	365,00	27,97	365,00
S. Gregorio (PO-106/3)	26,10	355,00	26,89	365,95	27,96	380,57
Rally (PO-116/1)	26,10	355,00	26,89	366,00	27,80	380,00
Siso (PO-87/1)	26,10	355,00	26,00		26,50	365,40
Siso (PO-87/1)	26,10	355,00	26,00		26,50	365,40
GTI (PO-187/1)	26,10	343,35	27,00	400,00	27,00	
O Rosal (PO-212/1)	26,10	341,62	26,88	365,94	27,95	380,57
Calvario (PO-138/1)	26,10	325,00	26,89	360,00	27,97	380,00
Anduriña (PO-185/1)	26,10	307,00	26,89	333,00	27,97	345,00
Castelao (PO-120/1)	26,10	306,28	26,89	306,28	26,89	
Castelao (PO-120/2)	26,10	306,28	26,89	306,28	26,89	
A Ponte (PO-183/1)	26,00	360,00	26,80	365,00	27,79	380,00
Doblada (PO-136/1)	26,00	355,28	26,88	365,94	27,86	365,94
Doblada (PO-136/2)	26,00	355,28	26,88	365,94	27,86	365,94
Doblada (PO-136/3)	26,00	355,28	26,88	365,94	27,86	365,94

Salaberri (PO-109/1)	26,00	355,28	26,88	365,95	27,84	
A52 (PO-220/1)	26,00	355,00	26,80	366,00	26,28	366,00
Arenal (PO-177/1)	26,00	355,00	27,00	366,00	27,00	380,00
Balaídos (PO-179/1)	26,00	355,00	26,80	366,00	27,90	380,00
Coya (PO-107/1)	26,00	355,00	26,00	365,00	27,00	380,00
Coya (PO-107/2)	26,00	355,00	26,00	365,00	27,00	380,00
Hispanidad (PO-209/1)	26,00	355,00	26,00	365,00	28,00	380,00
La Guía (PO-50/4)	26,00	355,00	26,90	365,00	27,95	380,60
La Guía (PO-50/5)	26,00	355,00	26,89	365,95	27,95	380,60
Monte Real (PO-190/3)	26,00	355,00	26,90	366,00	27,90	380,00
O´Se Alquila (PO-1/1)	26,00	355,00	26,80	366,00	27,90	370,00
Peña (PO-219/1)	26,00		26,90	365,95	28,00	380,58
Stop (PO-8/1)	26,00	355,00	27,00	366,00	27,00	366,00
Oya (PO-176/1)	26,00	353,00	26,50	363,00	28,00	376,00
S. Benito (PO-111/1)	26,00	353,00	26,50	365,00	27,90	380,00
S. Benito (PO-111/2)	26,00	353,00	26,50	365,00	27,90	380,00
S. Benito (PO-111/3)	26,00	353,00	26,50	365,00	27,90	380,00
Monte Real (PO-190/1)	26,00	350,00	27,00	366,00	27,90	370,00
Monte Real (PO-190/2)	26,00	350,00	27,00	366,00	27,90	370,00
Vial (PO-62/1)	26,00	320,00	26,89	355,00	26,89	355,00
Rande	26,00	200,00	26,50	200,00	27,50	230,00
Olivica (PO-195/1)	25,90	354,60	26,80	365,95	26,80	365,95
Fontán (PO-123/1)	25,63	348,00	26,88		27,97	380,00
Bosco (PO-144/1)	25,52	353,80	26,10	365,40	27,84	377,00
Lusant (PO-24/1)	25,52	345,68	26,89	365,95	28,00	380,58
Lusant (PO-24/2)	25,52	345,68	26,89	365,95	28,00	380,00

Paso (PO-126/1)	25,52		26,70		29,00	
Eli's (PO-188/1)	25,26	345,00	26,10	355,00	27,93	381,00
Val Miñor (PO-32/1)	25,10	341,62	26,00	365,54	27,96	380,00
Covelo (PO-161/1)	25,10	341,04	26,68	365,40	27,96	380,48
Caselas (PO-82/2)	25,10	323,49	26,89	365,95	27,90	380,50
Fragoso (PO-151/1)	25,00	340,00	27,00	365,00	28,00	380,00
Avenida	25,00	295,00	25,00	308,00	25,00	325,00
Salmar (PO-221/1)	24,75	354,75	25,52	365,40	27,00	380,00
Travesía (PO-184/1)	24,75	348,81	25,52	359,60	26,29	370,39
Caselas (PO-82/1)	24,40	278,87	26,89	365,95	27,90	380,50
Quyaro (PO-58/2)	24,35	306,24	25,52	348,00	27,84	382,80
Garfield (PO-191/1)	24,00	260,00	25,00	350,00	25,00	350,00
Cañiza	23,20	243,60	23,20	261,00	23,20	261,00
As Neves	23,20	210,00	25,52	232,00	25,52	260,00
Alonso	21,63	278,86	26,10	232,02	26,10	232,02
España (PO-14/1)	21,00		26,66	365,71	28,00	
San José (PO-10/1)	20,22	310,00	20,22	325,00	20,22	350,00
San José (PO-10/3)	20,22	310,00	20,22	325,00	20,22	350,00
Casablanca (PO-48/1)	19,50		26,60		22,39	
Turbo	18,84	241,00	20,13	290,00	23,20	217,50
Roda (PO-91/1)	Non operativa	Non operativa	26,68	366,56	26,68	366,56
Roda (PO-91/3)	Non operativa	Non operativa	26,88	365,94	26,88	365,94

Nota: En negriña atópanse os prezos de cada ano que coinciden cos prezos de referencia ou que se atopan no intervalo de máis-menos 1% do prezo de referencia, tanto no custo da clase práctica coma no custo do curso completo. Os intervalos son:

- 2003: clase práctica [25,84 - 26,36]; curso completo [351,63 – 358,83].
- 2004: clase práctica [26,63 - 27,15]; curso completo [362,30 – 369,69].
- 2005: clase práctica [27,70 - 28,24]; curso completo [376,77 – 384,37].

- 12º.- Para algunhas autoescolas non existe información completa das súas tarifas nos dous conceptos considerados nalgún(s) ano(s).
- 13º.- O prezo total de obtención do permiso de conducir tipo B en cada autoescola para un alumno que tomara a opción de curso completo e 25 clases prácticas, ordenados de maior a menor segundo o custo do ano 2003, a partir dos datos recollidos no cadro do punto anterior, é o que se amosa no cadro seguinte. Tamén se recolle o incremento anual do custo total en porcentaxe.

Cadro 7. Custo total de obtención do permiso de conducir en cada unha das autoescolas no suposto de 25 clases prácticas, nos anos considerados no expediente

	Ano 2003	Ano 2004		Ano 2005	
	Custo total	Custo total	Incremento 2003-2004	Custo total	Incremento 2004-2005
REFERENTE	1007,78	1038,20	3,01%	1079,82	4,00%
NOME					
Faro 4	1080,28	1145,70	13,91%		
Caracas	1024,26	1117,08	9,06%	1123,16	0,54%
Jarama	1012,52	1037,95	2,51%	1068,27	2,92%
Queimadelos		1037,40		1025,00	-0,11%
A Ponte	1010,00	1035,00	2,47%	1074,75	3,84%
Aloya	1007,78	1038,20		1079,82	4,00%
Anxo		1035,10		1081,50	4,48%
Cesantes	1007,78	1038,19	3,01%	1079,83	4,00%
De Luís	1007,78	1038,20	3,01%	1079,83	4,00%
DL	1007,78	1038,20	3,01%	1079,83	4,00%
Faro 1	1007,78	1047,45	3,93%		
Faro 2	1007,78	1040,45	3,24%		
Faro 3		1032,40			
Faro 5	1007,78	1037,95	2,99%		
Faro 6		1039,90			
Faro 7	1007,78	1037,94	2,99%		
Miño	1007,78	1038,20	3,01%	1079,83	4,00%
Mondariz	1007,78	1038,20	3,01%	1080,58	4,08%
Redondela	1007,78	1037,90	2,98%	1079,00	3,95%
S. Telmo 1	1007,78	1038,20	3,01%	1079,32	3,96%
S. Telmo 2	1007,78	1038,20	3,01%	1079,82	4,00%
S. Telmo 3	1007,78	1038,20	3,01%	1079,32	3,96%
Tomiño	1007,78	1038,20	3,01%	1079,32	3,96%
Toural	1007,78	1038,00	2,99%	1079,80	
Tuy	1007,78	1038,20	3,01%	1079,32	3,96%
Vigo	1007,78	1027,45	1,95%	1068,80	
Coca	1007,50	1037,25	2,95%	1064,25	2,60%
S. Gregorio	1007,50	1038,20	3,04%	1079,57	3,98%
Rally	1007,50	1038,25	3,05%	1075,00	3,53%
Siso 1	1007,50			1027,90	
Siso 2	1007,50			1027,90	
Doblada 1	1005,28	1037,94	3,24%	1062,44	2.36%
Doblada 2	1005,28	1037,94	3,24%	1062,44	2.36%
Doblada 3	1005,28	1037,94	3,24%	1062,44	2.36%
Salaberri	1005,28	1037,95			
A52	1005,00	1036,00	3,08%	1023,00	
Arenal	1005,00	1041,00	3,58%	1055,00	1,34%
Balaídos	1005,00	1036,00	3,08%	1077,50	
Coya 1	1005,00	1015,00	0,99%	1055,00	3,94%
Coya 2	1005,00	1015,00	0,99%	1055,00	3,94%
Hispanidad	1005,00	1015,00	0,99%	1080,00	6,40%

La Guía 4		1005,00	1037,50	3,23%	1079,35	4,034%
La Guía 5		1005,00	1038,20	3,30%	1079,35	3,96%
Monte Real 3		1005,00	1038,50		1077,50	
O´Se Alquila		1005,00	1036,00	3,08%	1067,50	3,04%
Peña			1038,45		1080,58	
Stop		1005,00	1041,00	3,58%	1041,00	0,00%
Oya		1003,00	1025,50	2,24%	1076,00	4,92%
S. Benito 1		1003,00	1027,50	2,24%	1077,50	4,86%
S. Benito 2		1003,00	1027,50	2,24%	1077,50	4,86%
S. Benito 3		1003,00	1027,50	2,24%	1077,50	4,86%
Olivica		1002,10	1035,95	3,37%	1035,95	
Monte Real 1		1000,00	1041,00	4,10%	1067,50	3,04%
Monte Real 2		1000,00	1041,00	4,10%	1067,50	2,54%
GTI		995,85	1075,00			
O Rosal		994,12	1037,94	4,40%	1079,32	3,98%
Bosco		991,80	1017,90	2,63%	1073,25	
Fontán		988,75			1079,25	
Lusant 1		983,68	1038,20	5,54%	1080,00	4,02%
Lusant 2		983,68	1038,20	5,54%	1080,00	4,02%
Paso						
Calvario		977,50	1032,25		1079,25	4,55%
Eli´s		976,50	1007,50	3,17%	1079,25	
Salmar		973,50	1003,40	3,07%	1055,00	
Vial		970,00	1027,25		1027,25	0,00%
Caselas 2			1038,20		1078,00	3,83%
Val Miñor		969,12	1015,54	4,78%	1079,00	6,24%
Covelo		968,54	1032,40	6,59%	1079,48	4,56%
Fragoso		965,00	1040,00	7,77%	1080,00	3,84%
Anduriña		959,50	1005,25		1044,25	
Castelao 1		958,78	978,53			
Castelao 2		958,78	978,53			
Avenida		920,00	933,00	1,41%	950,00	1,82%
Travesía		967,56	997,60	3,10%	1027,64	
Quyaró		914,99	986,00		1078,80	9,41%
Caselas 1		888,87	1038,20		1078,00	3,83%
Garfield		860,00	975,00	13,3%	975,00	0,00%
Rande		850,00	862,50	1,47%	917,50	6,37%
Cañiza		823,60	841,00	2,11%	841,00	0,00%
Alonso		819,61	884,52	7,91%	884,52	0,00%
San José 1		815,50	830,50		855,50	
San José 3		815,50	830,50		855,50	
España			1032,21			
As Neves		790,00	870,00		898,00	3,21%
Casablanca						
Turbo			793,25		797,50	0,53%
Roda 1	Non operativa		1033,56		1033,56	0,00%
Roda 3	Non operativa		1037,94		1037,94	0,00%

- Nota: En negriña está o custo total, para cada ano, cando ese custo se integra no intervalo máis-menos o 1% do custo total de referencia.

- 14º.- A exame dos cadros recollidos nos puntos anteriores amosa coincidencias das tarifas correspondentes ao curso completo e as clases prácticas a nivel de céntimo de euro, así como diferenzas pequenas no custo total de obtención do permiso de conducir, entre autoescolas situadas en concellos diferentes e con estruturas operativas tamén diferentes, en algún(s) dos anos considerados no expediente. Porén, os cadros anteriores tamén mostran que algúns dos operadores imputados ofrecen os seus servizos a tarifas sensiblemente menores das consideradas de referencia.
- 15º.- No cadro que segue se amosan, por orde alfabética, as autoescolas imputadas e os anos de coincidencia das tarifas. Dado que nalgúns casos as autoescolas non proporcionaron a información sobre as súas tarifas nos conceptos considerados, cando puideron facelo o longo do proceso para demostrar dun xeito doado a non coincidencia dos seus prezos cos da concertación, o TGDC considerou os baleiros de información como coincidentes cos prezos de referencia cando existía algún elemento de coincidencia nas tarifas coñecidas.

Cadro 8. Coincidencia das tarifas das autoescolas cos valores de referencia nos anos considerados no expediente

	Coincidencia das tarifas durante os anos que se citan
NOME	
A52 (comezou a actividade en marzo del 2003)	2003, 2004
A Ponte	2003, 2004, 2005
Aloya	2003, 2004, 2005
Anduriña	2003 (n), 2004 (n), 2005 (n)
Anxo	2003, 2004 (s), 2005
Arenal	2003, 2004, 2005 (n)
Balaídos	2003, 2004, 2005
Bosco	2003 (n), 2004 (n), 2005
Calvario	2003 (n), 2004 (s), 2005
Caracas	2003 (n), 2004 (n), 2005 (n)
Casablanca	Ningunha
Caselas 1, 2	2004, 2005
Castelao 1, 2	2003 (n), 2004 (n)
Cesantes	2003, 2004, 2005
Coca	2003, 2004, 2005 (n)
Covelo	2004, 2005
Coya 1, 2	2003, 2004 (n), 2005 (n)
De Luís	2003, 2004, 2005
D L	2003, 2004, 2005
Doblada 1, 2, 3	2003, 2004, 2005 (n)
Eli's	2005
España	2004, 2005
Faro 1, 2, 3, 5, 6,7	2003, 2004, 2005
Faro 4	2004
Fontán	2004, 2005
Fragoso	2004, 2005
Garfield	Ningunha
GTI	2003 (n), 2004 (n)
Hispanidad	2003, 2004 (n), 2005
Jarama	2003, 2004, 2005 (n)
La Guía 4, 5	2003, 2004, 2005
Lusant 1, 2	2004, 2005
Miño	2003, 2004, 2005
Mondariz	2003, 2004, 2005
Monte Real 1, 2	2003 (s), 2004, 2005 (n)

Monte Real 3	2003, 2004, 2005
O Rosal	2003 (n), 2004, 2005
Olivica	2003, 2004
O´Se Alquila	2003, 2004, 2005 (n)
Oya	2003 (s), 2004 (n) 2005 (s)
Paso	2004
Peña	2003, 2004, 2005
Queimadelos	2004
Quyaro	2005
Rally	2003, 2004, 2005
Redondela	2003, 2004, 2005
Roda 1, 3	2004
Salaberri	2003, 2004, 2005
Salmar	2003 (n), 2004 (n), 2005 (n)
S. Benito 1, 2, 3	2003, 2004 (n), 2005
S. Gregorio	2003, 2004, 2005
S. José 1, 3	Ningunha
S. Telmo 1, 2, 3	2003, 2004, 2005
Siso 1, 2	2003
Stop	2003, 2004
Tomiño	2003, 2004, 2005
Toural	2003, 2004, 2005
Travesía	2005 (n)
Tuy	2003, 2004, 2005
Val Miñor	2004 (n), 2005
Vial	2003 (n), 2004 (n)
Vigo	2003, 2004 (n), 2005 (n)

Nota:

- En negriña está(n) o ano(s) en que as dúas tarifas consideradas na análise do custo total coinciden coas de referencia (ou se atopan no intervalo do máis-menos 1%).
- (s) Significa que unha das dúas tarifas consideradas coincide coa de referencia (ou se atopa no intervalo do máis-menos 1%) e o custo total coincide co custo total de referencia (ou se atopa no intervalo máis-menos 1% do custo total de referencia).
- (n) Significa que unha das dúas tarifas consideradas coincide coa de referencia (ou se atopa no intervalo do máis-menos 1%), pero o custo total non coincide co custo total de referencia (ou non se atopa no intervalo máis-menos 1% do custo total de referencia).

- 16º.- Xunto á coincidencia das tarifas, identifícase unha modificación anual das mesmas por parte de autoescolas, en moitos casos, en datas próximas, especialmente en febreiro ou marzo de cada ano. Entón, en algúns casos, á coincidencia das tarifas ten que se engadir a coincidencia das datas do seu cambio.
- 17º.- O incremento das tarifas no primeiro trimestre non foi executada por varias autoescolas: CASABLANCA, que modificou as tarifas do ano 2004 o 1 de agosto e S. JOSÉ, as 2 seccións de Vigo, que modificou as tarifas do 2004 e 2005 no mes de xuño de cada ano.
- 18º.- As autoescolas recollen as súas tarifas en cadros. No expediente tense identificados cadros de tarifas similares, tanto en contido como en forma, en diversas autoescolas. Así, correspondentes ás tarifas sen IVE do ano 2004, cadros iguais aos entregados pola autoescola RANDE, foron proporcionados, entre outras polas seguintes autoescolas: LUSANT (f.143), JARAMA (f. 150), FARO (Av. De Vigo) (f. 185), SISO (f. 333), COVELO (f. 386) e VAL MIÑOR (f. 460. 4). Outras autoescolas entregaron cadros iguais entre sí, pero diferentes dos anteriores, xa que tiñan incorporado o IVE nas tarifas. Neste caso atópanse, entre outras: S. TELMO (f. 319), ALOYA (f.621) e CASELAS (f. 727).
- 19º.- Os cadros de tarifas para a obtención do permiso de conducir tipo B nos que coinciden prezos e deseño están feitos de modo que as autoescolas receptoras dos mesmos só teñan que pór o seu nome e selo.
- 20º.- Non están identificadas as persoas que elaboraron os cadros de tarifas, con e sen IVE, idénticos en todos os seus elementos, dispoñibles en diversas autoescolas.
- 21º.- A coincidencia a nivel de céntimo de euro nos prezos cobrados por autoescolas localizadas en diferentes concellos da provincia de Pontevedra, nalgúns casos durante varios anos; o feito de que as modificacións dos prezos foran realizadas por autoescolas imputadas en datas próximas; e a existencia de cadros de tarifas para a obtención do permiso de conducir tipo B idénticos -en prezos e deseño- en diversas autoescolas; todos estes aspectos constitúen indicios razoábeis da existencia dunha práctica concertada para a fixación de prezos entre as autoescolas.

RELATIVOS Á RECOMENDACIÓN COLECTIVA

- 22º.- A Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra é unha entidade legalmente constituída, que foi creada o 23 de novembro de 1976, e que como tal opera no mercado defendendo os intereses profesionais dos seus asociados (documentación da Asociación en f. 1094 a 1115).
- 23º.- Nos Estatutos da Asociación establécese, entre as funcións asignadas á mesma, a de *“Participar en la regulación de precios y costes de esta modalidad de enseñanza, a nivel provincial, autonómico o nacional, dentro del marco legal de actuación que le sea propio y permitido”* (punto 11º).
- 24º.- Membros da Asociación visitaban aos responsables das autoescolas da zona e lles recomendaban activamente, no nome da Asociación, o respecto das tarifas establecidas. En relación a este punto son relevantes as manifestacións do propietario da Autoescola RANDE, S.L. que, na citada comparecencia, manifestou (f. 1116-1118): *“con cierta periodicidad recibe la visita de una comisión formada por propietarios de otras autoescolas de la misma zona que, en nombre de la asociación, insisten en que debe aplicar los precios que se le han recomendado y muestran su disconformidad con la aplicación de tarifas distintas. Él ha insistido siempre en explicar que sus tarifas las debe fijar él mismo, como propietario de la autoescuela, y no por imposición de terceros. En la última visita de esta comisión, cuya fecha exacta no recuerda pero que fue después del verano de 2005, no les permitió la entrada en su autoescuela y les dijo de forma taxativa que no volvieran a visitarle. No ha vuelto a recibir desde entonces visitas de este tipo”*.

Nun contacto telefónico co propietario da autoescola RANDE realizado polo SGDC o día 5 de outubro de 2006, para ofrecerlle a posibilidade de declarar confidencial o seu testemuño do 30 de marzo de 2007, no caso de que o considerara conveniente, este rexeitou esta posibilidade, indicando que non tiña nada que ocultar. Así mesmo, manifestou que uns 15 días antes desa chamada, tres propietarios de autoescolas foron a visitalo novamente para que modificara os seus prezos, xa que era mellor que todos cobraran o mesmo e que, se non o facía así, ía pasar coma na Coruña, onde cada un cobra o que quere e os prezos caen.

Tanto as primeiras como as segundas manifestacións non foron negadas por ninguén nas sucesivas alegacións efectuadas polos

representantes da Asociación nin polos propietarios ou representantes das autoescolas imputadas.

- 25º.- Non están identificados os membros da Asociación que realizaban as visitas para instar aos propietarios das autoescolas que respectaran as tarifas establecidas, xa que o implicado non as identificou.
- 26º.- O feito de que membros da Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra visitaran aos responsables das autoescolas da zona e lles recomendaran, no nome da Asociación, o respecto das tarifas establecidas; o feito de que no punto 11º dos Estatutos da citada Asociación se estableza, entre as funcións asignadas á mesma, a de *“Participar en la regulación de precios y costes de esta modalidad de enseñanza, a nivel provincial, autonómico o nacional, dentro del marco legal de actuación que le sea propio y permitido”*; a afirmación do presidente da Asociación de que *“Hacemos un estudio anual de costes y luego cada autoescuela lo acata o lo asume si quiere. (...) hacemos el estudio cada año, lo presentamos y luego el que quiere lo acepta o no”*; xunto coa coincidencia dos prezos cobrados por autoescolas localizadas en diferentes concellos da provincia de Pontevedra; o feito de que as modificacións dos prezos sexan realizadas por autoescolas imputadas en datas próximas; e a existencia de cadros de tarifas para a obtención do permiso de conducir tipo B idénticos -en prezos e deseño- en diversas autoescolas; todos estes aspectos constitúen probas e indicios razoábeis da existencia dunha recomendación colectiva de prezos pola Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 3.1 da Lei 6/2004, do 12 de xullo, o TGDC ten atribuída a competencia para resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto: a) Acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas, prohibidas no número 1 do artigo 1 da Lei de defensa da competencia, sempre que as mesmas teñan os seus efectos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- A presente resolución dítase ao abeiro do disposto na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, ao tratarse dun expediente incoado con anterioridade a entrada en vigor da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da

competencia, en aplicación do disposto no apartado 1º da Disposición transitoria primeira, da citada Lei 15/2007.

TERCEIRO.- As condutas imputadas refírense á obtención do permiso de conducir tipo B. Trátase do permiso máis demandado e non existe substituíbidade de dito produto por outras modalidades de permiso de condución. Na práctica sancionadora do Tribunal de Defensa da Competencia existen precedentes sobre a consideración deste permiso de condución como un produto diferenciado, que determina un mercado de produto relevante respecto do que se poden imputar condutas prohibidas (Resolución do 31/01/1991, exp. 282/90; Resolución do 05/06/1997, no exp. 391/96).

CUARTO.- O presente expediente sancionador foi instruído contra as autoescolas que figuran como interesadas no expediente, establecidas na provincia de Pontevedra e que presentan alumnos as probas de aptitude que celebra a Dirección Xeral de Tráfico na cidade de Vigo, e contra a Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra. Ao tratarse de dúas imputacións que se corresponden con infraccións distintas e imputados tamén diferentes, procede examinar por separado cada unha das condutas.

QUINTO.- No que se refire as autoescolas imputadas, trátase de dilucidar a partir das probas indiciarias, se estas levaron a cabo unha conduta prohibida por el artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia (LDC), que prohíbe todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia mediante, en particular, a fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais o de servizo restrinxindo así a libre competencia nun aspecto vital para o interese dos cidadáns como é a obtención do permiso de conducir, elemento esencial na vida laboral e social actual.

SEXTO.- A utilización de probas indiciarias supón, tal como sinala o TDC na Resolución do expediente 421/97 (Autoescolas Collado_Villalba), la *“aplicación en este campo de la técnica procesal de la prueba de presunciones, respecto de la cual el Tribunal Constitucional ha admitido que la convicción judicial formada en un proceso sobre la base de una prueba indiciaria*

no se opone al derecho a la presunción de inocencia siempre que los indicios estén plenamente probados y no consistan en meras sospechas, y se explicita el razonamiento por el que, partiendo de los indicios, se llega a la conclusión de que el imputado realizó la conducta infractora (Sentencias nos 174/1985, 175/1985 y 229/1988). Su utilización en el ámbito del Derecho de la Competencia ha sido también admitida por la jurisprudencia del Tribunal Supremo (STS de 28 de noviembre de 1996) y de la Audiencia Nacional (Sentencias de 27 de marzo de 1996, 8 de julio de 1996, 30 de septiembre de 1996 y 18 de octubre de 1996).” (p. 12).

SÉTIMO.- Máis concretamente, no que se refire as autoescolas imputadas, a conduta que se lles atribúe é unha conduta prohibida polo artigo 1.1.a) da LDC, consistente na realización dunha práctica concertada de fixación de prezos para a obtención do permiso de conducir tipo B nalgún(s) ano(s) do período 2003-2005, xa que, segundo consta no expediente, autoescolas que realizan as probas de aptitude na cidade de Vigo ofertan os seus servizos cunha notable coincidencia nos prezos aos consumidores, o que exclúe a competencia entre elas.

Segundo o TDC (Resolución 13/07/1988), unha práctica concertada é unha *“conduta anticompetitiva que se deriva dunha identidade de comportamentos que non se explican de modo natural pola propia estrutura ou as condicións de competencia do mercado e que por esta razón induce a pensar na existencia de acordos tácitos ou formas de coordinación entre os operadores económicos”*.

A existencia dunha práctica concertada entre as autoescolas que realizan os exames de aptitude en Vigo resultaría demostrada se é posible acreditar, por medio de presuncións construídas a partir das evidencias reveladas polos feitos, a ausencia dunha explicación coherente e suficiente de que os prezos son coincidentes pola propia estrutura do mercado ou polas condicións de competencia. Consecuentemente, no caso de que non se poida explicar a coincidencia dos prezos en base á dinámica do mercado das autoescolas, cómpre aceptar que a coincidencia das tarifas é unha práctica concertada ou a consecuencia dunha recomendación colectiva.

OITAVO.- Polo que se refire á conduta imputada aos responsables das autoescolas, e antes de entrar no fondo do asunto –se a dinámica natural do mercado leva á coincidencia nas tarifas-, procede dar resposta ás alegacións formuladas, alegacións que se efectúan tanto dende a Asociación como dende as propias autoescolas.

A este respecto cómpre destacar que aínda que non todas as autoescolas presentaron as súas conclusións, as que o fan repiten as mesmas alegacións e, en moitos casos, os mesmos argumentos. Todo elo coincide, a súa vez, coas alegacións e argumentacións do representante da Asociación. No seu conxunto, as alegacións son as recollidas nos seguintes puntos.

A) As condutas impútanse ós titulares das autoescolas, pero estes non se enumeran. Arguméntase que os nomes comerciais das autoescolas carecen de capacidade xurídica e, por tanto, estas non poden ser imputadas. Consecuentemente, a partir da suposta indefensión en que se atoparían os titulares das autoescolas, alégase a nulidade do expediente sancionador.

Esta primeira alegación xa foi formulada polos interesados en diversos momentos ao longo da tramitación do expediente e tivo cumprida resposta polo SGDC na fase de instrución, que destacou que estes non podían alegar descoñecemento ou indefensión posto que na información solicitada ás autoescolas a través dos cuestionarios se lles pedía: “o nome do titular ou representante do negocio, indicando que se debía achegar documentación acreditativa. Esixíase, ademais, a sinatura de cada titular ou representante ó final do cuestionario. Esta petición de información foi debidamente cumprimentada por tódalas imputadas. Polo tanto, os titulares das autoescolas, por si mesmos ou a través dos seus representantes legais cando se trata de persoas xurídicas, tiveron coñecemento do expediente e realizaron, nos momentos procedimentais oportunos, as alegacións que consideraron pertinentes, incluídas as presentadas ó prego de concreción de feitos.”

Asemade, ao longo do expediente, os imputados puideron, e de feito así fixérono en diversas ocasións, presentar alegacións en defensa dos seus intereses, polo que non cabe falar de indefensión algunha.

B) Os titulares das autoescolas non mantiveron contactos explícitos ou implícitos para a fixación de prezos

Efectivamente non existe unha proba directa de reunións ou contactos entre os titulares das autoescolas. Se estas probas directas existiran, non estaríamos a falar dunha práctica concertada, senón dun acordo entre os operadores imputados.

Por tanto, a non existencia dunha proba directa só indica que non é aplicable a figura de “acordo”, pero non imposibilita a imputación de “práctica concertada”.

C) Non procede utilizar o índice SSNIP, xa que este utilízase en situacións de mercado completamente diferentes.

A utilización do índice SSNIP relaciónase coa avaliación de que diferenzas nas tarifas das diversas autoescolas se poden considerar coincidentes, xa que para admitir tal coincidencia non se require unha igualdade nas tarifas. Así, na Resolución do expediente 8/04 (Autoescoles de l’Hospitalet de Llobregat) do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia (TCDC) dícese que: *“Cabe señalar que la exacta identidad del precio no es requisito necesario, y que el mantenimiento del precio de coincidencia “antiguo” tiene una incidencia mínima en el precio final del carnet, pues la diferencia entre las dos tarifas vigentes en los años 2002 y 2003 (329,95 € y 340 €) representa tan sólo un 1% del coste total de un carnet del permiso B según los precios citados en Hecho Probado Sexto”* (p. 15-16). Neste mesmo sentido, no expediente sancionador 582/2004 (Autoescolas de Extremadura) do TDC, faise referencia ao sospeitoso dos comportamentos que teñen *“prezos altos e casi idénticos valores”* (p. 9). Finalmente, na Sentenza da Audiencia Nacional, de 19 de xullo de 2004, dise: *“tampoco podemos admitir la exigencia de una identidad plena en las tarifas para que pueda concluirse la concertación, pues la similitud de las tarifas induce racionalmente a concluir la concertación, cuando las similitudes son potencialmente aptas para restringir o falsear la libre competencia”* (Fundamento Xurídico Terceiro, p. 3).

Así pois, é razoable asumir que existe un intervalo de prezos dentro do cal se pode presumir a existencia de concertación entre os operadores, xa que para iso non é necesario que as

tarifas sexan absolutamente idénticas (aínda que algunhas o sexan neste expediente). A tal fin, no informe-proposta do SGDC recórrase ao índice SSNIP e considera unha porcentaxe do 5%.

Aínda que o valor do 5% correspondente ao uso deste índice pode ser correcto, o TGDC entende, deixando aberto o tema, que a importancia do permiso de conducir para todos os segmentos de poboación, tamén para os de dispoñen de rendas máis baixas, pode facer que a sensibilidade ao prezo sexa elevada, polo que diferencias menores ao 5% poden ser relevantes na elección da autoescola polo consumidor. Por este motivo, o TGDC considera que as tarifas correspondentes aos dous conceptos analizados –clase práctica e curso completo- e o prezo total se poden considerar, utilizando a terminoloxía do TDC, “case idénticas” cando coinciden plenamente ou se atopan no intervalo de máis-menos o 1% do valor de referencia.

D) As estruturas de mercado das autoescolas en Vigo “poden ser diferentes a outras cidades como A Coruña”. A diferenza de prezos entre ambas pode explicarse “quizá” por prácticas ilegais que permiten aplicar prezos máis baixos: traballadores incumprindo o convenio ou dando máis horas de clase que as permitidas, profesores sen título, vehículos sen cumprir a normativa, etc.

Non parece aceptable o argumento de que todo o sector de autoescolas dunha cidade ou dunha provincia -por exemplo, A Coruña- estea a fixar prezos que fan a súa actividade non rendible economicamente e, ao mesmo tempo, todos os operadores executen actividades ilegais no ámbito laboral, da seguridade viaria, e outras, sen que ningún operador e ningunha autoridade o denuncie.

E) Unha baixada de prezos podería supoñer competencia desleal contraria ó art. 17 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro.

Unha baixada nos prezos dos servizos das autoescolas de Vigo nunca sería contraria á competencia, agás no caso de que se demostrara a existencia de prezos predatorios, o que ninguén suxeriu.

F) Descoñécese a veracidade e fiabilidade dos datos referentes aos prezos das autoescolas nos estudos realizados por Facua e Consumer.

É certo que a información relativa aos estudos realizados por Facua e Consumer é limitada e que, polo tanto, non se pode avaliar a súa fiabilidade. En consecuencia, os seus resultados só poden ser considerados dun xeito complementario e marxinal ás demais informacións recollidas no expediente.

G) Non se teñen en conta posibles diferenzas nas tarifas a causa dos gastos de xestión que se cobra nalgunhas delas ou das ofertas que cada titular ofrece.

A posible diferenciación dos prezos finais como resultado de que os gastos de xestión sexan cobrados por algunhas autoescolas e non por outras non se ten demostrado no expediente, non aportando os operadores ningunha información fiable que permita verificar este aspecto. O mesmo pódese dicir da existencia das ofertas a que se fai referencia nesta alegación que, ademais, non configuran unha modificación esencial e permanente das tarifas habituais.

H) A modificación de tarifas, practicamente simultánea ó longo do primeiro trimestre do ano, é o normal, pero non existe identidade absoluta nas datas de modificación das tarifas de cada autoescola, o que si ocorría se as tarifas se cambian “tras unha reunión”.

Unha práctica concertada de prezos significa que non existen razóns derivadas da dinámica do mercado para que os operadores se comporten como o fan. O elemento esencial é, por tanto, que os prezos coincidan. A reincidencia nesta práctica amosaríase se, tras sucesivas modificacións, seguen a coincidir.

I) Unha autoescola non pode ser imputada xa que é a única no seu concello e, polo tanto, non ten competidores.

Esta alegación foi formulada pola autoescola MONDARIZ, que sinala que é a única do concello e, polo tanto, non compite con outras. Tal como sinala o SGDC, a delimitación do mercado xeográfico relevante é importante na análise doutro tipo de condutas prohibidas pola LDC, como o abuso de posición de dominio, pero non o é cando se trata de analizar prácticas

concertadas. Tampouco compiten entre elas empresas que se sitúan en distintos niveis na cadea de produción e mais, en certos casos, os seus acordos poden ser ilícitos. Entón, no caso de acordos de prezos, a conduta ilícita debe imputarse a tódolos operadores que actúen de forma concertada, independentemente da súa localización xeográfica.

NOVENO.- A cuestión de fondo recóllese na alegación de que a similitude de prezos deriva da similitude da estrutura das autoescolas imputadas. Así, a meirande parte das autoescolas imputadas indica que os custos que ten que asumir a empresa constitúen o seu criterio de fixación das tarifas, engadindo que o 80% das autoescolas de Vigo teñen unha organización de persoal e medios idéntica, que se identifica cos medios mínimos esixidos polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro. Outros criterios de fixación das tarifas mencionados son os seguintes: incremento do IPC; “o estudo do mercado na zona”, “sondaxes de prezos e condicións doutras autoescolas”, “competencia de mercado no entorno”, e outros.

Os imputados explican a identidade de prezos basicamente mediante criterios relacionados con seus custos e factores asociados á estrutura do mercado. Os argumentos principais son dous: (1) a maioría das autoescolas teñen unha organización de persoal e medios idéntica e (2) as autoescolas operan nun mercado de competencia perfecta.

A) Factores de custo.

O argumento de que a coincidencia de prezos é consecuencia do feito de que as autoescolas teñen unha estrutura de custos similar é pouco consistente, tal como amosa a aplicación dun modelo econométrico aos datos dispoñibles, segundo a información remitida á Dirección Xeral de Defensa da Competencia ó inicio da fase de información reservada, en parte contida na peza separada aberta polo SGDC.

O suposto de que o prezo (custo) total para a obtención do permiso de conducir (Y), variable a explicar, ven determinado polas variables explicativas: tipo de local (propiedade ou aluguer) (X_1), número de profesores (X_2) e número de automóbiles (X_3), se podería representar como:

$$Y_t = B_0 + B_1X_{1t} + B_2X_{2t} + B_3X_{3t} + \epsilon$$

Previamente á estimación do modelo, a análise dos datos para cada ano considerado indica que existe unha moi elevada correlación entre o número de profesores e o número de automóbiles das autoescolas, polo que, para evitar problemas de multicolinealidade, cómpre modificar o modelo e considerar unicamente unha destas variables (por exemplo, o número de profesores).

Os resultados do modelo para cada un dos anos examinados son os seguintes:

- Ano 2003: $Y = 991,6 - 8,19X_1 + 3,88X_2$ ($R^2 = 0,014$; sig. = 0,614)
- Ano 2004: $Y = 1024,8 + 1,51X_1 + 1,62X_2$ ($R^2 = 0,004$; sig. = 0,872)
- Ano 2005: $Y = 1070,8 + 1,00X_1 - 1,80X_2$ ($R^2 = 0,014$; sig. = 0,664)

Pódese comprobar que, nos tres anos considerados, o R^2 é case nulo, o que indica que o modelo non ten capacidade explicativa algunha, sendo claramente non significativo ao nivel 0,05. Tampouco é significativa ningunha das dúas variables explicativas consideradas.

Se a análise fáise para o prezo da clase práctica e o prezo do curso completo, os resultados para cada un dos anos examinados son os seguintes:

- Ano 2003 (Clase práctica): $Y = 25,59 + 0,374X_1 + 0,005X_2$ ($R^2 = 0,008$; sig. = 0,746)
- Ano 2003 (Curso completo): $Y = 343,5 - 3,37X_1 + 1,41X_2$ ($R^2 = 0,010$; sig. = 0,715)
- Ano 2004 (Clase práctica): $Y = 26,57 + 0,01X_1 + 0,02X_2$ ($R^2 = 0,001$; sig. = 0,963)
- Ano 2004 (Curso completo): $Y = 360,54 + 2,11X_1 + 0,77X_2$ ($R^2 = 0,013$; sig. = 0,630)
- Ano 2005 (Clase práctica): $Y = 27,30 + 0,23X_1 + 0,15X_2$ ($R^2 = 0,006$; sig. = 0,793)
- Ano 2005 (Curso completo): $Y = 378,55 + 4,61X_1 - 1,78X_2$ ($R^2 = 0,057$; sig. = 0,173)

Estes resultados indican, de modo semellante ao que acontecía para o custo total de obtención do permiso que, nos

tres anos considerados, o modelo non ten capacidade explicativa algunha, sendo claramente non significativo ao nivel 0,05. Tampouco é significativa ningunha das variables explicativas consideradas.

Este resultado confirma o que a mera observación dos datos indicaba, a saber, que algunhas das autoescolas que amosan prezos coincidentes difiren en termos de características dos locais, número de automóviles e número de profesores. E mesmo se se tomaran en consideración outros elementos do custo operativo das autoescolas, como pode ser a zona onde están localizadas, a coincidencia das tarifas aínda resultaría menos explicable. Por exemplo, non debe ter o mesmo custo o aluguer (ou a compra) dun local en Mondariz que en Vigo, e non debe ter o mesmo custo o aluguer (ou a propiedade) dun local preto do centro de Vigo que outro afastado desa zona.

Así pois, aínda que algúns custos das autoescolas coincidan, a variada estrutura das autoescolas non permite explicar de forma axeitada a coincidencia, en moitos casos a nivel de céntimo de euro, das tarifas nos anos considerados no expediente.

B) Factores de estrutura do mercado.

Os imputados alegan unha situación de competencia perfecta no mercado das autoescolas que realizan as probas de aptitude na cidade de Vigo, o que levaría á coincidencia nos seus prezos.

Nun mercado en competencia perfecta, se non se atopa en equilibrio, a dinámica competitiva levará o prezo cara o punto de equilibrio, é dicir, o movemento é de diminución do prezo ata acadar o punto no que se iguala ao custo marxinal. O resultado de equilibrio nun mercado destas características é unha coincidencia no prezo das diferentes empresas no menor prezo viable economicamente non, como sucede no caso examinado, a unha coincidencia entre moitas empresas no prezo máis elevado.

O anterior implica que a coincidencia dos prezos dos operadores no nivel máis elevado non se pode explicar mediante o modelo de competencia perfecta, á que fan referencia os imputados. Ademais, este tipo de modelo non é

viable cando existen custos de desprazamento significativos, como acontece neste mercado.

Se por relaxar o suposto anterior, se entendera que o diferencial de custo de desprazamento ata as diferentes autoescolas só é significativo entre as situadas en distintos concellos, a situación teórica de competencia perfecta só podería darse na cidade de Vigo, xa que é o único lugar onde se verifica a primeira condición para a existencia dun mercado en competencia perfecta, a saber, a existencia dun gran número de compradores e vendedores, de xeito que nin os compradores nin os vendedores individuais poidan determinar o prezo de mercado.

A existencia e supervivencia de autoescolas localizadas en Vigo con prezos inferiores ao prezo de referencia, que ningún operador denunciou como prezos predatorios, implica necesariamente que as empresas que teñen un prezo coincidente superior non o puideron fixar como consecuencia da dinámica nun mercado en competencia perfecta. Por outra banda, segundo o modelo de competencia perfecta, na situación de equilibrio, as empresas que venden ao prezo de referencia -que é máis elevado que o prezo de equilibrio, que temos que supor que se aproxima ao prezo máis baixo das empresas que están operando no sector-, non realizarían ningunha venda. Dado que, evidentemente, isto non sucede no sector analizado, o modelo de competencia perfecta non é representativo do mercado das autoescolas.

A situación de coincidencia nas tarifas ofertadas por moitas das autoescolas implicadas, e mesmo o limitado diferencial dos prezos existente entre a meirande parte delas, fai que o mercado estea, dende unha perspectiva económica, territorializado, con áreas de atracción definidas pola distancia ao domicilio do consumidor. Efectivamente, suposta a non existencia de diferenzas de calidade de servizo entre as diferentes autoescolas -o que tería que dar lugar *per se* a diferenzas nos prezos-, cando non existen diferenzas de prezos, o criterio de racionalidade económica leva aos consumidores a elixir a autoescola máis próxima, para minimizar o custo de desprazamento.

Así pois, a coincidencia nos prezos xera mercados específicos, territoriais, con situacións competitivas claramente

diferenciadas. É obvio que non teñen a mesma estrutura o mercado de Mondariz, onde só está localizada unha autoescola, o de Tomiño, onde hai dúas, o de Tui, onde operan tres, e o de Vigo, onde actúan 41, algunhas con máis dunha sección. Estas diferentes situacións competitivas, tal como implícitamente indican os propios imputados, deberían traducirse en prezos diferentes. Porén, por exemplo no ano 2003, os prezos da clase práctica e do curso completo das autoescolas dos tres primeiros concellos anteditos, e dalgunhas localizadas en Vigo, amosan unha coincidencia total, plena.

DÉCIMO.- As argumentacións anteriores indican que a interpretación alternativa sobre a coincidencia das tarifas realizada polos representantes das autoescolas é insuficiente e pouco plausible. Por iso, tendo en conta:

- a) a existencia dunha coincidencia nos prezos de autoescolas que realizan as probas de aptitude en Vigo;
- b) que esta coincidencia nos prezos non se pode explicar pola similitude de custos das mesmas;
- c) que a coincidencia nos prezos tampouco é posible explicala a partir da estrutura e dinámica do mercado,

o TGDC ten que concluír que resulta acreditada a existencia dunha práctica concertada para a fixación de prezos no ensino para a obtención do permiso de conducir tipo B, prohibida polo artigo 1 da LDC, entre autoescolas que examinan na cidade de Vigo, destinada a eliminar a competencia nesta variable económica, elemento esencial do mantemento dunha competencia efectiva nun mercado importante coma o considerado.

Esta conclusión resulta reforzada polo feito probado, pois ninguén o negou, de que membros da Asociación visitaban aos responsables das autoescolas da zona e lles entregaban cadros coas tarifas recomendadas. Este actuación considérase polo miúdo no Fundamento Décimo Terceiro.

O Tribunal considera que a concertación de prezos, nun determinado ano, tivo lugar cando: a) os prezos fixados polas autoescolas para os dous conceptos considerados na análise – curso completo e clase práctica- coinciden cos correspondentes de referencia ou se atopan no intervalo máis-

menos o 1%, e b) un dos prezos fixados polas autoescolas para os conceptos considerados na análise –curso completo e clase práctica- coincide co correspondente de referencia, ou se atopa no intervalo máis-menos 1%, e o custo total para un alumno suposto que realice 25 clases prácticas coincida co custo total de referencia, ou se atope no intervalo máis-menos o 1%.

En aplicación dos criterios anteriores, e a partir da información sintetizada no cadro 8, recollido no punto 15º do apartado FEITOS ACREDITADOS, o Tribunal considera participantes nunha práctica concertada de fixación de prezos, durante o número de anos que se indican entre paréntese, ás seguintes autoescolas:

01. A52	(2)	26. MIÑO	(3)
02. A PONTE	(3)	27. MONDARIZ	(3)
03. ALOYA	(3)	28. MONTE REAL	(3)
04. ANXO	(3)	29. O ROSAL	(2)
05. ARENAL	(2)	30. OLÍVICA	(2)
06. BALAÍDOS	(3)	31. O'SE ALQUILA	(2)
07. BOSCO	(1)	32. OYA	(2)
08. CALVARIO	(2)	33. PASO	(1)
09. CASELAS	(2)	34. PEÑA	(3)
10. CESANTES	(3)	35. QUEIMADELOS	(1)
11. COCA	(2)	36. QUYARO	(1)
12. COVELO	(2)	37. RALLY	(3)
13. COYA	(1)	38. REDONDELA	(3)
14. DE LUIS	(3)	39. RODA	(1)
15. D L	(3)	40. SALABERRI	(3)
16. DOBLADA	(2)	41. S. BENITO	(2)
17. ELI'S	(1)	42. S. GREGORIO	(3)
18. ESPAÑA	(2)	43. S. TELMO	(3)
19. FARO	(3)	44. SISO	(1)
20. FONTÁN	(2)	45. STOP	(2)
21. FRAGOSO	(2)	46. TOMIÑO	(3)
22. HISPANIDAD	(2)	47. TOURAL	(3)
23. JARAMA	(2)	48. TUY	(3)
24. LA GUÍA	(3)	49. VAL MIÑOR	(1)
25. LUSANT	(2)	50. VIGO	(1)

DÉCIMO

PRIMEIRO.- Polo contrario, o TGDC non considera acreditada a participación na concertación de prezos en ningún dos anos examinados neste expediente (2003, 2004 e 2005), das autoescolas inicialmente imputadas que a continuación se citan: ANDURIÑA, CARACAS, CASABLANCA, CASTELAO, GARFIELD, GTI, SALMAR, S. JOSÉ, TRAVESÍA e VIAL.

DÉCIMO

SEGUNDO.- Polo que se refire á Asociación, a conduta que se lle imputa é a de efectuar unha recomendación colectiva de prezos aos seus asociados, o que constitúe unha conduta prohibida polo artigo 1.1.a) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Neste sentido na Resolución do expediente 461/99 (Autoescuelas de Alcalá), do TDC - en relación á Resolución de data 19 de xaneiro do ano 2000 (Expte. 453/99, Expertos Inmobiliarios 3)- afirmase o seguinte: *"Cuando desde asociaciones, agrupaciones o colectivos diversos se transmiten pautas de homogeneización de comportamientos, y no digamos precios y condiciones comerciales, se está vulnerando gravemente ese principio de independencia de comportamiento que resulta imprescindible para actuar con eficacia competitiva en los mercados por parte de todos y cada uno de los operadores económicos. Transmitiendo señales corporativas se intenta, y de hecho se consigue siempre, en mayor o menor medida, coartar de alguna forma la libertad personal de comportamiento económico de los agentes individuales restringiendo en definitiva los derechos exclusivos de libre disposición sobre lo propio en que consiste la propiedad. (...). Las actuaciones concertadas y las pautas colectivas sobre el comportamiento de los agentes merman esos principios básicos de la solvencia e independencia de comportamiento necesarios para el eficaz despliegue de la competencia".* (p. 10).

DÉCIMO

TERCEIRO.- Dita Asociación estivo representada no expediente polos seus representantes lexítimos, que puideron alegar ao longo do mesmo cantas cuestións estimaron conveniente en defensa dos seus dereitos e intereses. Neste marco, e en resposta á imputación, a representación legal da Asociación formulou un conxunto de alegacións no trámite de conclusións, alegacións que se dirixen tanto contra a imputación que se efectúa á propia Asociación como ás autoescolas. No presente punto centrámonos unicamente nas alegacións que especificamente

teñen como obxecto desvirtuar a imputación efectuada contra a Asociación. Estas son as que se citan de seguido:

A) A Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra non recomendou tarifas ao conxunto das autoescolas e nas actas das reunións da Asociación non se reflexa ningún acordo para fixar tarifas.

É certo que non existe no expediente ningunha proba documental dun acordo de recomendación colectiva de prezos realizada pola Asociación. Agora ben, aínda que non exista tal proba documental, existen probas de tal recomendación a partir das declaracións de dous imputados, que informaron da entrega dun cadro de tarifas por parte da Asociación e sobre visitas aos propietarios para recomendarlles o respecto as tarifas establecidas –isto último non negado por ningún dos imputados. Así mesmo constitúe un indicio razoable dunha recomendación colectiva o feito de que se atoparan cadros de tarifas semellantes aos entregados polos dous imputados anteditos en diversas autoescolas, algunhas pertencentes a distintos concellos da provincia, xa que a Asociación é o único vínculo entre estas autoescolas. A súa lexitimidade institucional converte á Asociación na única entidade con capacidade para recomendar prezos ás autoescolas de diversos concellos da provincia.

B) Non existen probas de que os cadros de tarifas achegados polas autoescolas proveñan da Asociación.

É certo que non existe unha sinatura ou selo nos cadros de tarifas que se presume foron entregados pola Asociación, pero existen indicios razoables de que tales cadros de tarifas foron elaborados e repartidos pola Asociación.

En primeiro lugar, é un feito probado, pois ninguén o negou, que membros da citada Asociación visitaban aos responsables das autoescolas da zona. Nestas visitas estes representantes da Asociación entregaban un cadro coas tarifas a aplicar durante o exercicio. O propietario e representante da entidade Autoescola RANDE, S.L. entregou, en comparecencia efectuada o 30 de marzo de 2006 nas oficinas do SGDC, un exemplar dos cadros de prezos correspondentes aos anos 2004 e 2006, cadros que lle foron entregados por membros da Asociación Provincial. O cadro correspondente ao ano 2005

fora entregado no seu día ao inspector do Instituto Galego de Consumo, durante a inspección que se fixera na fase de investigación reservada. O antedito propietario tamén indicou que dende o principio da súa pertenza á Asociación, hai 35 anos, recibira cadros de tarifas. Segundo o citado comparecente: *“anualmente, en la Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra se le entrega un sobre con un cuadro de tarifas, con el objeto de que las aplique durante ese mismo ejercicio. Ese sobre lo recibe, no en las reuniones de la asociación, a las que no acude, sino con ocasión de la recogida de la documentación de Tráfico para realizar los exámenes, que se le entrega en la sede de la asociación (...) También informa de que en la sede de la asociación se facilita a las autoescuelas diverso material como manuales y libros de texto. Les han entregado entre esta documentación talonarios para las clases prácticas en los que ya aparecen cubiertos los datos de los precios según las tarifas que recomienda la asociación y la duración de las prácticas, de 45 minutos. Él no ha hecho uso de estos talonarios puesto que aplica precios y duración de las clases distintos [segundo acredita: f. 1136 e 2741 e ss.]”*.

No mesmo sentido é relevante o manifestado polo encargado da autoescola GARFIELD ao inspector do Instituto Galego de Consumo o día 16 de setembro de 2004: *“El compareciente manifiesta que la confederación de autoescuelas realiza el estudio de los costes y entrega a las autoescuelas los precios mínimos que se deben aplicar en las tarifas de los distintos permisos”*.

Como ben se recolle no Informe-proposta do SGDC: *“As afirmacións realizadas polo propietario da autoescola RANDE, ó igual co manifestado por GARFIELD, están fundadas nun coñecemento directo dos feitos e constitúen un medio probativo de indubidable entidade. Ademais, quedan acreditadas documentalmentemente, non só pola coincidencia real de prezos, senón tamén porque moitas das autoescolas investigadas achegaron os mesmos cadros de tarifas, ben ante o inspector do Instituto Galego de Consumo, na fase de información reservada, ben dentro da propia fase de instrución levada a cabo por este Servizo. Eses cadros de tarifas coincidentes, en formato e contido, son os mesmos que o representante de RANDE identifica como provenientes da Asociación, co que as súas alegacións ó respecto quedan suficientemente corroboradas.”*

C) A Asociación engloba a outras autoescolas doutros concellos da provincia, ademais das imputadas. Se existiran recomendacións de prezos afectarían a toda a provincia, non só á zona de Vigo.

Aínda que o expediente se dirixe só as autoescolas que se examinan en Vigo, elo non supón que os restantes operadores da provincia, non investigados, non estean realizando prácticas anticompetitivas. Por razóns prácticas derivadas do número de entidades implicadas, e de acordo coa denuncia da Subdelegación do Goberno, o SGDC centrou a súa investigación nese conxunto, o das autoescolas que examinan aos seus alumnos na cidade de Vigo, pero iso non exclúe a posibilidade de iniciar unha nova investigación para examinar a posible concertación de prezos entre as restantes autoescolas da provincia de Pontevedra.

DÉCIMO CUARTO.-

As consideracións recollidas no punto anterior constitúen probas directas e indicios racionais da existencia dunha recomendación colectiva de prezos por parte da Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra aos propietarios das autoescolas que realizan as probas de aptitude para a obtención do permiso de conducir tipo B en Vigo, que tiña como obxectivo eliminar a competencia de prezos, en detrimento do benestar dos consumidores.

No caso dos indicios é relevante o Fundamento Xurídico 4º da Sentenza da Audiencia Nacional, do 28 de xuño de 2006, no Recurso contencioso-administrativo nº 207/2005, na que se recolle o seguinte:

“CUARTO El Tribunal Supremo viene admitiendo en materia sancionadora por infracciones de las normas de Defensa de la Competencia, que el juicio de reprochabilidad se base en pruebas de indicios, si bien como recuerda el Tribunal Supremo (por todas, STS de 26 de abril de 2005 [RJ 2005\3935]), que tales pruebas indiciarias deben estar sometidas a un estricto control para ponderar su validez, derivando tal rigor en la valoración de las pruebas indiciarias en el derecho a la presunción de inocencia. Añade la STS que acabamos de citar que la racionalidad y solidez de la inferencia en que se sustenta la prueba indiciaria puede efectuarse tanto desde el canon de su lógica o cohesión, de modo que será irrazonable si los indicios acreditados no llevan naturalmente al hecho que se

hace desprender de ellos o lo descartan, como desde el canon de su suficiencia o calidad concluyente, no siendo pues razonable cuando la inferencia sea excesivamente abierta, debil o imprecisa.

Asimismo será de recordar la doctrina jurisprudencial tanto del Tribunal Supremo como del Tribunal Constitucional acerca del principio de presunción de inocencia que proclama el art. 24 de la Constitución (RCL 1978\2836), según la cual, en virtud de dicho principio nadie puede ser condenado o sancionado administrativamente sin un mínimo de actividad probatoria, lícita y legítimamente obtenida, señalándose que una persona acusada de una infracción no puede considerarse culpable hasta que así se declare en sentencia condenatoria, siendo sólo admisible y lícita dicha condena cuando haya mediado una actividad probatoria que pueda considerarse de cargo, indicándose que es preciso un mínimo de actividad probatoria de cargo, obtenida con las debidas garantías legales y constitucionales, con suficiente entidad inculpativa, señalando como por último, que la prueba puede ser tanto directa como indirecta, debiendo en este último supuesto, explicitar el razonamiento que partiendo de los indicios, acreditados por prueba directa, permitan estimar debidamente acreditado el extremo que se declare probado y que, en ningún caso puede ser arbitrario, ni contrario a las exigencias de la lógica, la ciencia o la experiencia (SSTC 137/1988 [RTC 1988\137], 51/1988 [RTC 1988\51] y SSTS de 18 de junio de 1998 [RJ 1998\5384] y 14 de mayo de 1999 [RJ 1999\5395], entre otras muchas). “

**DÉCIMO
QUINTO.-**

Aplicando a citada xurisprudencia e tendo en conta: a) a declaración do presidente da Asociación a *La Voz de Galicia*; b) a existencia de cadros de tarifas estándar en autoescolas imputadas, proporcionados polas propias autoescolas; c) a declaración de dous imputados de que cadros semellantes lle foron entregados por persoas que actuaban en nome da Asociación; e d) a declaración dun imputado de que membros da Asociación visitaban aos propietarios das autoescolas para recomendarlles que respectaran as tarifas fixadas; pódese considerar acreditada a existencia dunha recomendación colectiva de prezos dende a Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra.

**DÉCIMO
SEXTO.-**

Se ben para que exista concertación de prezos entre as autoescolas non é necesario que se dea unha recomendación colectiva de prezos pola Asociación, a identificación desta reforza a constatación de que tal concertación de prezos entre as autoescolas existiu, xa que identifica un operador con capacidade para organizala e un mecanismo para acadala. A Asociación ten capacidade para relacionar ás autoescolas e ten interese en actuar no mercado regulando os prezos –segundo se recolle no punto 11 dos seus Estatutos-; a entrega de cadros coas tarifas e a visita posterior de representantes da Asociación aos responsables das autoescolas constitúe un mecanismo sinxelo e consistente co seu obxectivo: acadar unha concertación de prezos entre os operadores.

**DÉCIMO
SÉTIMO.-**

A recomendación colectiva de prezos por parte da Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra e a asunción desta recomendación polas autoescolas citadas no FUNDAMENTO DE DEREITO DÉCIMO, afecta gravemente á competencia e prexudica ós consumidores. Estes vense obrigados a pagar polos servizos de ensinanza para a obtención do permiso de conducir tipo B prezos superiores ós que resultarían nun mercado con libre competencia.

**DÉCIMO
OITAVO.-**

Polo que se refire as sancións correspondentes aos feitos que se consideran acreditados no expediente, o artigo 10 LDC autoriza ao Tribunal para impoñer sancións pecuniarias a “aqueles axentes económicos, empresas, asociacións, unións ou agrupacións que deliberadamente ou por negligencia, infrinxan o disposto nos Artigos 1, 6 y 7...” con multas de ata 901.518,16 euros (contravalor en Ptas 150.000.000), engadindo, no apartado segundo que “a contía das sancións se fixará atendendo á importancia da infracción, para o cal se terá en conta: a) a modalidade e alcance da restrición da competencia; b) a dimensión do mercado afectado; c) a cota de mercado; d) o efecto da restrición da competencia sobre os competidores efectivos ou potenciais, sobre outras partes no proceso económico e sobre os consumidores e usuarios; e) a duración; e f) a reiteración na realización das condutas prohibidas”.

**DÉCIMO
NOVENO.-**

No presente caso a conduta imputada ás autoescolas é: a) unha fixación concertada de prezos, é dicir, unha das prácticas restrictivas da competencia máis graves; b) con afectación aos

concellos do sur da provincia de Pontevedra nos que habita un gran número de usuarios reais e potenciais; c) que implica a 50 autoescolas (con 70 centros), que supoñen o 75,7% do número total de autoescolas identificadas na zona (66) e o 79,5% dos centros existentes (88); d) que ten unha incidencia crítica sobre a meirande parte dos consumidores, xa que o permiso de conducir tipo B é necesario para desenvolver tarefas habituais e certas actividades de lecer comúns, e non ten substitutos; e e) na que participaron as autoescolas citadas no FUNDAMENTO DE DEREITO DÉCIMO cando menos durante un ano e, en algúns casos, durante todo o período examinado.

Estes factores tivéronse en conta para fixar a multa correspondente a cada unha das autoescolas que participaron na concertación de tarifas. Tamén, para ter en conta o principio de proporcionalidade, tívose en conta o seu nivel de actividade, indicada polo número de solicitudes de permiso de circulación de clase B tramitados no ano 2006 (no caso de non dispor desta información considerouse o número de profesores).

A consideración do principio de proporcionalidade tamén esixe considerar unha peculiaridade do sector de autoescolas, como é o feito de que algunhas concentren toda a súa actividade nunha única unidade operativa –matriz-, mentres que outras medren dun xeito descentralizado, xerando, a partir da matriz, centros, seccións ou delegacións diversas.

No modelo descentralizado pode ocorrer que algunha(s) sección(s) non aplique(n) os prezos de referencia, mentres que outras sí o fagan. Parece lóxico sinalar que cando un centro ou sección dunha autoescola participa na concertación de prezos, a autoescola é a responsable desa práctica ilícita, xa que as seccións non son persoas físicas nin xurídicas e, polo tanto, non poden ser nin deixar de ser responsables. Segundo o artigo 2 do Regulamento das escolas particulares de conductores (Real Decreto 1295/2003, de 17 de outubro), cada sección é unha sucursal autorizada da autoescola matriz coa mesma titularidade e denominación. Porén, cabe considerar o afastamento dos valores de referencia por algunha sección como un suposto de aplicación parcial da práctica concertada acreditada.

DÉCIMO OITAVO.-

Pola súa banda, a conduta imputada a Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra é: a) unha recomendación de

prezos; b) con afectación aos concellos do sur da provincia de Pontevedra; c) que incide dun xeito sensible nun gran número de usuarios reais e potenciais por canto o tipo B de permiso de conducir é o máis común e non existen substitutos; e d) que resulta acreditada a súa realización nos anos obxecto da investigación (2003, 2004, e 2005).

Na súa virtude, vistos os artigos citados e os demais de xeral aplicación, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia

RESOLVEU

- 1º.- Declarar responsables da realización dunha práctica concertada, prohibida polo art. 1.1.a) da LDC, consistente na fixación de prezos para a obtención do permiso de conducir tipo B, aos titulares das autoescolas que se citan de seguido, e impoñerlles as sancións que se indican no cadro 9.

Cadro 9. Titulares de autoescolas sancionados e importe das sancións impostas (en euros)

NOME DA AUTOESCOLA	TITULAR	SANCIÓN
A52	Formación Vial A-52, S.L.	9.000
A Ponte	Enseñanzas Automovilísticas Cabral, S.L.	10.000
Aloya	Comunidade de Bens Autoescola Aloya	12.000
Anxo	D. A. A. B.	14.000
Arenal	I. y Á., S.L.	6.000
Balaídos	Autoescuela Balaídos, S.L.	12.000
Bosco	D. J. C. V.	3.000
Calvario	D. U. C. P.	7.500
Caselas	D. E. A. P.	9.000
Cesantes	D. V. A. D. S.	12.000
Coca	Autoescola Coca, S.L.	9.000
Covelo	D. J. V. L.	4.500
Coya	Autoescuela Coya, S.L.	11.000
De Luís	Escuelas de Conductores de Luis, S.L.	14.000
D L	Escuelas de Conductores de Luis, S.L.	4.000
Doblada	Autoescuela Doblada, S.L.	12.000

Eli's	D. E. M. R.	5.000
España	M. C. M. Á., S.L.	6.000
Faro	Automobilística Faro, S.L.	40.000
Fontán	Comunidade de Bens Autoescuela Fontán C.B.	6.000
Fragoso	D. F. G. M.	9.000
Hispanidad	Centro de Formación Vial Hispanidad. S.L.	4.500
Jarama	Autoescuela Jarama 2000, S.L.	4.500
La Guía	Academia La Guía, S.L.	30.000
Lusant	D. L. S. H.	9.000
Miño	A Guarda Miño Autoescuela, S. L.	10.000
Mondariz	MONDARIZ XESTIÓN, S.L.	10.000
Monte Real	Autoescuela Monterreal, S. L.	24.000
O Rosal	D. F. R. P.	6.000
Olivica	Autoescuela Oteva Olivica, S.L.	7.500
O´Se Alquila	D.ª H. G. F.	22.500
Oya	D. J. M. S. T.	3.000
Paso	Porriño, S.L.	6.000
Peña	D. M. P. M.	12.000
Queimadelos	Queimadelos Portu, S. L.	5.000
Quyaro	Quyaro, S.L.	10.000
Rally	D. L. M. F. L.	8.000
Redondela	D. M. G. E.	8.000
Roda	D. M. B. F.	9.000
Salaberri	Autoescuela Venezuela, S.L.	8.000
S. Benito	Formavial, S.L.	16.500
S. Gregorio	Autoescuela y Técnicos Contables San Gregorio, S.L.	16.000
S. Telmo	Autoescuela San Telmo, S.L.	22.000
Siso	D. E. V. Á.	6.000
Stop	I. y Á., S.L.	4.500
Tomiño	Autoescuela Tomiño, S.L.	8.000
Toural	Autoescuela Toural, CB	12.000
Tuy	Autoescuela Tomiño, S.L.	12.000
Val Miñor	Autoescuela Valmiñor, S.L.	6.000
Vigo	Breogán Vigo, S.L.	3.000

- 2º.- Declarar responsable á **Asociación Provincial de Autoescuelas de Pontevedra** da realización dunha recomendación colectiva de prezos ós seus asociados, práctica prohibida polo art. 1.1.a) da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia (LDC) e impor á citada Asociación unha multa de **75.000 euros**.

- 3º.- Instar á Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra a modificar nun sentido non restrictivo da competencia o punto 11º dos seus Estatutos, no relativo á función "*Participar en la regulación de precios*", nun período de dous meses a partir da publicación desta Resolución.
- 4º.- Intimar ós responsables da recomendación colectiva e da práctica concertada de fixación de prezos para que cesen nesas prácticas e no sucesivo se absteñan de realizalas, segundo prevé o art. 9º da LDC, restablecendo a efectiva competencia no sector.
- 5º.- Instar ao SGDC a que inicie unha investigación sobre a presunta realización dunha práctica concertada polas autoescolas da provincia de Pontevedra que realizan os exames de aptitude na cidade de Pontevedra.
- 6º.- Ordenar ós responsables da recomendación colectiva e da práctica concertada de fixación de prezos, en conformidade co disposto no artigo 46.5 LDC, a publicación da parte dispositiva desta Resolución no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais: un con ampla difusión en Galicia e outro con ampla difusión na provincia de Pontevedra, a costa dos responsables, no mes seguinte á publicación desta Resolución.
- 7º.- Ordenar aos titulares das autoescolas sancionadas a exhibición da parte dispositiva desta Resolución nun lugar destacado da súa sede, durante un período de tres meses a partir da semana seguinte da súa publicación. Ademais, a Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra difundirá entre os seus asociados o texto íntegro desta Resolución no mes seguinte a súa publicación.
- 8º.- Interesar ao Servizo a vixilancia e o control do cumprimento puntual do anteriormente resolto e ordenado.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia e notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra o mesmo non cabe outro recurso que o contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día ao da súa notificación.

RESOLUCIÓN (Expte. R 4/2006 Perfumarías de Ourense)

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González
D. Fernando Varela Carid
D. Alfonso Vez Pazos

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2007.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (Tribunal), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator o vogal D. Fernando Varela Carid, ditou a seguinte Resolución no Expediente R 4/2006 (11/2006, do Servizo) orixinado polo recurso interposto por D. A. F. L., como representante da empresa ourensá Maryan Perfumerías S.L., contra o acordo de arquivo de actuacións do Servizo Galego de Defensa da Competencia (Servizo) referente á denuncia presentada polo recorrente contra Productos de Belleza Sisley España, S.A. por presuntas prácticas contrarias á Lei 16/1989, de 17 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).

ANTECEDENTES

- 1.- Con data 11 de xullo de 2006, o Servizo recibiu escrito de denuncia de D. A. F. L. contra Productos de Belleza Sisley España, S.A. por presuntas condutas prohibidas pola Lei 16/1989, de 17 de xullo, de Defensa da Competencia, consistentes na negativa de subministro dos seus produtos de cosmética e perfumaría a Maryan Perfumerías, S.L., con domicilio en Ourense, entidade da que é representante legal o denunciante.
- 2.- O 21 de xullo de 2007, o Servizo remitiu copia da denuncia á Dirección Xeral de Defensa da Competencia, dando cumprimento ao disposto no artigo 2.1 da Lei 1/2000, de 4 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia.

- 3.- En aplicación do artigo 36.3 da Lei 16/1989 citada, o Servizo iniciou a instrución dunha información reservada ao obxecto de determinar se existían indicios de infracción das normas da competencia.
- 4.- Unha vez concluído o trámite de información reservada, o Servizo decidiu archivar as actuacións orixinadas pola denuncia de D. A. F. L., mediante escrito de 8 de novembro de 2006.
5. O 23 de novembro de 2006 recibíuse neste Tribunal un escrito datado o 20 de novembro de D. A. F. L. interpoñendo recurso contra o Acordo de arquivo de actuacións do Servizo de 8 de novembro de 2006.
- 6.- O 24 de novembro de 2006, o presidente deste Tribunal enviou escrito ao Servizo solicitando a remisión do expediente de referencia e o seu informe correspondente, ao abeiro do disposto no artigo 48.1 da Lei 16/1989, de Defensa da Competencia.
- 7.- O 5 de decembro de 2006 recibíuse neste Tribunal o expediente iniciado pola denuncia de D. A. F. L., xunto co informe do Servizo no que reitera a súa posición sobre o arquivo das actuacións. O Servizo manifesta no seu informe que está plenamente acreditada a representación do recorrente respecto da sociedade mercantil Maryan Perfumerías, S.L., e que o recurso de D. A. F. L. foi presentado en prazo.
- 8.- O 14 de decembro de 2006, o Pleno do Tribunal admitiu a trámite o recurso de D. A. F. L., rexistrado como R 4/2006, Perfumarías de Ourense, e nomeou Relator.

Son interesados:
 - Maryan Perfumerías, S.L.
 - Productos de Belleza Sisley España, S.A.
- 9.- O mesmo día 14, remitiuse providencia para alegacións ás partes interesadas. D. A. F. L., en representación de Maryan Perfumerías, S.L., presentou escrito de alegacións con entrada no Tribunal o 5 de xaneiro de 2007. Productos de Belleza Sisley España, S.A. remitiu escrito de alegacións con entrada o 16 de xaneiro de 2007.
- 10.- O 15 de febreiro de 2007, o Pleno do Tribunal deliberou e fallou sobre o presente expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- 1.- O artigo 36.3 LDC sinala que, a partir do resultado dunha información reservada efectuada antes de resolver a iniciación dun expediente sancionador, o Servizo poderá non iniciar o procedemento e acordar o arquivo das actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da LDC.

Pola súa parte, o artigo 47 LDC sinala que os actos do Servizo que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar un procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, serán recorribles ante o Tribunal.

Tendo en conta o anterior, a cuestión que debe dilucidar este Tribunal ante o recurso presentado é se está de acordo coa decisión do Servizo e, por tanto, desestima a petición do recorrente, ou revoga a decisión de arquivo, estimando o recurso, por considerar que existen indicios dunha conduta contraria á LDC. Para resolver esa cuestión, debe verificarse previamente que os feitos denunciados están debidamente comprobados.

- 2.- O asunto que se ventila xurde da denuncia presentada o 11 de xullo de 2006 por . F. L. en representación de Maryan Perfumerías, S.L. (en adiante, Maryan Perfumerías), que ten catro establecementos de distribución retalista de produtos de perfumaría na cidade de Ourense, contra a mercantil Productos de Belleza Sisley España, S.A. por unha suposta negativa de subministro á denunciante.

Sisley España, S.A. é unha distribuidora por xunto que unicamente comercializa produtos de alta cosmética e perfumaría de luxo da marca francesa Sisley.

No seu escrito de denuncia, Maryan Perfumerías afirma que se dirixiu en tres ocasións a Productos de Belleza Sisley España, S.A. (en adiante, Sisley), o 2 de xaneiro de 2006, o 15 de marzo e o 8 de abril do mesmo ano, solicitando a distribución na cidade de Ourense dos seus produtos de cosmética e perfumaría. As dúas primeiras comunicacións non tiveron resposta, mais poucos días despois da última petición, segundo o relato dos feitos do denunciante, a representante en Galicia de Sisley personouse en Ourense e comunicoulle a Maryan Perfumerías que Sisley non distribuiría os seus produtos a esa empresa.

A denunciante informou que Sisley sí estaba distribuindo os seus produtos a outras perfumarías de Ourense sitos en zonas céntricas da cidade.

Ante esa situación, Maryan Perfumerías, alegando que a calidade e ubicación dos seus establecementos é comparable ao resto de tendas que distribúen os produtos Sisley na cidade, considerou que a conduta de Sisley constituía unha negativa de subministro contraria aos artigos 1, 6 e 7 LDC.

3.- Ante esa denuncia, o Servizo efectuou un trámite de información reservada consistente basicamente no envío dun escrito a Sisley solicitando a seguinte información sobre o sistema de distribución seguido pola empresa.

- O sistema de distribución comercial que segue a compañía;
- Se ese sistema se establece de modo xeral para toda España ou cada zona ou comunidade autónoma ten as súas propias regras de distribución;
- Copia do contrato tipo para os distribuidores; e por último,
- Cota aproximada no mercado por produtos da marca.

O 13 de setembro de 2006, Sisley respondeu o que se indica a continuación:

- A compañía segue un sistema de distribución selectiva baseado na selección cualitativa de distribuidores retallistas;
- O sistema de distribución é o mesmo para todo o territorio español sen que haxa diferenzas por zonas ou comunidades autónomas;
- Non existe distribución en exclusiva;
- Con todos os distribuidores retallistas subscríbese un contrato no que se aplican as condicións que aparecen no documento chamado “Condicións Xerais de Venda”;

- A cota de mercado de Sisley, partindo de datos globais do mercado de cosmética e perfumaría español tomados do European Forecast, é do 1,4 por cento.

Na súa resposta ao Servizo, Sisley enviou a relación de distribuidores retallistas da marca en Galicia.

Tras a análise da denuncia presentada e da información remitida por Sisley, o Servizo acordou o arquivo das actuacións sen máis trámite, de acordo co disposto no artigo 36.3 LDC.

- 4.- Partindo do anterior e á vista do recurso presentado por Maryan Perfumerías, este Tribunal considera que o primeiro que se debe aclarar é se os feitos denunciados están debidamente comprobados e, se así fose, se cabe deducir a partir deles a existencia de indicios de prácticas contrarias á LDC.
- 5.- Respecto á primeira cuestión, referente á veracidade dos feitos denunciados, Maryan Perfumerías, no seu escrito de recurso de 23 de novembro de 2006, alega que se debe establecer como certo o feito denunciado, é dicir, que Sisley nega a Maryan Perfumerías a venda dos seus produtos para a súa distribución en Ourense. Máis adiante, nese mesmo escrito, o recorrente solicita que o Servizo incoe expediente para determinar, entre outros aspectos, a veracidade dos feitos denunciados.

Pola súa parte, a empresa denunciada argumenta no seu escrito de alegacións que, se ben é certo que a representante en Galicia de Sisley visitou as instalacións de Maryan Perfumerías, na reunión que tivo cos representantes da recorrente informounos de que debían enviar a Sisley España, S.A. diversa información sobre as características do punto de venda de Maryan Perfumerías, relativa ao escaparate e o seu interior, superficie, número de cabinas de beleza, natureza dos produtos que non fosen de perfumaría e cosmética, porcentaxe da cifra de negocio destes últimos, e traballos de acondicionamento previstos no punto de venda. Esa información era necesaria, en opinión de Sisley, para avaliar debidamente a solicitude de subministro de Maryan Perfumerías. Afirmo tamén Sisley que desde a mencionada reunión non recibiu información algunha de Maryan Perfumerías ata a comunicación da súa denuncia ante o Servizo.

Nin Maryan Perfumerías nin o Servizo aportan probas claras respecto a esta cuestión. O Tribunal considera que non está probado que

efectivamente Sisley negara o subministro dos seus produtos a Maryan Perfumerías, aínda que cabe pensar que despois de tres peticións por escrito á empresa denunciada, existen indicios de que Sisley non ten vontade de subministrar os seus produtos a Maryan Perfumerías.

En conclusión, ante esta información contraditoria, este Tribunal estima que é necesario indagar se efectivamente existiu ou existe a negativa de subministro denunciada por Maryan Perfumerías, aceptando, por tanto, a solicitude expresada pola recorrente para que se comprobe a veracidade dos feitos denunciados. En particular, o Tribunal considera que se debe determinar se houbo pedidos de Maryan Perfumerías que non foron atendidos por Sisley, se Sisley solicitou ou non información relativa ás características dos puntos de venda de Maryan Perfumerías, e se Maryan Perfumerías enviou ou non esa información, ou se, polo contrario, Sisley decidiu unilateralmente non subministrar os produtos da súa marca á firma ourensá e todas cantas outras pescudas sexan necesarias para establecer se estamos neste caso ante unha negativa de subministro de Sisley a Maryan Perfumerías.

- 6.- A efectos de continuar a análise do expediente e partindo da hipótese de que os feitos denunciados fosen certos, cabe afirmar que a negativa de subministro, segundo a doutrina consolidada do Tribunal de Defensa da Competencia (TDC), só pode considerarse unha práctica contraria á LDC baixo dous supostos. Por unha parte, se a empresa responsable da conduta ocupa unha posición de dominio no mercado e, por tanto, se incorre nun ilícito do artigo 6 LDC; ou, por outra parte, se a negativa de subministro se produce como consecuencia dun acordo entre empresas contrario ao disposto no artigo 1 LDC.

Á vista desa doutrina, o Servizo analizou, correctamente, en opinión deste Tribunal, os dous supostos que cabe indagar neste caso: en primeiro lugar, estudou a posición de dominio de Sisley a través da súa cota de mercado; e despois, investigou se existe algún tipo de restrición vertical contraria á LDC.

- 7.- Respecto ao primeiro suposto, o Servizo considerou que non existe explotación abusiva pola empresa Sisley dunha situación de dependencia, de acordo co disposto no punto b) do artigo 6.1 LDC. Este Tribunal está de acordo con esa valoración porque non cabe afirmar que Maryan Perfumerías se encontre en situación de dependencia económica respecto de Sisley, dada a atomización do

mercado de cosmética e perfumaría e o volume e a evolución do negocio da recorrente en ausencia da distribución dos produtos Sisley.

Por outra parte, o Servizo considera que a denunciada carece de posición de dominio no mercado español de cosmética e perfumaría, tomando como referencia o dado de cota de mercado proporcionado por Sisley, de 1,4 por cento e, en consecuencia, tampouco existiría unha hipotética violación do artigo 6.1.a), referente ao abuso de posición de dominio en todo ou en parte do mercado español.

No seu escrito de alegacións, Sisley puntualiza que a súa cota de mercado é do 0,354 por cento sobre a totalidade do mercado de produtos de perfumaría e cosmética. Ese resultado obteno a empresa da comparación entre a facturación total da compañía en España e a facturación total do sector de perfumaría e cosmética durante o ano 2005, segundo certificación expedida pola Asociación Nacional de Fabricantes de Perfumería e Afines.

Pola súa banda, Maryan Perfumerías alega, contrariamente ao aducido polo Servizo, que Sisley España S.A. ten unha posición dominante no mercado de comercialización de produtos cosméticos e de perfumaría se se considera exclusivamente a gama alta destes produtos, no que, segundo a recorrente, Sisley ocupa, xunto con outros dous fabricantes, unha posición preponderante. En consecuencia, solicita que se analice a posible posición de dominio de Sisley desde esa perspectiva, centrándose no mercado de gama alta e non tomando como referencia o mercado global de perfumaría e cosmética en España.

A estimación do poder de mercado de Sisley é unha cuestión esencial para poder pronunciarse sobre este expediente. A este respecto, o Tribunal considera que cabe estimar a alegación de Maryan Perfumerías no sentido de que o mercado relevante neste caso é o de produtos de cosmética e perfumaría de máis alto nivel, dado que ese é o segmento no que está especializado Sisley, e non o mercado global español de perfumaría e cosmética. Tamén se debe delimitar o mercado relevante na súa dimensión xeográfica, tomando en conta a cidade de Ourense ou, en outra hipótese, a Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito que se fai noutros mercados de produtos de luxo, como por exemplo no expediente Relojos Joya (Resolución TDC 379/96), cabe descompoñer un mercado en diferentes segmentos de

acordo á calidade e a orientación dos produtos fabricados. Neste caso é necesario afondar na delimitación do mercado relevante por produto e xeográfico dentro do segmento de gama alta de produtos de cosmética de gran luxo e alta perfumaría, para verificar cal é realmente a posición de mercado de Sisley dentro do mesmo.

- 8.- Respecto á segunda cuestión planteada, o Servizo concluíu que non existen indicios de restricións verticais contrarias ao artigo 1 LDC, dado que un sistema de distribución selectiva non se considera unha práctica incurso no artigo 1 LDC se cumpre os tres principios de necesidade, proporcionalidade e non discriminación, amplamente reiterados nas resolucións do Tribunal de Defensa da Competencia. Doutrina que é compartida, ademais, pola Comisión a través do disposto no Regulamento (CE) nº 2790/1999, de 22 de decembro, relativo á aplicación do apartado 3 do artigo 81 do Tratado CE a determinadas categorías de acordos verticais e prácticas concertadas, e particularmente, nas Directrices relativas ás restricións verticais (2000/C 291/01).

O Servizo chegou a conclusión de que non se aprecia vulneración dos tres principios citados, baseándose no exame do documento “Condicións Xerais de Venda” da firma Sisley. No apartado 1.2 dese documento descríbense as características que deben reunir os puntos de venda a fin de que sexan seleccionados por Sisley para a distribución dos seus produtos. O Servizo estima, e este Tribunal está de acordo, que os criterios de selección incluídos nese documento son obxectivos e de natureza cualitativa, e, polo tanto, admisibles desde o punto de vista dun sistema de distribución selectiva cualitativa carente de efectos anticompetitivos.

Ora ben, a cuestión que se debe analizar a continuación é se Sisley, na hipótese de que exista negativa de subministro, actuou de maneira coherente co cumprimento deses tres principios e, particularmente, se tal negativa de subministro vulnera ou non na práctica o principio de non discriminación.

O recorrente, nas súas alegacións, afirma que a suposta negativa de subministro é inxustificada, que non está amparada polo sistema de distribución selectiva, e que, en todo caso, se trata dunha práctica discriminatoria, dado que varios dos establecementos que ten Maryan Perfumerías en Ourense resisten a comparación con calquera dos seus competidores que sí distribúen os produtos Sisley, e, por tanto, que o proceso de selección de distribuidores retallistas non se basea en criterios obxectivos, senón que son abertamente discriminatorios.

Este Tribunal considera, de acordo coa doutrina reiterada do TDC (véxanse por exemplo as Resolucións Expte. 380/96, Perfumería, e Expte. 379/96, Relojes Joya) e a posición da Comisión nos documentos antes referidos, que un sistema de distribución selectiva que cumpra os tres principios de necesidade, proporcionalidade e non discriminación queda fora da aplicación do artigo 1 LDC. En consecuencia, en tanto o sistema de distribución selectiva seguido por Sisley España, S.A. cumpra eses tres principios, ten xustificación plena para excluír a certos retallistas que non reúnan as condicións cualitativas que aparecen no documento “Condicións Xerais de Venda”, que a xuízo do Servizo e tamén deste Tribunal son criterios axeitados para seleccionar aos distribuidores retallistas dado o tipo de produtos en que está especializada a empresa denunciada.

Ademais, dentro dun sistema de distribución selectiva, a empresa de distribución por xunto ten que dispor dunha certa marxe de discrecionalidade, dentro de límites razoables, para decidir se un determinado concesionario ou vendedor retallista cumpre ou non as condicións esixidas, de acordo á política comercial que se persegue, sempre e cando esas condicións sexan proporcionadas e non se apliquen de modo discriminatorio. Así o confirma, por exemplo, a Resolución r 379/99, Relojes Longines do TDC, de 21 de febreiro de 2000. Logo, non se pode aducir que existe discriminación en todo caso baseándose unicamente no feito da exclusión dun retallista, se efectivamente se aplican criterios cualitativos obxectivos.

Porén, aínda dispoñendo desa marxe de discrecionalidade, o distribuidor da marca, neste caso Sisley, non pode actuar de xeito discriminatorio fronte a diversos retallistas potenciais, pois como indica a Resolución 341/93, Cosmeparf do TDC de 22 de abril de 1994, *a “negativa (de subministro) debe ser xustificada e con explicación suficiente das razóns que impiden que a petición dun retallista poida ser atendida, xa que, en calquera caso, o que non cabe é a pura discriminación subxectiva baseada en criterios non demostrables nin xustificables”*.

Abundando nesta mesma liña, a Resolución 379/96, Relojes Joya, de 13 de maio de 1998, sinala que un sistema de distribución selectiva non supón infracción do artigo 1 LDC na medida en que se cumpran os principios antes comentados de necesidade, proporcionalidade e non discriminación, e refírese explicitamente esta Resolución á non existencia de probas de que a elección de distribuidores se realizara

con esixencias que vaian máis alá deses tres principios como argumento de que efectivamente se cumpren.

En definitiva, este Tribunal considera que é necesario comprobar na práctica se a suposta negativa de subministro de Sisley a Maryan Perfumerías constitúe ou non un acto discriminatorio, que resulte da aplicación de criterios distintos dos sinalados nas “Condicións Xerais de Venda”. Neste sentido, o Tribunal considera que cabe estimar a petición do recorrente para que se investigue cal é a razón da negativa de venda dos produtos de Sisley a Maryan Perfumerías, no hipotético caso en que efectivamente se demostrase que existe tal negativa de subministro.

Se, efectivamente, se chegase á conclusión de que a negativa de subministro responde a unha práctica discriminatoria, habería que indagar a continuación cáles poderían ser os obxectivos de tal práctica, e efectuar o balance concurrencial do sistema de distribución selectiva de Sisley, á luz da análise da súa posición no mercado, a través principalmente da cota de mercado, para estudar a súa adaptación ao disposto no Regulamento (CE) nº. 2790/99 da Comisión antes citado, e do Real Decreto 378/2003, de 28 de marzo, relativo a exencións por categorías, autorización singular e rexistro de Defensa da Competencia.

Desde ese punto de vista, é necesario estudar con claridade a cota de mercado da empresa Sisley no segmento de alta perfumaría e cosmética de luxo, tal como se indica no Fundamento anterior. Cómpre lembrar a este respecto que as Directrices da Comisión relativas ás restricións verticais (2000/C 291/01) sinalan que a distribución selectiva cualitativa e cuantitativa poden beneficiarse do Regulamento de Exención por categorías ata unha cota de mercado do 30 por cento, sempre e cando non se restrinxan as vendas activas dos distribuidores entre sí ou destes aos usuarios finais. Ademais, esas Directrices establecen un procedemento de avaliación da distribución selectiva no que a cota de mercado da empresa distribuidora é relevante, dado que nestes casos, a análise da competencia intramarca debe efectuarse á luz da competencia intermarca.

Cómpre tamén sinalar que, en todo caso, o Real Decreto 378/2003 relativo a exencións por categorías, autorización singular e rexistro de Defensa da Competencia, no seu artigo 3.d), reduce ao 20 por cento a cota de mercado anterior para acordos de restrición vertical que

produzan efectos incompatibles coas condicións previstas no artigo 3 LDC.

Por último, cabe mencionar que a Comunicación da Comisión relativa a acordos de menor importancia (DO C 373, de 9 de decembro 1997) establece que os acordos verticais subscritos por empresas con cota de mercado inferior ao 10 por cento quedan excluídos do ámbito de aplicación do apartado 1 do artigo 81 CE.

- 9.- Respondendo á cualificación dos feitos denunciados feita por Maryan Perfumerías, o Servizo estudou se pode apreciarse neste caso unha conduta contraria ao artigo 7 LDC, referente ao falseamento da libre competencia por actos desleais.

O Tribunal comparte a conclusión do Servizo de que non existe vulneración do disposto neste artigo, dado que, aínda no suposto de que se puidera probar que a conduta denunciada é un acto de competencia desleal de acordo aos criterios establecidos pola Lei 3/1991, de 10 de xaneiro, de Competencia Desleal, cuestión que non se considera acreditada, terían que concorrer as circunstancias de que o acto de competencia desleal distorsionase gravemente as condicións de competencia no mercado e que esa grave distorsión afectase ao interese público. Ningunha das dúas circunstancias concorren neste caso.

- 10.- En conclusión, tendo en conta os razoamentos expostos nos Fundamentos anteriores, o Tribunal considera que procede estimar o recurso de Maryan Perfumerías, e devolver o expediente ao Servizo para que se verifique se os feitos denunciados son certos ou non, se analice o poder de mercado de Sisley no mercado de cosmética e perfumaría de gama alta con atención á dimensión xeográfica do mercado relevante, e se investigue se a hipotética negativa de subministro é resultado dunha actuación discriminatoria de Sisley contra o recorrente que contraría os criterios de selección de retalistas que aparecen no documento “Condicións Xerais de Venda”; e, á luz desa información, continúe a pescuda de todos cantos aspectos sexan pertinentes ata determinar se existen prácticas contrarias á LDC ou se sobresea o expediente, en caso contrario.

Vistos os preceptos legais citados e os demais de xeral aplicación, o Tribunal

RESOLVEU

- Primeiro.- Estimar o recurso interposto por D. A. F. L., representante legal da sociedade mercantil Maryan Perfumerías, S.L., contra o Acordo do Servizo Galego de Defensa da Competencia de 8 de novembro de 2006, de arquivo da denuncia presentada polo recorrente contra Productos de Belleza Sisley España, S.A. e, en consecuencia, declarar nulo e sen efecto ese Acordo do Servizo.
- Segundo.- Instruír ao Servizo Galego de Defensa da Competencia para que retrotraia as súas actuacións ao momento anterior ao arquivo da denuncia, e incoe expediente para comprobar a veracidade dos feitos denunciados por D. A. F. L., no seu escrito de 11 de xullo de 2006, e, no seu caso, se analice a posición da marca Sisley no mercado de perfumaría e cosmética de gama alta, a partir da definición do mercado relevante de produto e xeográfico pertinente para o estudo dos feitos denunciados e a determinación da súa cota de mercado; se averigüen as razóns da suposta negativa de subministro dos produtos Sisley a Maryan Perfumerías, e se ditas razóns responden ou non a unha aplicación discriminatoria dos criterios de selección cualitativos nos que se basea o sistema de distribución selectiva de Productos de Belleza Sisley España, S.A.; e demais actuacións que sexan de interese para o presente caso ata a súa completa cualificación xurídica.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, informandoos de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.

RESOLUCIÓN (Expte. R-5/2007) Venda Ambulante 2

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Fernando Varela Carid, Vogal
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, a 14 de xuño de 2007.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba, e sendo Relator o vogal D. Fernando Varela Carid, ditou a seguinte Resolución no expediente R- 5/2007, Venda Ambulante 2, (6/2006 do Servizo Galego de Defensa da Competencia – SGDC-), orixinado polo recurso interposto o 28 de marzo de 2007 por D. J. F. R. A. contra o Acordo do SGDC de 16 de marzo de 2007, de arquivo das actuacións derivadas da denuncia formulada polo recorrente por considerar que non existían indicios de infracción da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- Con data 16 de xuño de 2006, o SGDC recibiu denuncia de D. J. F. R. A. por presuntas prácticas de competencia desleal prohibidas polo artigo 7 da LDC efectuadas polos comerciantes ambulantes de Galicia que, a xuízo do denunciante, estaban instalando postos de venda sen expoñer publicamente a tarxeta de Rexistro de Comerciantes Ambulantes da Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo, o denunciante solicitou que se sancionase aos alcaldes dos concellos onde se estaba consentindo que os postos ambulantes se instalen incumprindo a normativa que regula esa actividade, en concreto o artigo 10 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante.
- 2.- Con data 28 de xuño de 2006, o SGDC acordou non iniciar o procedemento derivado da presunta realización de condutas contrarias ao disposto no artigo 7 LDC, ao considerar que a non exhibición da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes

Ambulantes de Galicia constitúe unha infracción administrativa, pero non un acto de competencia desleal. Por outra parte, o SGDC considerou que, aínda que os concellos fixeran deixación das súas funcións respecto da esixencia de exhibir a citada tarxeta, non estarían actuando como competidores, senón como administración pública, e, por tanto, non pode predicarse deles que realicen actos de competencia desleal.

- 3.- Con data 6 de xullo de 2006, o Acordo do SGDC citado no punto anterior foi recorrido por D. J. F. R. A., mediante escrito no que sinalaba que as condutas denunciadas como competencia desleal non só son actos de deixación dos responsables municipais, senón tamén resultado da actuación de comerciantes ambulantes non identificados, que deben ser responsables pola súa conduta.
- 4.- O 31 de xullo de 2006, o Pleno do TGDC admitiu a trámite o recurso interposto por D. J. F. R. A., designou como Relator do mesmo a D. José Antonio Varela González, presidente do TGDC, e aprobou a Providencia para a posta de manifesto do expediente á única parte interesada, que foi o propio denunciante.
- 5.- Recibidas as alegacións do denunciante, o TGDC ditou Resolución o 14 de setembro de 2006 estimando parcialmente o recurso de D. J. F. R. A. no sentido de desestimar o recurso contra os alcaldes de concellos galegos que permiten a venda ambulante de comerciantes sen identificar, e de estimar o recurso contra os comerciantes ambulantes que levan a cabo os comportamentos denunciados.

O Tribunal instou ao SGDC a que iniciase un procedemento de información reservada sobre posibles actuacións restritivas da competencia nos mercados periódicos da provincia de Pontevedra, ou cando menos nos concellos de Baiona, Marín e Pontearreas.

- 6.- O 16 de marzo de 2007, o SGDC, tras efectuar a información reservada indicada polo Tribunal, acordou archivar as actuacións derivadas da denuncia presentada por D. J. F. R. A. por considerar que non existían indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia.
- 7.- Novamente, o denunciante, D. J. F. R. A., presentou recurso contra esa decisión do SGDC, mediante escrito de 28 de marzo de 2007.
- 8.- O TGDC, en aplicación do artigo 48.1 LDC, dirixiuse ao Servizo para que remitise o expediente xunto co seu informe, e indicase

expresamente se existía algunha irregularidade na representación da parte actora ou no prazo de presentación do recurso.

- 9.- O 27 de abril de 2007, o SGDC remitiu a este Tribunal o expediente de referencia, ratificándose nos fundamentos que deron lugar ao Acordo adoptado o 16 de marzo de 2007.
- 10.- O 2 de maio de 2007, o TGDC acordou admitir á trámite este segundo recurso interposto por D. J. F. R. A. contra o Acordo do SGDC de 16 de marzo de 2007. Nesa mesma data nomeouse Relator ao vogal D. Fernando Varela Carid, informouse ao interesado da admisión a trámite, e abriuse un prazo de 15 días hábiles para que formulase alegacións e presentase os documentos e xustificacións que estimase pertinentes.

Foi considerado único interesado D. J. F. R. A..

- 11.- Con entrada de 15 de maio de 2007, recibíronse no TGDC as alegacións do recorrente, nas que se ratifica na súa posición xa expresada con anterioridade, no sentido de denunciar que moitos comerciantes ambulantes non cumpren coa obriga de expoñer a tarxeta de Rexistro da Xunta de Galicia, indicando que non a exhiben porque en realidade non a posúen.
- 12.- O Pleno do TGDC deliberou e fallou sobre este expediente na súa reunión de 11 de xuño de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- 1.- O artigo 47 LDC sinala que os actos do Servizo de Defensa da Competencia que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar un procedemento, ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, serán recorribles ante o Tribunal de Defensa da Competencia no prazo de dez días.
- 2.- Admitido a trámite o recurso, e á vista do anterior, a cuestión que debe resolver o Tribunal neste caso é se existen ou non indicios de conduta anticompetitiva, a partir dos feitos investigados polo SGDC respondendo á denuncia de D. J. F. R. A. e ás indicacións deste Tribunal na súa Resolución de 14 de setembro de 2006, feitos que para a súa consideración axeitada deben estar suficientemente comprobados.

- 3.- A materia que se examina é se os vendedores ambulantes denunciados están incorrendo ou non nunha práctica de competencia desleal contraria ao artigo 7 LDC e por tanto perseguible e sancionable, ao non exhibiren a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, e, por extensión, a autorización municipal que deben obter os vendedores ambulantes para desenvolver a súa actividade nun concello determinado.
- 4.- O SGDC decidiu o arquivo de dilixencias baseando a súa decisión en que non se reúnen os requisitos indicados no artigo 15.1 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal (LCD), por considerar que non se está infrinxindo unha lei e que tampouco pode apreciarse vantaxe competitiva significativa derivada da non exhibición da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia. Do mesmo modo, o Servizo tampouco considera que haxa unha conculcación do artigo 15.2 LCD, ao estimar que non hai infracción de normas concurrenciais. En conclusión, o SGDC entende que a conduta denunciada non constitúe un acto de competencia desleal, e, por tanto, non pode haber violación do artigo 7 da Lei de Defensa da Competencia.
- 5.- En opinión deste Tribunal, para examinar debidamente este asunto debe distinguirse entre o feito de non posuír a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, e máis a correspondente autorización municipal, e, por tanto, non estar en condicións de exhibir eses documentos, do feito, menos relevante, de posuír a tarxeta da Xunta e a autorización municipal, pero non exhibilas no momento de instalar os postos de venda ambulante e proceder á distribución dos seus produtos.
- 6.- O Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante, sinala no artigo 10 os requisitos para o exercicio da venda ambulante, que son os seguintes:
 - a) Estar dado de alta e ao corrente no pago do imposto de actividades económicas, así como satisfacer as contribucións municipais establecidas para este tipo de venda.
 - b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións de tal réxime.
 - c) Estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e dispoñer do correspondente documento acreditativo.

- d) Estar debidamente identificado como comerciante ambulante.
- e) No caso de estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- f) Dispoñer da correspondente autorización municipal.
- g) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.

Nesa perspectiva, a posesión e exhibición da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia cumpre unha función de control que permite comprobar o axeitado cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo anterior, nomeadamente a alta e o pago do imposto de actividades económicas, a satisfacción das contribucións municipais, e a alta e o pago das cotizacións á Seguridade Social. A autorización municipal ven a reforzar esta mesma función de control por parte dos concellos.

Debe concluírse, por tanto, que a obtención da referida tarxeta da Xunta de Galicia e mais da autorización municipal constitúen elementos fundamentais do acceso á actividade de vendedor ambulante.

Polo contrario, a mera non exhibición da tarxeta da Xunta de Galicia, ou da autorización municipal, constitúe un acto menos relevante, aínda que tamén incumpre o disposto no artigo 10 do Decreto 194/2001.

- 7.- O artigo 7 LDC sinala que o Tribunal de Defensa da Competencia coñecerá dos actos de competencia desleal sempre e cando eses actos distorsionen gravemente as condicións de competencia no mercado e que esa grave distorsión afecte ao interese público.

A doutrina do TDC é clara respecto á interpretación e aplicación deste artigo. Entre outras, cabe citar a Resolución TDC 399/99, Propiedade Urbana de Gerona, e tamén a Resolución TDC 439/98, Ambulancias Cataluña. Na primeira das mencionadas, xa referida por este Tribunal na Resolución anterior sobre este mesmo expediente, o TDC sinala que para aplicar o artigo 7 LDC será preciso que *“nas condutas denunciadas concorran as seguintes circunstancias: a) que sexan constitutivas de competencia desleal; e b) que produzan un*

falseamento sensible da libre competencia, en todo ou en parte do mercado nacional, que cause unha afectación ao interese público”.

Á vista do anterior, para a correcta aplicación do artigo 7 LDC, debe probarse primeiramente que a conduta denunciada constitúe, en efecto, un acto de competencia desleal, para o que cómpre remitirse ao disposto na normativa que regula os ilícitos desa natureza.

8.- O artigo 15 da Lei 3/1991, de Competencia Desleal, sinala textualmente:

“1.- Considérase deseal prevalese no mercado dunha vantaxe competitiva adquirida mediante a infracción das leis. A vantaxe debe ser significativa.

2.- Terá tamén a consideración de desleal a simple infracción de normas xurídicas que teñan por obxecto a regulación da actividade concorrencial.”

Referíndonos especificamente ao punto 2 deste artigo, non hai dúbida que, segundo a interpretación exhaustiva da doutrina e da xurisprudencia, por normas xurídicas reguladoras da actividade concorrencial deben entenderse aquelas que serven para deseñar a estrutura do mercado relevante, e, nomeadamente, as que regulan o acceso a unha determinada actividade, é dicir, a entrada, o mantemento e a saída das empresas que participan nese mercado específico. A este respecto pode mencionarse, entre outras, a STS de 13 de marzo de 2000, (RJ 2000, 1207) na que se indica: *“o labor hermenéutico de fixar qué normas deben entenderse incluídas neste apartado (2 do artigo 15) esixe en primeiro lugar utilizar o criterio sistemático que utiliza o apartado anterior; o apartado primeiro é de natureza extensiva, pois non atende ao contido da norma senón só a súa forma. O apartado que nos interesa é, polo contrario, intensivo pois o importante é o contido da norma – e non a súa forma-. O determinante é que teña por “obxecto” a regulación da actividade comercial. E ese “obxecto” debemos entendelo como obxecto directo e non indirecto ou reflexo (...)”.*

Exprésase tamén con moita claridade a SAP Valencia nº. 551/2005, de 21 de decembro, ao sinalar que *“a Orde de 10 de marzo de 1998 (refírese a un regulamento sobre uso de aparatos a presión para extintores de incendios) ven a regular directamente a actividade concorrencial no mercado de ditas empresas, pois para que estas realicen a súa actividade deben contar coa conseguinte autorización*

administrativa (...); deste modo a referida norma establece as condicións nas que se concorre ao mercado (...) circunstancia ésta que entra de cheo no ámbito do artigo 15.2 da LCD”.

Resulta claro, en consecuencia, que o artigo 10 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, ao sinalar os requisitos esixidos para o exercicio da actividade de venda ambulante, está establecendo as condicións que regulan o acceso, mantemento e saída dos posibles operadores nese mercado e por tanto, é, plenamente, unha norma reguladora da orde concorrencial, de modo que calquera violación deses requisitos constitúe un ilícito do artigo 15.2 LCD.

Resulta claro tamén, tendo en conta o teor do artigo 15.2, que a mera violación dunha norma xurídica reguladora da actividade concorrencial, neste caso o artigo 10 do Decreto 194/2001, basta para que sexa considerada como un ilícito da Lei de Competencia Desleal, de xeito que non é necesario probar que se derive deses requisitos unha vantaxe competitiva significativa.

- 9.- Aínda no suposto de considerar unha eventual aplicación do artigo 15.1 LCD, este Tribunal entende que a non posesión e por tanto a non exhibición da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e mais da autorización municipal correspondente constitúe unha infracción das leis, denominación ésta que debe interpretarse en sentido xenérico, incluíndo tamén os decretos das autoridades autonómicas, segundo sinala exhaustivamente a doutrina e a xurisprudencia.

Neste suposto, si sería necesario probar que existe vantaxe competitiva significativa derivada da infracción do Decreto 194/2001. Ora ben, este Tribunal estima que, en efecto, a non posesión da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e da autorización municipal confire unha vantaxe competitiva significativa ao infractor, dado que, como se sinalou no Fundamento 8, a inscrición no rexistro cumpre unha función de control para comprobar que efectivamente o operador solicitante está ao corrente nos pagos de impostos de actividades económicas, as contribucións municipais e a Seguridade Social. Quen exerza a actividade de venda sen cumprir con eses requisitos obviamente ten un coste menor que pode facilmente trasladar aos prezos, obtendo con iso unha vantaxe competitiva clara.

Quedaría por comprobar, nesta liña argumental, que ese menor coste se traduce efectivamente nunha vantaxe competitiva práctica mediante

a aplicación do prezos menores ou calquera outra manifestación no mercado relevante.

- 10.- Polo contrario, o feito de posuír a tarxeta da Xunta de Galicia e mais a autorización municipal, pero non exhibilas constitúe, nesta perspectiva, un acto de natureza moi distinto da súa carencia. A simple non exhibición das licenzas correspondentes constitúe unha infracción do citado artigo 10 do Decreto 194/2001, en concreto do seu punto d), antes sinalado, pero non se pode considerar que outorgue vantaxe competitiva significativa ao infractor. Máis ben ao contrario, a posesión e non exhibición da tarxeta ou da autorización municipal mesmo pode restar clientela ao vendedor infractor, dada a maior seguridade que confire para os posibles compradores a identificación e comprobación de legalidade do vendedor, factor que adquire unha especial relevancia cando se trata de produtos perecedoiros.
- 11.- Constatado, por tanto, en opinión deste Tribunal, que a carencia da tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e da autorización municipal constitúe un acto de competencia desleal, débese probar a continuación que, como sinala o artigo 7 LDC, ese acto distorsione gravemente as condicións de competencia no mercado e que esa grave distorsión afecte ao interese público, ou en palabras do TDC, *“que produza un falseamento sensible da libre competencia, en todo ou en parte do mercado nacional, que cause unha afectación ao interese público”*.

Este Tribunal xa se pronunciou respecto ao posible falseamento sensible da libre competencia e á afectación do interese público na súa Resolución R-3/2006, sobre este mesmo asunto, na que sinalaba que *“a conduta examinada podería supor un falseamento sensible da libre competencia nos mercados afectados, con efectos negativos sobre o rendemento tanto dos comerciantes ambulantes como dos sedentarios que cumpren a normativa existente. Por outra banda, podería ter (efectos sobre o) interese público, fundamentalmente polos seus potenciais efectos negativos sobre o benestar dos consumidores”*.

Para poder avaliar acaídamente se, en efecto, existe falseamento da libre competencia e por tanto afectación do interese público, ligado este último á importancia ponderada da venda ambulante en Galicia pola dispersión da súa poboación e agrupamento nunha grande cantidade de pequenos núcleos, con múltiples implicacións para consumidores e usuarios, cumpriría dispor de máis información que a

aportada ata agora polo expediente remitido polo SGDC. A importancia xeral do sector debe porse en perspectiva co número relativo de vendedores ambulantes que incumpran coa obriga de posuír a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e da licenza municipal nos distintos mercados ambulantes que se identifiquen, pois non ten a mesma relevancia a efectos da competencia que o número de infractores sexa pequeno a que unha elevada porcentaxe dos vendedores presentes no mercado incumpra coa normativa e obteña vantaxes competitivas de modo desleal.

- 12.- Á vista das observacións anteriores, este Tribunal considera que se debe estimar o recurso de D. J. F. R. A. e, en consecuencia, devolver as actuacións ao Servicio Galego de Defensa da Competencia para que se incoe expediente e se determinen con exactitude os puntos que se mencionan máis adiante e cantos outros sexan precisos para unha axeitada avaliación do posible impacto da conduta denunciada sobre o falseamento da competencia e o interese público, en aplicación do disposto no artigo 7 LDC.

Sería oportuno, a este respecto, que o Servizo se dirixa aos concellos da provincia de Pontevedra que, de acordo á información dispoñible, teñan mercados de venda ambulante que sexan especialmente significativos dentro da súa actividade comercial e, en todo caso, aos de Baiona, Marín e Pontearreas, para obter os datos seguintes:

- a.- Número total de comerciantes ambulantes en cada un dos mercados examinados.
- b.- Número e identificación dos vendedores ambulantes que non posúan a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e a autorización municipal correspondente.
- c.- Número e identificación dos vendedores ambulantes que posúan a tarxeta expedida polo Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia pero non a autorización municipal para desenvolver esa actividade. Dentro deste grupo, cumpriría determinar os vendedores que exhiben a mencionada tarxeta da Xunta e os que non a exhiben,
- d.- Número de vendedores ambulantes que teñen ambas licenzas, a tarxeta da Xunta e mais a autorización municipal, con indicación dos que exhiben ambas, algunha delas ou ningunha.

Vistos os preceptos legais aplicables e os de xeral aplicación, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia

RESOLVEU

Primeiro.- Estimar o recurso de D. J. F. R. A. contra o Acordo do Servizo Galego de Defensa da Competencia de 16 de marzo de 2007, polo que se arquivaron as actuacións da denuncia presentada polo recorrente contra outros comerciantes ambulantes non identificados, por presuntas prácticas consistentes en actos de competencia desleal contrarios ao artigo 7 da Lei 16/1989, de Defensa da Competencia.

Segundo.- Revocar o mencionado acordo do Servizo Galego de Defensa da Competencia e, en consecuencia, remitir as actuacións a ese Servizo para que incoe e instrúa expediente en relación coa denuncia presentada polo recorrente, e se determine, co maior grado de precisión posible, a incidencia dos actos de competencia desleal denunciados nos mercados de venda ambulante dos concellos da provincia de Pontevedra onde esa actividade teña unha especial significación, e, en todo caso, nos de Baiona, Marín e Pontearreas, de modo que se poida avaliar correctamente o grao de falseamento da competencia e de afectación do interese público desas prácticas anticompetitivas, coa correspondente identificación dos posibles responsables, ata unha completa cualificación dos feitos denunciados.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese ao interesado, informándoo de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO (Expte. RA-1/2007, TRANSPORTE PORTO DE VIGO) .**Pleno**

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, a 3 de decembro de 2007

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator don José Antonio Varela González, presidente, ditou a seguinte Resolución no expediente RA-1/2007, Transporte Porto de Vigo, 2/2007 do Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo SGDC en data 15 de outubro de 2007, das actuacións iniciadas en virtude da denuncia presentada pola AIE ATC Porto de Vigo, contra Transportes García Basadre, S. L, por presunta infracción da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia (en diante LDC 1989).

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- Con data 20 de abril de 2007 recibíuse no TGDC escrito de denuncia presentado por don J. G. C., en nome e representación da AIE ATC Porto de Vigo, contra Transportes García Basadre, S. L, por presunta infracción da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que foi remitido ao SGDC con data 23 de abril de 2007, por ser o órgano ao que corresponde a instrución das denuncias. Na citada denuncia se cualificaba como desleal a conduta desenvolvida pola empresa Transportes García Basadre, S. L, por vulneración da normativa sobre pesos no transporte de contedores. O mesmo escrito de denuncia foi presentado pola denunciante no Rexistro Único do Edificio Administrativo de Vigo, que foi remitido ao SGDC en data 2 de maio de 2007, e que tivo entrada no citado SGDC o 7 de maio de 2007.

- 2.- Con data 23 de abril de 2007 tivo entrada no SGDC a denuncia presentada no TGDC, por don J. G. C., en nome e representación da AIE ATC Porto de Vigo, contra Transportes García Basadre, S. L, por presunta infracción da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.
- 3.- Ao abeiro do disposto no artigo 36.3 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, o SGDC decidiu iniciar unha información reservada, co obxecto de coñecer da posible existencia de indicios de condutas prohibidas pola citada LDC.
- 4.- Con data 7 de maio de 2007, o SGDC dirixiuse á Dirección Xeral de Transportes, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, da Xunta de Galicia, á denunciada, e á denunciante, á que se lle solicitou documentación complementaria da súa denuncia.
- 5.- Ao non se obter resposta da denunciante, con data 21 de maio de 2007, o SGDC reiteroulle a solicitude de documentación complementaria, que lle foi notificada o 28 de maio de 2007. Non se recibiu resposta algunha ao requirimento.
- 6.- Con data 23 de maio de 2007, o SGDC deu traslado da denuncia á Dirección Xeral de Defensa da Competencia, do Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do establecido no artigo 2.1 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia.
- 7.- Con data 15 de xuño de 2007 (entrada no SGDC o 25 de xuño), a Dirección Xeral de Defensa da Competencia, do Ministerio de Economía e Facenda, respondeu ao SGDC solicitando que o mesmo requirise á denunciante unha serie de datos para poder decidir sobre a competencia para coñecer do asunto.
- 8.- Con data 21 de xuño de 2007, a representación da empresa denunciada remitiu diversa documentación, complementando a entregada persoalmente nunha entrevista mantida co SGDC. Xunto con diversa documentación da sociedade, a denunciada aportou copias de diversas autorizacións que obtivera da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, con carácter complementario de posta en circulación para os seus vehículos, que ampararían os transportes efectuados, o resumo das pesadas que fai cada empresa de contedores do Porto de Vigo na báscula que se atopa dentro do mesmo recinto portuario, da que é concesionaria Sales del Sur, S.A.

por concesión da Autoridade Portuaria do Porto de Vigo, así como o listado dos contedores da súa empresa, que tiñan peso de máis, e que por iso se levaran a Progeco, para sacarles sobrepeso, constando os selos da citada Progeco das ditas operacións.

- 9.- Con data 27 de xuño de 2007, o SGDC remite novo escrito á denunciante solicitando nova información, que foi devolta polo Servizo de Correos por “Ausente reparto”, con data 29 de xullo de 2007.
- 10.- Con data 23 de xullo de 2007, o SGDC reiterou novamente a súa solicitude á denunciante, que foi devolta polo Servizo de Correos por “Ausente reparto”, con data 24 de xullo de 2007, a pesares de comprobarse a exactitude da dirección á que se remitira.
- 11.- Á vista da imposibilidade de notificación persoal a denunciante requiríndolle a documentación complementaria, con data 28 de agosto de 2007 publicouse no DOG nº 166, o Anuncio do 24 de agosto de 2007, do SGDC, no que se reitera a petición da citada información complementaria, ao abeiro do disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedementos administrativo común, advertíndolle do posible arquivo das actuacións en caso de non obter resposta.
- 12.- Transcorrido o prazo concedido ao efecto sen terse recibido documentación algunha da denunciante, con data 18 de setembro de 2007, o SGDC dirixiuse á Dirección Xeral de Defensa da Competencia, do Ministerio de Economía e Facenda, a que traslaza a imposibilidade de obter máis información por parte da denunciante e a conveniencia de proceder ao arquivo da denuncia presentada, en virtude do disposto no artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, por desistimento da denunciante, ao abeiro do disposto nos artigos 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, por entender, así mesmo, que non consta a existencia de terceiros interesados, nin afectación do interese xeral.
- 13.- Con data 11 de outubro de 2007 tivo entrada no rexistro Xeral da Consellería de Economía e Facenda, escrito da Dirección Xeral de Defensa da Competencia, do Ministerio de Economía e Facenda, na que comunica que comparte o criterio do SGDC.
- 14.- Con data 16 de outubro de 2007, tivo entrada no TGDC a proposta de arquivo formulada polo SGDC, ao abeiro do disposto no artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, en aplicación

do establecido nos artigos 90 e 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

- 15.- O Pleno do TGDC deliberou e fallou sobre a citada proposta, na súa reunión celebrada o 8 de novembro de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A presente resolución dítase ao abeiro do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, ao tratarse dun expediente que non foi incoado con anterioridade a súa entrada en vigor, conforme ao disposto no apartado 1º da Disposición transitoria primeira, da citada Lei 15/2007.

SEGUNDO.- No artigo 49.3 da Lei 15/2007, establécese que “O Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta da Dirección de Investigación, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 desta Lei e o arquivo das actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei.”

TERCEIRO.- Na Disposición adicional oitava da Lei 15/2007 establécese que “As referencias contidas nesta Lei á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección relativas a funcións, potestades administrativas e procedementos, entenderanse tamén realizadas aos órganos de instrución e resolución correspondentes das comunidades autónomas con competencia na materia cando as mesmas se refiran ás competencias correspondentes previstas no artigo 13 desta Lei.”

CUARTO.- Segundo o artigo 45 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, “os procedementos administrativos en materia de defensa da competencia rexeranse polo disposto nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento e, supletoriamente, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do previsto no artigo 70 desta Lei.”

QUINTO.- A proposta elevada polo SGDC ao TGDC ten por obxecto que o TGDC adopte una resolución de arquivo das actuacións, o abeiro do disposto no artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en aplicación do establecido nos artigos 90 e 91 da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, argumentando a imposibilidade de obter do denunciante información adicional sobre a súa denuncia, non constando, ao xuñizo do SGDC, nin a existencia de terceiros interesados nin afectación do interese xeral.

A proposta do SGDC, sen embargo, ten como finalidade o arquivo das actuacións, non o simple desistimento do denunciante, e polo tanto, a vontade de non iniciar o expediente sancionador, o que implica necesariamente que o que se debe apreciar por este Tribunal, tal e como esixe o artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, é se hai ou non indicios de infracción da lexislación de defensa da competencia.

A proposta resulta contraditoria neste punto, posto que manifesta que o desistimento do denunciante “non implicaría para o denunciante a perda dos dereitos de fondo, no caso de que instase o inicio dun novo procedemento”, co que implícitamente da a entender que a conduta denunciada podería ser, no seu caso, constitutiva de infracción á normativa de competencia.

Este TGDC quere destacar que o simple desistimento do denunciante non impide ao órgano instructor realizar de oficio todas aquelas actuacións que considere necesarias para esclarecer os feitos denunciados e a posible existencia dunha conduta contraria á competencia tipificada nos artigos 1, 2 ou 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

Á vista do actuado, o exame do TGDC débese centrar, polo tanto, non no mero desistimento do denunciante, senón na posible existencia de indicios da comisión dunha práctica prohibida pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, tal e como establece o mencionado artigo 49.3 da citada norma.

O TGDC considera que dos datos obrantes no expediente non é posible apreciar a existencia de indicios de práctica algunha contraria as normas da competencia, tratándose máis ben, dunha cuestión de natureza administrativa, susceptible de ser reconducida, no seu caso, á potestade sancionadora desenvolvida polos órganos da administración competentes en

materia de transportes, razón pola que procede acordar o arquivo solicitado.

RESOLVEU

Acordar o arquivo das actuacións iniciadas pola denuncia presentada pola AIE ATC Porto de Vigo, contra Transportes García Basadre, S. L., por presunta infracción da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

Comuníquese esta resolución ao SGDC e notifíquese ao denunciante, facéndolle saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses partir da data de notificación desta Resolución.

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO (Expte. RA-2/2007, FEIRAS DE OPORTUNIDADES)**Pleno**

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente
D. Fernando Varela Carid, Vogal
D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2007.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator D. Fernando Varela Carid, vogal, ditou a seguinte resolución no Expediente RA-2/2007, Feiras de Oportunidades, tras examinar a proposta de arquivo efectuada polo Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), en escrito de data 25 de outubro de 2007, das actuacións efectuadas en virtude de tres denuncias presentadas por D. J. M. L. G., representante da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos en Galicia (ACAPAG), en relación con presuntas prácticas de competencia desleal na organización de mercadillos chamados “feiras de oportunidades” en varios concellos de Galicia, que poderían constituír unha suposta infracción do artigo 3 da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC, en adiante).

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O TGDC remitiu ao SGDC, con datas 28 de agosto, 5 de setembro e 18 de setembro, tres escritos de denuncia presentados por D. J. M. L. G., representante da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos en Galicia (ACAPAG). Neses tres escritos, o representante de ACAPAG denunciaba presuntas prácticas de competencia desleal, contrarias ao artigo 3 LDC, na organización de mercadillos chamados feiras de oportunidades nos concellos de Boiro,

Ribeira, Noia, A Estrada, Pontevedra, O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Cangas, Padrón, Tui e Negreira.

2.- En base ao disposto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o Servizo acumulou as tres denuncias nun mesmo expediente, número 9/2007 do SGDC, denominado RA-2/2007 neste Tribunal, dado que o denunciante e a conduta denunciada coinciden, variando unicamente a identidade dos concellos aos que se refiren as denuncias.

3.- O SGDC, unha vez estudadas as denuncias, remitiu a este Tribunal o escrito de 25 de outubro de 2007 con proposta de arquivo de plano das actuacións por non existir indicios de infracción da Lei imputable a persoas físicas ou xurídicas determinadas.

4.- Este Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión de 18 de decembro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A presente Resolución dítase ao abeiro do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, ao tratarse dun expediente non incoado con anterioridade á súa entrada en vigor, de acordo co disposto no apartado primeiro da Disposición Transitoria Primeira da citada Lei.

SEGUNDO.- A Lei 15/2007 de Defensa da Competencia establece no artigo 49.3 que o Consello da Comisión Nacional de Competencia poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC, e o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei. En virtude da Disposición Adicional Oitava da mesma Lei 15/2007, esta facultade está atribuída tamén aos órganos de resolución das Comunidades Autónomas con competencia na materia, no caso de Galicia, este Tribunal.

TERCEIRO.- O SGDC propón o arquivo das denuncias presentadas polo representante de ACAPAG por careceren do contido formal mínimo para a súa admisión, dado que non hai referencias

concretas aos comerciantes presuntamente beneficiados polas prácticas que se cualifican como contrarias á competencia.

Alén diso, o SGDC estima que no suposto de considerar suxeitos da denuncia aos concellos sinalados nos escritos de ACAPAG, estes non actúan como competidores e, por tanto, non pode predicarse deles que estean realizando actos de competencia desleal. O Servizo sinala que de acordo á Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal os comportamentos nela definidos deben realizarse no mercado e con fins concurrenciais e, por tanto, debe tratarse de actos obxectivamente idóneos para promover ou asegurar a difusión no mercado das prestacións propias ou dun terceiro, circunstancias que non se dan neste caso xa que os concellos non actúan como operadores económicos.

CUARTO.- Este Tribunal entende que aínda considerando como un defecto formal grave a carencia de identificación dos comerciantes denunciados, debe examinarse o presente asunto desde a perspectiva da existencia ou non de indicios de condutas contrarias ao disposto na vixente Lei de Defensa da Competencia. A análise que corresponde facer ás autoridades de competencia refírese sempre ao interese público de modo que, no caso de se detectaren indicios de condutas anticompetitivas, podería eventualmente subsanarse ese defecto formal mediante unha actuación de oficio da propia Administración, en defensa do interese público, dado que , ademais, estamos ante unha conduta que probablemente se reitera ao longo do ano.

QUINTO.- Entrando, por tanto, no fondo da cuestión planteada polas tres denuncias do representante de ACAPAG, as condutas denunciadas deben examinarse desde a perspectiva do artigo 3 LDC. Ese artigo 3 sinala que *“a Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das Comunidades Autónomas coñecerán nos termos que a presente Lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal que por falsearen a libre competencia afecten ao interese público”*.

SEXTO.- A interpretación literal do artigo mencionado e seguindo a doutrina consolidada do extinto Tribunal de Defensa da Competencia, a aplicación do artigo 3 LDC (antigo artigo 7 da

derogada Lei 16/1989, de Defensa da Competencia) esixe a concorrencia dos seguintes dous requisitos:

- a) a existencia dun comportamento desleal de acordo coa Lei 3/1991, de 10 de xaneiro, de Competencia Desleal; e
- b) que ese comportamento afecte á libre competencia e, por tanto, ao interese público.

SÉPTIMO.- Para poder incoar un expediente con base no artigo 3 resulta necesario o cumprimento desas dúas condicións, de maneira que basta con analizar se efectivamente existe unha afectación do interese público e, por tanto, unha alteración da libre competencia para descartar todas aquelas condutas desleais que non causen tales efectos no mercado.

OCTAVO.- Neste caso, o Tribunal considera que as condutas denunciadas non teñen incidencia sobre a libre competencia no mercado e, en consecuencia, non existe afectación apreciable do interese público, polo que non cabe presumir a existencia de indicios de prácticas contrarias ao disposto na vixente Lei de Defensa da Competencia. Por tanto, procede non incoar expediente e arquivar as denuncias presentadas. Non é necesario, desde este punto de vista, analizar se a conduta pode ou non reputarse como desleal.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Non incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas por D. J. M. L. G., representante da Asociación Profesional de Comercio Ambulante e Comercio en Prazas de Abastos en Galicia (ACAPAG), ao non apreciarse indicios de infracción da Lei de Defensa da Competencia, e acordar o arquivo das actuacións iniciadas polo Servizo Galego de Defensa da Competencia.

Comuníquese esta Resolución ao SGDC e notifíquese ao denunciante, facéndolle saber que contra a mesma non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir da data de notificación desta Resolución.

ANEXO II. LEI 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia.

(«BOE» 159, do 4-07-2007)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO**I**

O artigo 38 da Constitución recoñece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado e a garantía e protección desta polos poderes públicos, de acordo coas esixencias da economía en xeral e, no seu caso, da planificación. A existencia dunha competencia efectiva entre as empresas constitúe un dos elementos definitorios da economía de mercado, disciplina a actuación das empresas e reasigna os recursos produtivos en favor dos operadores ou as técnicas máis eficientes. Esta eficiencia produtiva trasládase ao consumidor na forma de menores prezos ou dun aumento da cantidade ofrecida dos produtos, da súa variedade e calidade, co conseguinte incremento do benestar do conxunto da sociedade.

Neste contexto, existe un acordo xeneralizado con respecto á crecente importancia da defensa da competencia, que se consolidou como un dos elementos principais da política económica na actualidade. Dentro das políticas de oferta, a defensa da competencia complementa a outras actuacións de regulación da actividade económica e é un instrumento de primeira orde para promover a produtividade dos factores e a competitividade xeral da economía.

Por iso, resulta preciso dispoñer dun sistema que, sen intervir de forma innecesaria na libre toma de decisións empresariais, permita contar cos instrumentos adecuados para garantir o bo funcionamento dos procesos do mercado.

Con este obxecto promulgouse a Lei 16/1989, de defensa da competencia, do 17 de xullo, sobre a base da cal se articulou un sistema baseado na existencia de dous órganos administrativos especializados de

ámbito nacional para a loita contra as prácticas restritivas da competencia e o control de concentracións económicas, o Servizo e o Tribunal de Defensa da Competencia.

Dende a súa entrada en vigor, producíronse modificacións, algunhas de gran calado, e promulgáronse diversas normas de desenvolvemento. Ademais, aprobouse a Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. Finalmente, nos últimos anos produciuse unha importante reforma do marco comunitario de defensa da competencia, que frutificou no novo Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas e, sobre todo, na modernización da loita contra as condutas restritivas da competencia centrado no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea.

Neste marco, a presente Lei ten por obxecto a reforma do sistema español de defensa da competencia para reforzar os mecanismos xa existentes e dotalo dos instrumentos e a estrutura institucional óptima para protexer a competencia efectiva nos mercados, tendo en conta o novo sistema normativo comunitario e as competencias das comunidades autónomas para a aplicación das disposicións relativas a prácticas restritivas da competencia segundo o disposto na Lei 1/2002 do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Para iso, a Lei parte da experiencia adquirida nos últimos quince anos mediante a aplicación das normas nacionais e comunitarias de competencia e está guiada por cinco principios claros: garantía da seguridade xurídica dos operadores económicos, independencia da toma de decisións, transparencia e responsabilidade fronte á sociedade dos órganos administrativos encargados da aplicación da Lei, eficacia na loita contra as condutas restritivas da competencia e busca da coherencia de todo o sistema e, en particular, dunha axeitada imbricación dos distintos planos institucionais que interactúan neste terreo.

II

A Lei estrutúrase en cinco títulos que regulan, respectivamente, as cuestións substantivas, os aspectos institucionais, a Comisión Nacional da Competencia, as cuestións procedimentais e o réxime sancionador.

O título primeiro recolle os aspectos substantivos dos tres tipos de instrumentos principais desta política: réxime aplicable ás condutas restritivas da competencia, principios do control de concentracións e sistema de seguimento e proposta en materia de axudas públicas.

Polo que respecta ao capítulo primeiro, relativo ás condutas restritivas da competencia, a Lei introduce cambios principalmente en tres liñas. En primeiro lugar, acláranse e simplifican os diferentes tipos de infracción. En segundo lugar, pásase do réxime de autorización singular de acordos prohibidos a un sistema de exención legal en liña co modelo comunitario. En terceiro lugar, acláranse os efectos da exención legal e o tratamento das condutas «de minimis».

En canto aos tipos de infracción, mantense a prohibición dos acordos entre empresas e do abuso de posición de dominio así como do falseamento da libre competencia por actos desleais, aclarándose a redacción deste último tipo. Non obstante, elimínase a referencia específica ao abuso de dependencia económica, que xa se atopa regulado na Lei 3/1991, de competencia desleal, e pode, polo tanto, incardinarse no falseamento da libre competencia por actos desleais.

A Comisión Nacional da Competencia é o órgano competente para instruír e resolver sobre os asuntos que ten atribuídos por esta Lei e, en particular:

a) Aplicar o disposto na presente Lei en materia de condutas restritivas da competencia, sen prexuízo das competencias que correspondan aos órganos autonómicos de Defensa da Competencia no seu ámbito respectivo e das propias da xurisdición competente.

b) Aplicar o disposto na presente Lei en materia de control de concentracións económicas.

c) Aplicar en España os artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea e do seu Dereito derivado, sen prexuízo das competencias que correspondan no

ámbito da xurisdición competente.

d) Adoptar as medidas e decisións para aplicar os mecanismos de cooperación e asignación de expedientes coa Comisión Europea e outras autoridades nacionais de competencia dos Estados membros previstos na normativa comunitaria e, en particular, no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, e no Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas e as súas normas de desenvolvemento.

e) Exercer as funcións que corresponden á Administración xeral do Estado en relación cos mecanismos de coordinación previstos na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

f) Realizar as funcións de arbitraje, sen prexuízo das competencias que correspondan aos órganos competentes das comunidades autónomas nos seus ámbitos respectivos, tanto de dereito coma de equidade, que lle sexan sometidas polos operadores económicos en aplicación da Lei 60/2003, do 3 de decembro, de arbitraje, así como aquelas que lle encomenden as leis.

Artigo 25. Competencias consultivas.

A Comisión Nacional da Competencia actuará como órgano consultivo sobre cuestións relativas á defensa da competencia. En particular, poderá ser consultada en materia de competencia polas Cámaras Legislativas, o Goberno, os distintos departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as corporacións locais, os colexios profesionais, as cámaras de comercio e as organizacións empresariais ou de consumidores e usuarios. En todo caso, a Comisión Nacional da Competencia ditaminará sobre:

a) Proxectos e proposicións de normas que afecten á competencia e, en particular, aqueles polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, o presente texto legal ou a Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, así como os proxectos de normas regulamentarias que as desenvolvan.

b) Proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais, segundo establece a Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, cando a súa instalación na zona de que se trate poida alterar a libre competencia nun ámbito supraautonómico ou no conxunto do mercado nacional, poñendo de manifesto a repercusión dos Proxectos de apertura para a defensa da competencia.

c) Criterios para a cuantificación das indemnizacións que os autores das condutas previstas nos artigos 1, 2 e 3 da presente Lei deban satisfacer

aos denunciante e a terceiros que resultasen prexudicados como consecuencia daquelas, cando lle sexa requirido polo órgano xudicial competente.

d) Todas as cuestións a que se refire o artigo 16 desta Lei e o Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea en canto aos mecanismos de cooperación cos órganos xurisdiccionais nacionais.

e) Calquera outras cuestións sobre as que deba informar a Comisión Nacional da Competencia de acordo co previsto na normativa vixente.

Artigo 26. Outras funcións da Comisión Nacional da Competencia.

1. A Comisión Nacional da Competencia promoverá a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, en particular, mediante as seguintes actuacións:

a) promover e realizar estudos e traballos de investigación en materia de competencia,

b) realizar informes xerais sobre sectores, se é o caso, con propostas de liberalización, desregulación ou modificación normativa,

c) realizar informes, no seu caso con carácter periódico, sobre a actuación do sector público e, en concreto, sobre as situacións de obstaculización do mantemento da competencia efectiva nos mercados que resulten da aplicación de normas legais,

d) realizar informes xerais ou puntuais sobre o impacto das axudas públicas sobre a competencia efectiva nos mercados,

e) dirixir ás administracións públicas propostas para a modificación ou supresión das restricións á competencia efectiva derivadas da súa actuación, así como, se é o caso, as demais medidas conducentes ao mantemento ou ao restablecemento da competencia nos mercados,

f) propoñer o ministro de Economía e Facenda, para a súa elevación, se é o caso, ao Consello de Ministros, as directrices de política de defensa da competencia no marco da política económica de aquel e, en particular, as propostas de elaboración e reforma normativa correspondentes.

2. A Comisión Nacional da Competencia velará pola aplicación coherente da normativa de competencia no ámbito nacional, en particular mediante a coordinación das actuacións dos reguladores sectoriais e dos órganos competentes das comunidades autónomas e a cooperación cos órganos xurisdiccionais competentes.

3. A Comisión Nacional da Competencia será o órgano de apoio do Ministerio de Economía e Facenda na representación de España no ámbito internacional en materia de competencia.

SECCIÓN 3.ª TRANSPARENCIA E RESPONSABILIDADE SOCIAL DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA

Artigo 27. *Publicidade das actuacións da Comisión Nacional da Competencia.*

1. A Comisión Nacional da Competencia fará públicas todas as resolucións e acordos que se diten en aplicación desta Lei e, en particular:

a) As resolucións que poñan fin ao procedemento en expedientes sancionadores.

b) As resolucións que acorden a imposición de medidas preventivas.

c) As resolucións que poñan fin á primeira e segunda fase en expedientes de control de concentracións.

2. Será público o feito da iniciación dun expediente de control de concentracións.

3. A Comisión Nacional da Competencia fará públicos os informes que elabore en aplicación desta Lei. En particular:

a) Os informes elaborados no procedemento de control de concentracións, unha vez adoptadas polo Consello da Comisión Nacional da Competencia as

resolucións correspondentes a primeira e segunda fase.

b) Os informes anuais sobre axudas públicas, tras o seu envío ao Ministerio de Economía e Facenda e á Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados e os informes realizados, ben de oficio ou a instancia de parte, sobre os criterios de concesión das axudas públicas, logo da súa comunicación aos órganos das administracións públicas correspondentes.

c) Os informes elaborados sobre proxectos normativos ou actuacións do sector público, logo da súa remisión ao Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano das administracións públicas correspondente.

d) Os informes elaborados sobre a estrutura competitiva de mercados ou sectores produtivos.

4. As resolucións, acordos e informes faranse públicos por medios informáticos e telemáticos unha vez notificados aos interesados, tras resolver, no seu caso, sobre os aspectos confidenciais do seu contido e previa disociación dos datos de carácter persoal aos que se refire o artigo 3.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo no que se refire ao nome dos infractores.

Artigo 28. Control parlamentario da Comisión Nacional da Competencia.

1. A Comisión Nacional da Competencia fará pública a súa memoria anual de actuacións, que enviará ao ministro de Economía e Facenda e á Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados.

2. O presidente da Comisión Nacional da Competencia deberá comparecer con periodicidade polo menos anual ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados para expor as liñas básicas da súa actuación e os seus plans e prioridades para o futuro. Igualmente, o presidente da Comisión Nacional da Competencia enviará ao ministro de Economía e Facenda con carácter anual unha programación das súas actividades.

3. A Comisión Nacional da Competencia enviará ao ministro de Economía e Facenda e á Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados os seus informes anuais sobre a situación competitiva dos mercados e sobre a actuación do sector público así como os informes sectoriais que aprobe en aplicación do previsto no artigo 26 da presente Lei.

4. O presidente da Comisión Nacional da Competencia e, no seu caso, os membros desta, comparecerán ante as Cámaras e as súas Comisións a petición das mesmas nos termos establecidos nos seus respectivos Regulamentos.

CAPÍTULO II**Dos órganos de dirección da Comisión Nacional da Competencia****SECCIÓN 1.ª DISPOSICIÓN COMÚNS****Artigo 29. Nomeamento e mandato dos órganos directivos da Comisión Nacional da Competencia.**

1. O presidente da Comisión Nacional da Competencia, que o será tamén do Consello, será nomeado polo Goberno mediante Real decreto a proposta do ministro de Economía e Facenda, entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio, previa comparecencia ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso, que versará sobre a capacidade e coñecementos técnicos do candidato proposto.

2. Os conselleiros serán nomeados polo Goberno mediante Real decreto a proposta do ministro de Economía e Facenda entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio, previa comparecencia ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados, que versará sobre a capacidade e coñecementos técnicos do

candidato proposto. O Consello elixirá, entre os conselleiros, un vicepresidente.

3. O mandato do presidente e os conselleiros será de seis anos sen posibilidade de renovación.

4. O director de Investigación é nomeado polo Goberno mediante Real decreto, a proposta do ministro de Economía e Facenda, previa aprobación por maioría simple do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 30. Causas de cesamento no exercicio do cargo.

1. O presidente e os conselleiros da Comisión Nacional da Competencia cesarán no seu cargo:

a) Por renuncia.

b) Por expiración do termo do seu mandato.

c) Por incompatibilidade sobrevinda.

d) Por ser condenado por delito doloso.

e) Por incapacidade permanente.

f) Mediante separación acordada polo Goberno por incumprimento grave dos deberes do seu cargo, a proposta de tres quintas partes do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

2. O director de Investigación cesará no seu cargo mediante Real decreto, a proposta do Ministerio de Economía e Facenda, previa aprobación por maioría simple do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 31. Incompatibilidades.

1. O presidente, os conselleiros e o director de Investigación da Comisión Nacional da Competencia, na súa condición de altos cargos da Administración xeral do Estado, exercerán a súa función con dedicación absoluta e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidade de actividades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como no Acordo do Consello de Ministros do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

2. Ao cesar no seu cargo e durante os dous anos posteriores, o presidente e os conselleiros da Comisión Nacional da Competencia non poderán exercer actividade profesional algunha relacionada coa actividade desta Comisión. En virtude desta limitación, ao cesar no seu cargo por renuncia, expiración do termo do seu mandato ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, o presidente e os conselleiros terán dereito a percibir a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu

cesamento e durante un prazo igual ao que desempeñase o seu cargo co límite máximo de dous anos unha compensación económica mensual igual á doceava parte do 80 por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

Non haberá lugar á percepción de devandita compensación en caso de desempeño, de forma remunerada, de calquera posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado.

SECCIÓN 2.ª DO PRESIDENTE DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA

Artigo 32. *Funcións do presidente da Comisión Nacional da Competencia.*

Corresponde ao presidente da Comisión Nacional da Competencia:

- a) Exercer a representación legal do organismo.
- b) Vixiar o desenvolvemento das actividades do organismo, velando polo cumprimento desta Lei e as súas normas de desenvolvemento.
- c) Manter a boa orde e goberno dos órganos da Comisión Nacional da Competencia.
- d) Impulsar a actuación inspectora da Comisión Nacional da Competencia e a elaboración de plans anuais ou plurianuais de actuación nos que se definan obxectivos e prioridades.
- e) A dirección, coordinación, avaliación e supervisión dos órganos da Comisión Nacional da Competencia, en particular, a coordinación do Consello coa Dirección de Investigación e a dirección dos servizos comúns, sen prexuízo das competencias atribuídas ao director de Investigación no artigo 35.
- f) Dar conta ao ministro de Economía e Facenda das vacantes que se produzan no Consello da Comisión Nacional da Competencia.
- g) Exercer funcións de xefatura en relación co persoal da Comisión Nacional da Competencia, de acordo coas competencias atribuídas pola lexislación específica e sen prexuízo das competencias atribuídas ao director de Investigación no artigo 35.
- h) Aprobar os gastos e ordenar os pagamentos da Comisión Nacional da Competencia, salvo os casos reservados á competencia do Goberno, e efectuar a rendición de contas do organismo de conformidade co previsto en na Lei xeral orzamentaria.
- i) Ser órgano de contratación da Comisión Nacional da Competencia.
- j) Presidir o Consello de Defensa da Competencia.
- k) Resolver as reclamacións previas á vía xudicial civil ou laboral, así como as de responsabilidade patrimonial formuladas contra a Comisión Nacional da Competencia.

l) Resolver as cuestións non asignadas ao Consello ou á Dirección de Investigación.

SECCIÓN 3.ª DO CONSELLO DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA

Artigo 33. Composición e funcionamento do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

1. Son membros do Consello da Comisión Nacional da Competencia o presidente da Comisión Nacional da Competencia, que preside o Consello, e seis conselleiros.

2. Corresponde ao presidente do Consello o exercicio das seguintes funcións:

a) Exercer, en xeral, as competencias que aos presidentes dos órganos colexiados administrativos atribúe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Convocar ao Consello por propia iniciativa ou a petición de, polo menos, a metade dos conselleiros, e presidilo.

c) Establecer o criterio de distribución de asuntos entre os conselleiros.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia enténdese validamente constituído coa asistencia do presidente e tres conselleiros.

4. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente.

5. O Consello nomeará un secretario, por proposta do presidente do Consello, que realizará as funcións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O Estatuto da Comisión Nacional da Competencia regulará o funcionamento do Consello e, en particular, o réxime de convocatoria e sesións, de acordo co establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 34. Funcións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

O Consello da Comisión Nacional da Competencia é o órgano de decisión en relación coas funcións resolutorias, consultivas e de promoción da competencia previstas na presente Lei. En particular, é o órgano competente para:

1. A proposta da Dirección de Investigación:
 - a) Resolver e ditaminar nos asuntos que a Comisión Nacional da Competencia ten atribuídos por esta Lei e, en particular, nos previstos nos artigos 24 ao 26 desta Lei.
 - b) Resolver os procedementos sancionadores previstos nesta Lei e as súas normas de desenvolvemento.
 - c) Solicitar ou acordar o envío de expedientes de control de concentracións que entren no ámbito de aplicación da presente Lei á Comisión Europea segundo o previsto nos artigos 9 e 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.
 - d) Acordar o levantamento da obriga de suspensión da execución dunha concentración económica de conformidade co artigo 9.6 da presente Lei.
 - e) Resolver sobre o cumprimento das resolucións e decisións en materia de condutas prohibidas e de concentracións.
2. Adoptar as comunicacións previstas na disposición adicional terceira e as declaracións de inaplicabilidade previstas no artigo 6.
3. Interesar a instrución de expedientes pola Dirección de Investigación.
4. Acordar a impugnación dos actos e disposicións aos que se refire o artigo 12.3 desta Lei.
5. Elaborar, se é o caso, o seu regulamento de réxime interior, no cal se establecerá o seu funcionamento administrativo e a organización dos seus servizos.
6. Elixir de entre os seus membros ao vicepresidente.
7. Resolver sobre as recusacións, incompatibilidades e correccións disciplinarias e apreciar a incapacidade e o incumprimento grave das súas funcións polo presidente, vicepresidente e conselleiros.
8. Nomear e acordar o cesamento do secretario, por proposta do presidente do Consello.
9. Aprobar o anteproxecto de orzamentos do organismo.
10. Elaborar a memoria anual do organismo así como os plans anuais ou plurianuais de actuación nos que se definan obxectivos e prioridades.

SECCIÓN 4.ª DA DIRECCIÓN DE INVESTIGACIÓN

Artigo 35. Estructura e funcións da Dirección de Investigación.

1. A Dirección de Investigación é o órgano da Comisión Nacional da Competencia encargado da instrución dos expedientes previstos na presente Lei.
2. Son funcións da Dirección de Investigación:

a) Instruír e elevar a correspondente proposta de resolución nos expedientes sobre os que deba resolver o Consello en aplicación da presente Lei.

b) Resolver sobre as cuestións incidentais que poidan suscitarse no marco da instrución de expedientes.

c) Vixiar a execución e cumprimento das obrigas dispostas na presente Lei e as súas normas de desenvolvemento así como das resolucións e acordos realizados en aplicación desta, tanto en materia de condutas restritivas coma de control de concentracións.

d) Aplicar os mecanismos de designación de órgano competente, de acordo co establecido na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

e) Aplicar os mecanismos de reenvío de expedientes entre a Comisión Nacional da Competencia e a Comisión Europea segundo o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

f) Requirir de oficio a notificación dunha concentración de acordo co previsto no artigo 9.5.

g) Requirir o formulario ordinario de notificación de conformidade co artigo 56.2.

3. Corresponde ao director de Investigación:

a) Ostentar a xefatura e representación da Dirección, podendo exercer todas as competencias que a presente Lei e as súas normas de desenvolvemento atribúen a esta.

b) Acordar o nomeamento e cese do persoal da Dirección, de acordo coas competencias atribuídas pola lexislación específica, logo de consulta ao presidente da Comisión Nacional da Competencia.

TÍTULO IV **Dos procedementos**

CAPÍTULO I **Disposicións comúns**

SECCIÓN 1.ª PRAZOS DOS PROCEDEMENTOS

Artigo 36. *Prazo máximo dos procedementos.*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia será de dezaioito meses a contar dende a data do acordo de incoación deste e a súa distribución entre as fases de instrución e resolución fixarase regulamentariamente.

2. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia no procedemento de control de concentracións será:

a) dun mes na primeira fase, segundo o previsto no artigo 57 desta Lei, a contar dende a recepción en forma da notificación pola Comisión Nacional da Competencia,

b) de dous meses na segunda fase, segundo o previsto no artigo 58 desta Lei, a contar dende a data en que o Consello da Comisión Nacional da Competencia acorda a apertura da segunda fase.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do ministro de Economía e Facenda sobre a intervención do Consello de Ministros segundo o disposto no artigo 60 desta Lei será de 15 días, contados dende a recepción da correspondente resolución ditada en segunda fase polo Consello da Comisión Nacional da Competencia.

4. O prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros no procedemento de control de concentracións será dun mes, contado dende a resolución do ministro de Economía e Facenda de elevar a operación ao Consello de Ministros.

5. O prazo máximo para que o Consello da Comisión Nacional da Competencia dite e notifique a resolución sobre o recurso previsto no artigo 47 desta Lei contra as resolucións e actos da Dirección de Investigación será de tres meses.

6. O prazo máximo para que o Consello da Comisión Nacional da Competencia dite e notifique a resolución relativa á adopción de medidas preventivas a instancia de parte prevista no artigo 54 desta Lei será de tres meses. Cando a solicitude de medidas preventivas se presente antes da incoación do expediente, o prazo máximo de tres meses comezará a computarse dende a data do acordo de incoación.

7. O prazo máximo para que o Consello da Comisión Nacional da Competencia dite e notifique a resolución sobre a adopción de medidas no ámbito dos expedientes de vixilancia de obrigas, resolucións ou acordos prevista no artigo 41 será de tres meses dende a correspondente proposta da Dirección de Investigación.

Artigo 37. Supostos de ampliación dos prazos e suspensión do seu cómputo.

1. O transcurso dos prazos máximos previstos legalmente para resolver un procedemento poderase suspender, mediante resolución motivada, nos seguintes casos:

a) Cando se deba requirir a calquera interesado para a subsanación de deficiencias, a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios.

b) Cando se deba solicitar a terceiros ou a outros órganos das administracións públicas a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios.

c) Cando sexa necesaria a cooperación e a coordinación coa Unión Europea ou coas Autoridades Nacionais de Competencia doutros países.

d) Cando se interpoña o recurso administrativo previsto no artigo 47 ou se interpoña recurso contencioso-administrativo.

e) Cando o Consello da Comisión Nacional da Competencia acorde a práctica de probas ou de actuacións complementarias de acordo co previsto no artigo 51.

f) Cando se produza un cambio na cualificación xurídica da cuestión sometida ao Consello da Comisión Nacional da Competencia nos termos establecidos no artigo 51.

g) Cando se inicien negociacións de cara á conclusión dun acordo de terminación convencional nos termos establecidos no artigo 52.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, acordarase a suspensión do prazo máximo para resolver os procedementos:

a) Cando a Comisión Europea incoara un procedemento de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea en relación cos mesmos feitos. A suspensión levantarase cando a Comisión Europea adopte a correspondente decisión.

b) Cando a Comisión Nacional da Competencia requira aos notificantes para a subsanación de deficiencias, a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios para a resolución do expediente de control de concentracións, segundo o previsto nos apartados 4 e 5 do artigo 55 da presente Lei.

c) Cando se informe á Comisión Europea no marco do previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado con respecto a unha proposta de resolución en aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea.

d) Cando se solicite o informe dos reguladores sectoriais de acordo co establecido no artigo 17.2.c) e d) desta Lei. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses.

3. A suspensión dos prazos máximos de resolución non suspenderá necesariamente a tramitación do procedemento.

4. Excepcionalmente, poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución mediante motivación clara das circunstancias concorrentes. No caso de acordarse a ampliación do prazo máximo, esta non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

5. Contra o acordo que resolva sobre a suspensión ou sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún en vía administrativa.

Artigo 38. Efectos do silencio administrativo.

1. O transcurso do prazo máximo de dezaioito meses establecido no apartado primeiro do artigo 36 para resolver o procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas determinará a caducidade do procedemento.

2. O transcurso do prazo máximo establecido no artigo 36.2.a) desta Lei para a resolución en primeira fase de control de concentracións determinará a estimación da correspondente solicitude por silencio administrativo, salvo nos casos previstos nos artigos 9.5, 55.5 e 57.2.d) da presente Lei.

3. O transcurso do prazo máximo establecido no artigo 36.2.b) desta Lei para a resolución en segunda fase de control de concentracións determinará a autorización da concentración por silencio administrativo, salvo nos casos previstos nos artigos 9.5, 55.5 e 57.2.d) da presente Lei.

4. O transcurso dos prazos previstos no artigo 36.3 e 4 desta Lei para a resolución do ministro de Economía e Facenda sobre a intervención do Consello de Ministros e, no seu caso, para a adopción do correspondente acordo deste último, determinará, de conformidade co previsto no artigo 60.4 desta Lei, a inmediata executividade da correspondente resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

5. O transcurso do prazo previsto no artigo 36.5 desta Lei para que o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolva os recursos contra resolucións e actos da Dirección de Investigación determinará a súa desestimación por silencio administrativo.

6. O transcurso dos prazos previstos no artigo 36.6 e 7 desta Lei para que o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolva en canto a adopción de medidas preventivas ou no marco de expedientes de vixilancia determinará a súa desestimación por silencio administrativo.

SECCIÓN 2.ª FACULTADES DA COMISIÓN NACIONAL DA COMPETENCIA**Artigo 39. Deberes de colaboración e información.**

1. Toda persoa física ou xurídica e os órganos e organismos de calquera Administración Pública quedan suxeitos ao deber de colaboración coa Comisión Nacional da Competencia e están obrigados a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoñan e que poidan resultar necesarias para a aplicación desta Lei. O devandito prazo será de 10 días, salvo que pola natureza do solicitado ou as circunstancias do caso se fixe de forma motivada un prazo diferente.

2. A colaboración, a instancia propia ou a instancias da Comisión Nacional da Competencia, non implicará a condición de interesado no correspondente procedemento.

Artigo 40. *Facultades de inspección.*

1. O persoal da Comisión Nacional da Competencia debidamente autorizado polo director de Investigación terá a condición de axente da autoridade e poderá realizar cantas inspeccións sexan necesarias nas empresas e asociacións de empresa para a debida aplicación desta Lei.

2. O persoal habilitado a tal fin terá as seguintes facultades de inspección:

a) acceder a calquera local, terreo e medio de transporte das empresas e asociacións de empresas e ao domicilio particular dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas,

b) verificar os libros e outros documentos relativos á actividade empresarial, calquera que sexa o seu soporte material,

c) facer ou obter copias ou extractos, en calquera formato, dos devanditos libros ou documentos,

d) reter por un prazo máximo de 10 días os libros ou documentos mencionados na letra b),

e) precintar todos os locais, libros ou documentos e demais bens da empresa durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección,

f) solicitar a calquera representante ou membro do persoal da empresa ou da asociación de empresas explicacións sobre feitos ou documentos relacionados

co obxecto e a finalidade da inspección e gardar constancia das súas respostas.

O exercicio das facultades descritas nas letras a) e e) requirirá o previo consentimento expreso do afectado ou, no seu defecto, a correspondente autorización xudicial.

3. As empresas e asociacións de empresas están obrigadas a someterse ás inspeccións que o director de Investigación autorizara.

4. Se a empresa ou asociación de empresas opuxésense a unha inspección ordenada polo director de Investigación ou existise o risco de tal oposición, este deberá solicitar a correspondente autorización xudicial cando a mesma implique restrición de dereitos fundamentais ao Xulgado do Contencioso-Administrativo, que resolverá no prazo máximo de 48 horas. As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario ao persoal da Comisión Nacional da Competencia para o exercicio das funcións de inspección.

5. Os datos e informacións obtidos só poderán ser utilizados para as finalidades previstas nesta Lei.

Artigo 41. Vixilancia do cumprimento das obrigas, resolucións e acordos.

1. A Comisión Nacional da Competencia vixiará a execución e o cumprimento das obrigas previstas na presente Lei e as súas normas de desenvolvemento así como das resolucións e acordos que se adopten en aplicación desta, tanto en materia de condutas restritivas coma de medidas preventivas e de control de concentracións.

A vixilancia levarase a cabo nos termos que se establezan regulamentariamente e na propia resolución da Comisión Nacional da Competencia ou acordo do Consello de Ministros que poña fin ao procedemento.

A Comisión Nacional da Competencia poderá solicitar a cooperación dos órganos autonómicos de defensa da competencia e dos reguladores sectoriais na vixilancia e cumprimento das obrigas, resolucións e acordos.

2. En caso de incumprimento de obrigas, resolucións ou acordos da Comisión Nacional da Competencia o Consello da Comisión Nacional da Competencia resolverá, a proposta da Dirección de Investigación, sobre a imposición de multas sancionadoras e coercitivas, sobre a adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento e, no seu caso, sobre a desconcentración.

SECCIÓN 3.ª PRINCIPIOS XERAIS DO PROCEDEMENTO**Artigo 42. Tratamento da información confidencial.**

En calquera momento do procedemento, se poderá ordenar, de oficio ou a instancia de parte, que se manteñan secretos os datos ou documentos que consideren confidenciais, formando con eles peza separada, sen prexuízo do establecido no artigo 18 da presente Lei e no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado.

En todo caso, formarase peza separada especial de carácter confidencial coa información remitida pola Comisión Europea en resposta á remisión do borrador de resolución da Comisión Nacional da Competencia previsto no artigo 11.4 do Regulamento 1/2003.

Artigo 43. Deber de segredo.

1. Todos os que tomen parte na tramitación de expedientes previstos nesta Lei ou que coñezan tales expedientes por razón de profesión, cargo ou intervención como parte, deberán gardar secreto sobre os feitos de que tiveran coñecemento a través deles e de cantas informacións de natureza

confidencial tiveran coñecemento no exercicio dos seus cargos, mesmo despois de cesar nas súas funcións.

2. Sen prexuízo das responsabilidades penais e civís que puidesen corresponder, a violación do deber de segredo considerárase sempre falta disciplinaria moi grave.

Artigo 44. *Arquivo das actuacións.*

A Comisión Nacional da Competencia poderá non iniciar un procedemento ou acordar o arquivo das actuacións ou expedientes incoados por falta ou perda de competencia ou de obxecto. En particular, considerárase que concorre algunha destas circunstancias nos seguintes casos:

a) Cando a Comisión Nacional da Competencia non sexa competente para axuizar as condutas detectadas ou denunciadas en aplicación do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, ou déanse as circunstancias previstas neste para a desestimación de denuncias.

b) Cando a operación notificada non sexa unha concentración suxeita ao procedemento de control pola Comisión Nacional da Competencia previsto na presente Lei.

c) Cando a concentración notificada sexa remitida á Comisión Europea en aplicación do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas.

d) Cando as partes dunha concentración desistan da súa solicitude de autorización ou a Comisión Nacional da Competencia teña información fidedigna de que non teñen intención de realizala.

Artigo 45. *Supletoriedade da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Os procedementos administrativos en materia de defensa da competencia rexeranse polo disposto nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento e, supletoriamente, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do previsto no artigo 70 desta Lei.

Artigo 46. *Prexudicialidade do proceso penal.*

A existencia dunha cuestión prexudicial penal da que non poida prescindirse para ditar a resolución ou que condicione directamente o

contido desta determinará a suspensión do procedemento mentres aquela non sexa resolta polos órganos penais a quen corresponda.

SECCIÓN 4.ª DOS RECURSOS

Artigo 47. Recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.

1. As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.

2. O Consello inadmitirá sen máis trámite os recursos interpostos fora de prazo.

3. Recibido o recurso, o Consello porá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días.

Artigo 48. Recursos contra as resolucións e actos ditados polo presidente e polo Consello da Comisión Nacional da Competencia.

1. Contra as resolucións e actos do presidente e do Consello da Comisión Nacional da Competencia non cabe ningún recurso en vía administrativa e só poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Nos supostos previstos no apartado 6 do artigo 58 desta Lei, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo contarase a partir do día seguinte ao da notificación da resolución do ministro de Economía e Facenda ou do Acordo de Consello de Ministros ou do transcurso dos prazos establecidos nos apartados 3 ou 4 do artigo 36 desta Lei, unha vez que a resolución do Consello da Comisión Nacional da Competencia sexa eficaz, executiva e poña fin á vía administrativa.

CAPÍTULO II

Do procedemento sancionador en materia de condutas prohibidas

SECCIÓN 1.ª DA INSTRUCCIÓN DO PROCEDUREMTO

Artigo 49. Iniciación do procedemento.

1. O procedemento iníciase de oficio pola Dirección de Investigación, xa sexa a iniciativa propia ou do Consello da Comisión Nacional da Competencia ou ben por denuncia. Calquera persoa física ou xurídica, interesada ou non, poderá formular denuncia das condutas reguladas por

esta Lei, co contido que se determinará regulamentariamente. A Dirección de Investigación incoará expediente cando se observen indicios racionais da existencia de condutas prohibidas e notificará aos interesados o acordo de incoación.

2. Ante a noticia da posible existencia dunha infracción, a Dirección de Investigación poderá realizar unha información reservada, mesmo con investigación domiciliaria das empresas implicadas, co fin de determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación do expediente sancionador.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta da Dirección de Investigación, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 desta Lei e o arquivo das actuacións cando considere que non hai indicios de infracción da Lei.

Artigo 50. Instrución do expediente sancionador.

1. A Dirección de Investigación, unha vez incoado o expediente, practicará os actos de instrución necesarios para o esclarecemento dos feitos e a determinación de responsabilidades.

2. A empresa ou asociación de empresas que invoque o amparo do disposto no apartado 3 do artigo 1 desta Lei deberá achegar a proba de que se cumpren as condicións previstas no devandito apartado.

3. Os feitos que poidan ser constitutivos de infracción recolleranse nun prego de concreción de feitos que se notificará aos interesados para que, nun prazo de quince días, poidan contestalo e, no seu caso, propoñer as probas que consideren pertinentes.

4. Practicados os actos de instrución necesarios, a Dirección de Investigación formulará proposta de resolución que será notificada aos interesados para que, en no prazo de quince días, formulen as alegacións que teñan por convenientes.

5. Unha vez instruído o expediente, a Dirección de Investigación remitirao ao Consello da Comisión Nacional da Competencia, acompañado dun informe no que se incluírá a proposta de resolución, así como, nos casos nos que proceda, proposta relativa á exención ou á redución de multa, de acordo co previsto nos artigos 65 e 66 desta Lei.

SECCIÓN 2.ª DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 51. *Procedemento de resolución ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia.*

1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá ordenar, de oficio ou a instancia de algún interesado, a práctica de probas distintas das xa practicadas ante a Dirección de Investigación na fase de instrución así como a realización de actuacións complementarias co fin de aclarar cuestións precisas para a formación do seu xuízo. O acordo de práctica de probas e de realización de actuacións complementarias notificarase aos interesados, concedéndose un prazo de sete días para formular as alegacións que teñan por pertinentes. O devandito acordo fixará, sempre que sexa posible, o prazo para a súa realización.

2. A Dirección de Investigación practicará aquelas probas e actuacións complementarias que lle sexan ordenadas polo Consello da Comisión Nacional da Competencia.

3. A proposta dos interesados, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá acordar a celebración de vista.

4. Cando o Consello da Comisión Nacional da Competencia estime que a cuestión sometida ao seu coñecemento puidese non ser cualificada debidamente na proposta da Dirección de Investigación, someterá a nova cualificación aos interesados e a esta para que no prazo de quince días formulen as alegacións que consideren oportunas.

5. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, conclusas as actuacións e, no seu caso, informada a Comisión Europea de acordo co previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado, ditará resolución.

Artigo 52. *Terminación convencional.*

1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, a proposta da Dirección de Investigación poderá resolver a terminación do procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede garantido suficientemente o interese público.

2. Os compromisos serán vinculantes e produciran plenos efectos unha vez incorporados a resolución que poña fin ao procedemento.

3. A terminación do procedemento nos termos establecidos neste artigo non poderá acordarse unha vez elevado o informe proposta previsto no artigo 50.4.

Artigo 53. Resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia.

1. As resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia poderán declarar:

a) A existencia de condutas prohibidas pola presente Lei ou polos artigos 81 e 82 do Tratado CE.

b) A existencia de condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de xeito significativo a competencia.

c) Non resultar acreditada a existencia de prácticas prohibidas.

2. As resolucións do Consello da Comisión Nacional da Competencia poderán conter:

a) A orde de cesación das condutas prohibidas nun prazo determinado.

b) A imposición de condicións ou obrigas determinadas, xa sexa estruturais ou de comportamento.

As condicións estruturais só poderán impoñerse en ausencia doutras de comportamento de eficacia equivalente ou cando, a pesar de existir condicións de comportamento, estas resulten máis gravosas para a empresa en cuestión que unha condición estrutural.

c) A orde de remoción dos efectos das prácticas prohibidas contrarias ao interese público.

d) A imposición de multas.

e) O arquivo das actuacións nos supostos previstos na presente Lei.

f) E calquera outras medidas a adopción das cales lle autorice esta Lei.

3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá proceder, a proposta da Dirección de Investigación, que actuará de oficio ou a instancia de parte, á revisión das condicións e das obrigas impostas nas súas resolucións cando se acredite unha modificación substancial e permanente das circunstancias tidas en conta ao ditalas.

4. O Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá, de oficio ou a instancia de parte, aclarar conceptos escuros ou suplir calquera omisión que conteñan as súas resolucións.

As aclaracións ou adicións poderán facerse dentro dos cinco días hábiles seguintes á notificación da resolución ou, no seu caso, á petición de aclaración ou adición, que deberá presentarse dentro do prazo improrrogable de tres días seguintes ao da notificación.

Os erros materiais e os aritméticos poderán ser rectificadas en calquera momento.

SECCIÓN 3.ª DAS MEDIDAS PREVENTIVAS

Artigo 54. Adopción de medidas preventivas.

Unha vez incoado o expediente, o Consello da Comisión Nacional da Competencia poderá adoptar, de oficio ou a instancia de parte, a proposta ou previo informe da Dirección de Investigación, as medidas preventivas necesarias tendentes a asegurar a eficacia da resolución que no seu momento se dite.

CAPÍTULO III

Do procedemento de control de concentracións económicas

SECCIÓN 1.ª DA NOTIFICACIÓN

Artigo 55. Notificación de concentración económica.

1. O procedemento de control de concentracións económicas iniciarase unha vez recibida en forma a notificación da concentración de acordo co formulario de notificación establecido regulamentariamente.

2. Con carácter previo á presentación da notificación poderá formularse consulta á Comisión Nacional da Competencia de :

a) se unha determinada operación é unha concentración das previstas no artigo 7,

b) se unha determinada concentración supera os limiares mínimos de notificación obrigatoria previstos no artigo 8.

3. Ante o coñecemento da posible existencia dunha concentración suxeita a control, a Dirección de Investigación poderá realizar actuacións previas co fin de determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias para a súa notificación obrigatoria de acordo co artigo 9.

4. A Comisión Nacional da Competencia poderá requirir ao notificante para que nun prazo de 10 días emende calquera falta de información ou de documentos preceptivos e complete o formulario de notificación.

En caso de non se producir a subsanación dentro de prazo, terase o notificante por desistido da súa petición, podendo proceder a Comisión Nacional da Competencia ao arquivo das actuacións.

5. A Comisión Nacional da Competencia poderá requirir en calquera momento do procedemento á parte notificante para que, nun prazo de dez días, achegue documentos ou outros elementos necesarios para resolver.

En caso de que o notificante non cumpra o requirimento ou o faga fóra do prazo establecido ao efecto, non se beneficiará do silencio positivo previsto no artigo 38.

6. En calquera momento do procedemento, a Comisión Nacional da Competencia poderá solicitar a terceiros operadores a información que

considere oportuna para a axeitada valoración da concentración. Así mesmo, poderá solicitar os informes que considere necesarios para resolver calquera organismo da mesma ou distinta Administración.

Artigo 56. *Formulario abreviado de notificación.*

1. Poderase presentar un formulario abreviado de notificación, que será establecido regulamentariamente, para o seu uso, entre outros, nos seguintes supostos:

a) Cando non exista solapamento horizontal ou vertical entre as partes da operación porque ningunha delas realice actividades económicas no mesmo mercado xeográfico e de produto de referencia ou en mercados relacionados de modo ascendente ou descendente dentro do proceso de produción e comercialización.

b) Cando a participación das partes nos mercados, pola súa escasa importancia, non sexa susceptible de afectar significativamente a competencia, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

c) Cando unha parte adquira o control exclusivo dunha ou varias empresas ou partes de empresa sobre a cal ten xa o control conxunto.

d) Cando, tratándose dunha empresa en participación, esta non exerza nin previra exercer actividades dentro do territorio español ou cando as devanditas actividades sexan marxinais.

